

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP PLURILINGÜE Nº 2 TUI

36009895

ceip.numero2.tui@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnumero2tui>

2024-2025

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	5
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO	7
3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN	9
4. RECURSOS PREVISTOS	9
5. SITUACIÓN DO CENTRO/PLANO	10
6. CONCRECIÓN/MODIFICACIÓN ANUAL DO PE	12
6.1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DO CENTRO	12
6.2. DATOS DO CENTRO	13
6.3. EQUIPO DOCENTE	14
6.4. HORARIOS	14
6.5. REVISIÓN DE DOCUMENTOS	15
7. PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DA ATENCIÓN NEAE	16
7.1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	17
7.2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES	18
7.3. OBXECTIVOS DO PXAD DESTE CURSO 24/25	20
7.4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	21
7.5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS	23
7.6. ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	25
7.7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS E DE ADCRIPCIÓN	34
7.8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS/PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO	36
7.9. PROTOCOLO PARA A SOLICITUDE E REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA	37
7.10. SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN	38
8. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA DO CENTRO	41
8.1. DATOS ESTATÍSTICOS DO ALUMNADO	41

8.2. ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CENTRO	42
8.3. PLAN E PROGRAMAS: PROA+ / PROXECTO LECTOR/ TIC-PLAN DIXITAL-EDIXGAL-POLOS CREATIVOS/VOZ NATURA/PROXECTA	78
8.4. ORGANIZACIÓN, AGRUPAMENTO DO ALUMNADO, TITORÍAS, CALENDARIO DE XUNTANZAS	96
8.5. HORARIOS	101
9. PLAN DE ACTUACIÓN ORGANOS COLEXIADOS E EQUIPO DIRECTIVO	102
9.1. ESTRUCTURACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO	102
9.2. SISTEMA DE TRABALLO APOIANDO PROGRAMAS DE INNOVACIÓN	102
9.3. COORDINACIÓN E PRESENZA NAS DISTINTAS XUNTANZAS E DINAMIZACIÓNS	103
9.4. RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA	103
9.5. MELLORAS NO CENTRO	104
10. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO	105
10.1. CALENDARIO ESCOLAR	105
10.2. CUADRO HORARIO LECTIVO EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA	106
10.3. HORARIO ACADÉMICO POR ÁREAS	106
10.4. HORARIO DE ACTIVIDADES LECTIVAS DO ALUMNADO	107
10.5 HORARIO DO PROFESORADO	107
10.6. HORARIO DO CENTRO	109
10.7. AVALIACIÓNS	110
11. QUENDA DE VIXIANCIA DOS RECREOS	111
12. CALENDARIO DE XUNTANZAS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO: CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR	113
13. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE XUNTANZAS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	114
13.1. PROFESORADO (DEDICACIÓN POLAS TARDES)	114
13.2. XUNTANZAS DOS PROFESORES/AS TITORES/AS COS PAIS/NAIS OU TITORES LEGAIS	

	114
14. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN	116
15. ADENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO E ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	118
16. ADENDA DO PROXECTO PLURILINGÜE	120
17. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR	122
18. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	122
19. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN: CONCRECIÓN DE NORMAS, DISCIPLINAS E SEGURIDADE	130
20. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	134
21. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	135
22. POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA	136
23. PLAN DO ALUMNADO DE TRANSPORTE ESCOLAR. GARDAS PROFESORADO	138
24. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR	139
25. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	143
26. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	144
27. PLAN DE ACTIVIDADES. PROPOSTAS DA ANPA	146
28. PLAN ANUAL DE LECTURA	147
29. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC	153
ANEXO I : LISTADO LIBROS DE TEXTO 24-25	163
ANEXO II: PLAN DE IGUALDADE	166
ANEXO III: PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA	172
ANEXO IV: ACTAS: APROBACIÓN DA PXA CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR	186

1. INTRODUCCIÓN

Nesta Programación Xeral Anual pretendemos recoller, xunto coa información relativa ao noso centro, os traballos, actividades, estratexias, medios, etc., ademais do compromiso de aproveitar todos os recursos para acadar unha educación de calidade que integre a toda a comunidade escolar.

O CEIP Plurilingüe Nº 2 de Tui está formado por alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil e toda a Educación Primaria. En total, 330 nenos e nenas procedentes do casco urbano e da zona rural da área de influencia; atendidos por 28 mestres/as con xornada completa e 1 mestre que ven 5 horas de apoio a dirección. Este curso contamos con 9 alumnos/as menos.

De maneira xeral podemos salientar aspectos como:

- Este curso continuamos a dar resposta as etapas da Educación Infantil e Primaria, co fin de garantir unha formación integral do alumnado, para contribuír ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Ás dinámicas de traballo, metodoloxías, actividades irán encamiñadas a fomentar a aprendizaxe cooperativa, as relacións sociais e a interrelación entre toda a comunidade educativa.
- Continuamos co ensino da primeira lingua estranxeira en Educación Infantil o que levamos facendo dende hai moitos anos, pese a contar con pouco profesorado de lingua inglesa.
- Continuaremos coa posta en práctica do Proxecto Lector, Plan TIC e Plan Dixital de Centro, así como a integración de Polos Creativos. Tamén poñemos en práctica este ano, por décimo quinto ano consecutivo, o Plan de Mellora da Biblioteca Escolar cunha dotación económica e un grupo numeroso de profesorado participante. Deixamos de ser centro ABALAR pois todo o alumnado de 3º ciclo da EP participa no programa E-DIXGAL (é o quinto curso no que participa o alumnado). Continuamos, por décimo terceiro ano, sendo centro PLURILINGÜE. Tamén participamos no Plan Proxecta (Aliméntate ben, Proxecto de vida Activa e Saudable e Recíclate con SOGAMA).
- Durante este curso, a partires do 11 de setembro funcionan o comedor escolar, na modalidade de catering e tamén as aulas matinal e de tarde xestionados pola ANPA “As Olivas”, empregando dous espazos para o comedor:
 - Comedor vello para o alumnado de Ed. Infantil.



- Comedor novo para o alumando de Ed. Primaria.
- O CEIP PLURILINGÜE Nº 2 está aberto á formación de profesores/as e, normalmente, cada primeiro trimestre de curso e no mes de febreiro, temos alumnos/as de maxisterio que veñen facer as prácticas nas diversas especialidades: Ed. Infantil, Ed. Primaria, Ed. Musical, Ed. Física, PT, AL etc.
- Un importante número de mestres/as participa na Dinamización da Biblioteca escolar do cole que estará colaborando estreitamente e mantendo reunións conxuntas co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Salientar que varios mestres/as solicitaron diversos cursos ou xornadas, segundo os seus intereses, dos Plans de Formación do Profesorado organizados polo Centro de Formación e Recursos de Vigo.
- O horario de atención ao público na secretaría farase durante o horario de mañá de 09:15 a 14:00 h.
- A entrada do alumnado é as 9:15h. O alumnado de Educación Infantil accede ao centro polo acceso a súa zona escolar e o alumnado de Educación Primaria accede pola porta traseira do edificio principal, a carón do ximnasio. O recreo é un momento compartido no espazo do colexio situado na parte traseira do edificio principal, a carón do ximnasio e pistas deportivas. Resérvase o parque e areeiro para o alumnado de infantil.
- Ademais, este curso, ao igual que o pasado, cumprindo a orde publicada o 30 de xuño de 2011, nos días lectivos haberá profesorado de garda para custodiar aos nenos e nenas que utilizan o transporte escolar no seguinte horario: 08:55 – 09:15 e 14:15 – 14:35 h.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO

- Potenciar un bo clima de convivencia no Centro en referencia a toda a Comunidade Educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente).
- Implicar ás nais/pais no proceso educativo dos seus fillos/as
- Crear un bo ambiente de traballo e relacións humanas afectivas no profesorado, que repercute en toda a Comunidade Educativa.
- Estimular o traballo en grupo dos membros do Claustro como medio para lograr unha efectiva organización e coordinación.
- Desenvolver e cumprir as Normas de Organización e Funcionamento adaptadas á realidade do Centro.
- Revisar e continuar coa aplicación do Plan de Convivencia, adaptado ao Decreto 8/2015 que desenvolve a LEI DE CONVIVENCIA e participación na comunidade educativa en materia de convivencia escolar, así como o Plan de Benestar.
- Apoiar a diversidade do alumnado, establecendo medidas de apoio e propostas de mellora.
- Desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro, continuando coas modificacións na distribución do horario lectivo do alumnado (6 períodos lectivos, un deles para lectura).
- Promover a Innovación Educativa no proceso de ensinanza-aprendizaxe a través das TICs e fomentar o uso das novas tecnoloxías entre toda a comunidade educativa. O alumnado de 5º e 6º EP utiliza material dixital dentro do programa E-DIXGAL.
- Mellorar a dotación de material e equipamentos do Centro. En especial o referido á substitución da carpintería exterior de aluminio, remodelación dos servizos e adquisición do material informático necesario.
- Atender ás necesidades do Centro e mellorar as deficiencias que presentan algunhas instalacións, actuando en instalacións e equipamentos do centro, dando resposta ao plan de riscos laborais realizado en de xuño do 2023, que emitiu informe de deficiencias e prioridades para a conservación e bo funcionamento do mesmo.
- Facilitar e potenciar a formación do profesorado.
- Apoiar e dinamizar o funcionamento da ANPA.
- Establecer canles comunicativos entre a Comunidade Educativa e a Administración (Concello de Tui, Consellería).

- Integrar o traballo dos distintos equipos para o desenvolvemento do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- Participación e colaboración de toda a comunidade escolar nas actividades organizadas polo propio colexio ou por outras entidades públicas ou privadas, sempre que se consideren positivas para a formación integral dos alumnos/as e sexan compatibles co currículo escolar.
- Programación, por parte do Equipo de Biblioteca, de diversas actividades orientadas a fomentar a lectura, e melloras no funcionamento da mesma, contando coa colaboración de todo o profesorado.
- Dinamizar a Radio Escolar dentro do horario lectivo .
- Actualización e mellora dos contidos da páxina web do centro e elaboración dunha base de datos que faga posible un mellor coñecemento do colexio e os seus servizos.
- Fomento do emprego do galego nas relacións cotiás da vida escolar.
- Levar á práctica Programas de Habilidades Sociais, Resolución de Conflitos ou similares en Educación Primaria, coa colaboración e coordinación da orientadora do centro, para mellorar a convivencia escolar.
- Fomento dos hábitos saudables de limpeza e hixiene entre o alumnado, procurando tanto a propia limpeza corporal como o coidado das distintas dependencias do Centro (aulas, patio de xogo...)
- Fomento de hábitos de vida saudables potenciando unha alimentación sa, favorecendo a actividade física, relaxación....
- Fomento na Comunidade Escolar de hábitos de respecto á Natureza, potenciando o reciclado de papel, vidro, pilas, latas, aceites, teléfonos móbiles... Participando en programas de sensibilización dos problemas do medio ambiente.
- Potenciación da participación dos docentes en Proxectos de Formación do Profesorado no Centro, seminarios, grupos de traballo, cursos de formación organizados polo CFR, xornadas, ...
- Potenciar o intercambio de boas prácticas con centros educativos do noso país e con outros países.

3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

O Equipo Directivo traballará para que os obxectivos propostos se acaden ao longo do presente curso escolar, realizando:

- Xestións coas administracións públicas (Consellería de Educación, Concello de Tui, Ministerio de Educación, Xefatura Territorial Pontevedra...) para conseguir melloras nas instalacións e formación do noso alumnado.
- Coordinación do traballo en equipo do profesorado en beneficio da calidade do ensino.
- Traballando coa ANPA “As Olivas” para mellorar o clima de entendemento entre os distintos estamentos da comunidade escolar.
- Xestionando coa policía municipal e garda civil unha mellora na vixilancia do recinto escolar.
- Solicitudes para dotación de material e mobiliario.
- Conversas co Concello de Tui encamiñadas a conseguir unha maior implicación en funcións que son da súa competencia (limpeza, mantemento e vixilancia do centro educativo) e, incluso, na medida das posibilidades do concello, melloras no colexio.
- Potenciar a participación en plans, programas e proxectos que supoñan un enriquecemento para o noso alumnado.

4. RECURSOS PREVISTOS

Contamos cos seguintes recursos persoais:

- Equipo docente, con gran motivación e implicación, formado por:
 - 28 mestres/as a tempo completo.
 - Unha mestra, con centro base CEIP García Barbón de Vigo e que itinera ao noso centro un día á semana.
- Persoal non docente contratado pola Consellería de Educación:
 - Unha ATE de atención asistencial a diverso alumnado a tempo completo e outro a tempo parcial.
 - Un administrativo.
- Outro persoal:
 - Monitoras do comedor escolar (5 ou 6) empregadas de ARUME.

- Monitores de actividades das tardes empregadas de MATRACALA.
- Monitores da aula matinal e de tarde contratadas pola ANPA.
- Persoal de Limpeza contratado pola empresa que obtivo o concurso do Concello de Tui.

Recursos materiais: dentro dos orzamentos anuais do Centro, haberá distintas partidas para poder facer fronte aos gastos económicos que poidan ser necesarios para acadar os obxectivos propostos: materiais funxibles, material bibliográfico, materiais para pequenas reparacións e arranxos, xogos, fotocopias... De realizarse, colaboración coa ANPA e Concello para a construción dun cuberto entre secretaría e o novo comedor escolar.

O Centro, poñerá ao servizo da comunidade educativa as instalacións e todo tipo de material audiovisual e TIC, necesarios en prol da mellora da calidade do ensino.

5. SITUACIÓN DO CENTRO / PLANO

O CEIP PLURILINGÜE Nº 2 de Tui atópase no centro da cidade de Tui. Tui é unha cidade de 17.000 habitantes enclavada no Baixo Miño e fronteiriza con Portugal. O noso centro recibe nenos e nenas do casco urbano e de dúas parroquias das que forman o concello.

No recinto escolar, que podemos considerar amplo, quedan diferenciados varios espazos:

- Edifícios (para a labor docente, secretaría, casa do conserxe que foi acondicionada e ampliada para o novo comedor escolar, casa para actividades tardes, ximnasio e almacén). Separado está o edificio do conservatorio, aínda que o aparcadoiro de arriba que ten o colexio, o compartimos.
- Patio e pistas para o espallamento do alumnado no recreo e actividades deportivas.
- Tres aparcadoiros: un para o bus escolar, outros para o profesorado (un xunto secretaría para uso exclusivo do profesorado do centro e o outro compartido conxuntamente co profesorado do Conservatorio de Música).

Dentro do edificio principal, nos que se atopan as aulas, encontramos 2 plantas:

AULAS NA PLANTA BAIXA DO EDIFICIO PRINCIPAL

- 5 aulas de Ed. Infantil + 1 uso común



- 4 aulas do 1º Ciclo de Ed. Primaria.
- 1 espazo para comedor escolar e aula matinal.
- Dúas zonas comúns en 1º e 2º EP
- 1 aula na zona de Ed. Infantil para desdobres.
- Biblioteca.
- Salón de actos.
- Almacén
- Titoría

AULAS NA PLANTA ALTA DO EDIFICIO PRINCIPAL

- 4 aulas do 2º Ciclo de Ed. Primaria.
- 5 aulas do 3º Ciclo de Ed. Primaria.
- 2 aulas de NEAE (unha para P.T. e outra para A.L.)
- 1 aula de música.
- 1 aula de informática.
- 1 aula de idioma.
- 1 aula Arts & Crafts.
- 1 aula club de ciencias.
- 1 aula pequena para atención educativa.
- Tres titorías, unha do segundo ciclo, outra do terceiro e outra de idioma (inglés).

PLANO DO CENTRO



6. CONCRECIÓN/ MODIFICACIÓN ANUAL DO PE

A última redacción do PEC foi en 2012. Pretendemos traballar aumentando a cohesión dos diferentes documentos do centro. Seguiremos desenvolvendo o Plan de Igualdade e trataremos de impulsar o Plan de Convivencia procurando aumentar o benestar emocional de todas e todos, promovendo a tolerancia, a aceptación das diferencias e valorando a todas as persoas independentemente das súas circunstancias.

Neste apartado facemos mención as instalacións, equipamentos, datos e revisión de documentos do Centro e ás Normas de Organización e Funcionamento.

6.1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DO CENTRO

O centro ten 50 anos de funcionamento e sempre está precisando actualizacións e modernización das instalacións.

Dado o gran número de nenos/as son moi frecuentes as necesidades de información, consulta das familias polo que, unido á demanda de cuestionarios e informes desde a administración educativa, requírese unha dedicación e formación continuadas.

Durante o verán, houbo diversas actuacións por parte do Concello, aínda que quedan por solventar outras. Informando ao Concello das deficiencias máis perentorias do Centro, realizáronse as seguintes:

- Baños da planta baixa correspondente a primeiro de Educación Primaria.
- Pintura en 2 aulas da zona de Educación Infantil, 4 aulas de primeiro ciclo e as súas respectivas zonas comúns e, no primeiro piso, pintado de 6 aulas (4 aulas de Educación Primaria, a aula do Club de Ciencias e AL), así como pintado exterior do ximnasio e da fachada da zona de secretaría onde se realizaran actos de vandalismo durante o verán.
- Limpeza da titoría de Infantil.
- Acondicionamentos luminarias de aulas, enchufes e tomas novas, ...
- Colocación de colgadoiros, baldas, corcheiras...
- Mantemento de persianas.
- Acondicionamento da valla do parque da zona de Educación Infantil.
- Corte de herba e poda das árbores.

- Colocación de focos para evitar os actos vandálicos que prodúcense cada fin de semana.

Quedan pendentes ademais numerosas obras coma a mellora do saneamento do patio, construcións dunha cuberta entre secretaría e comedor escolar novo, ampliación da cuberta realizada, arranxo de arquetas, reparación da casiña de barro, pintado das pistas exteriores deportivas...

Por parte da Consellería e do Concello é preciso continuar coa substitución da carpintería exterior de aluminio, a substitución do falso teito do edificio da secretaría e o arranxo dos servizos das zonas de Educación Primaria e Educación Infantil que quedaron sen actualizar (pintado de corredores e colocación de baldosas).

Precisamos continuar mellorando o acceso peonil nas beirarrúas do cole ampliando anchura e eliminando barreiras arquitectónicas, acceso de subida á planta alta e cuberto na Zona de almacén de Primaria, así como a renovación dos baños da primeira planta correspondentes ao terceiro ciclo de Primaria.

Resulta imprescindible que a Policía Local, de cando en vez, controle o tráfico nas entradas e saídas e tamén o acceso ao recinto escolar polas tardes e nas fines de semana.

En canto ao transporte escolar, a empresa de transporte, ao igual que os dous cursos pasados, está a realizar o transporte independente para o CEIP Nº 1 e o noso centro.

Destacar que quedan pendentes por parte do Concello e da Consellería todas aquelas reformas e melloras, que tras a avaliación de riscos laborais por parte da Consellería resultaron dun grado alto e/ou moderado de risco.

Realizaremos a solicitude de petición de material e mobiliario por reposición no mes de outubro de 2024.

6.2. DATOS DO CENTRO

- **Denominación:** CEIP PLURILINGÜE Nº 2, en funcionamento desde 1973-74 (febreiro de 1974).
- **Adscrito** ao IES San Paio de Tui.
- **Código:** 36009895
- **Enderezo:** Avda. Concordia s/n. C.P.: 36.700 Tui (Pontevedra).
- **Teléfono / Fax:** 886120057 / 886120058.
- **Páxina Web:** <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero2tui/>

- **Niveis educativos:** Segundo Ciclo da Ed. Infantil e toda a Ed. Primaria
- **Correo electrónico:** ceip.numero2.tui@edu.xunta.gal
- **Matrícula** (datos a comezo de curso)

	Nº UNIDADES	Nº ALUMNOS/AS
2º C. ED.INF	5	82
1º ED. PRI.	2	25
2º ED. PRI.	2	48
3º ED PRI.	2	31
4º ED PRI.	2	37
5º ED PRI.	2	47
6º ED PRI.	3	60
TOTAL	18	330

6.3. EQUIPO DOCENTE

Na última revisión de 2022, modificouse o catálogo de unidades e postos de traballo do centro: perdéramos unha unidade de Ed. Primaria e un docente nesta etapa educativa. De todos modos, hai mobilidade do profesorado (provisional e interino) o que dificulta a continuidade do ciclo e a labor titorial.

En total, 29 mestres e mestras entre titores, especialistas, e profesora de Relixión con horario completo atenden a todo o alumnado. Ademais contamos con un docente de apoio, un especialista de música cun horario de 6 horas docentes, compartido co CEIP García Barbón, centro base da docente).

Participamos na convocatoria do Programa para a Orientación, avance e enriquecemento educativo (Programa PROA+) enmarcado dentro do Plan de Mellorar Educativa de Galicia (Plan MEGA). Esta actividade de reforzo docente correspóndese coa actividade panca 230 do catálogo de actividades no marco do programa PROA+, obrigatoria para o período 2024-2026. Agardamos á resolución.

6.4. HORARIOS

Horario lectivo: xornada única de mañá: 09:15 a 14:15 h: Clases para todo o alumnado.



- Co fin de ter máis organizada a saída do alumnado de Infantil, seguimos realizando a saída escalonada (14:00h. para 3 anos; 14:05h. para 4 anos e 14:10h. para 5 anos).

O horario de custodia dos alumnos e alumnas de transporte é de 08:55 ata o inicio das clases nas entradas e, nas saídas, de 14:15 a 14:35 h.

Actividades complementarias e extraescolares, organizadas pola ANPA:

- Desde o 1º día de clase (11-09-24) funcionan aulas matinal, de tarde e comedor escolar.
- Desde outubro 2024 funcionan as actividades xestionadas pola ANPA e que contrata con MATRACALA.
- O alumnado de transporte escolar é recollido no patio polo profesorado de garda e levado zona de entrada que lles corresponde polo seu curso diante do ximnasio.
- Organización das entradas:
 - o En Ed. Infantil, dada a proximidade das aulas ao lugar da formación das filas, o alumnado entra en filas controlado polo profesorado que ten clase na 1ª sesión.
 - o En Ed. Primaria, os alumnos e alumnas entran en filas, cada grupo desde a súa zona de entrada controlados polo profesorado que ten garda de recreo e son acompañados polo docente que ten clase nese período lectivo (1ª ou 4ª sesión) que irá a buscalos para entrar.
- O alumnado da aula matinal incorpórase ás filas de entrada correspondente acompañados polos monitores da aula matinal. O alumnado da zona de EI accederá pola cancela desde o corredor principal da planta baixa.
- Nas saídas, o alumnado de 5º e 6º de EP pode marchar só para a súa casa ou da parada de bus se a súa familia así o autoriza nun documento facilitado a comezo do curso escolar. O resto do alumnado terá que ter autorización para ser recollidos por outras persoas, tamén poden ser os irmáns de 5º e 6º EP. Todo atendendo ás instrucións da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos.

6.5. REVISIÓN DE DOCUMENTOS

Trala elaboración do Plan de Estratéxico de Mellora (PEM), o Plan Dixital do Centro e o Plan de Benestar, propoñémonos seguir co seu desenvolvemento.



7. PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DA ATENCIÓN NEAE.

“Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade non é unha opción, é un dereito”

CORAL ELIZONDO

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Debemos considerar que todas as persoas somos diferentes á hora de aprender, xa que mostramos diversos intereses, estilos de aprendizaxe e motivacións. Nas nosas aulas atopámonos cunha diversidade de alumnos e alumnas que amosan unha gran variedade de aptitudes, actitudes, aficións... e que constitúen un colectivo heteroxéneo con características individuais derivadas de factores persoais, sociais ou outros, que van poden causar necesidades educativas diferentes. Os centros escolares e os docentes temos o reto de atender esta diversidade do alumnado desenvolvendo estratexias metodolóxicas que proporcionen unha educación o máis personalizada posible.

O ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO

Este concepto de alumnado con necesidade específica de apoio educativo, fai referencia a aqueles alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar:

- Necesidades educativas especiais.
- Retraso madurativo.
- Trastornos no desenvolvemento da linguaxe e na comunicación.
- Trastornos da atención ou de aprendizaxe.
- Altas capacidades intelectuais.
- Por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe.
- Incorporación tardía ao sistema educativo.
- Condicións persoais ou de historia escolar.
- Por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa.

PLAN ANUAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

7.1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Nos últimos tempos somos cada vez máis conscientes de que cada un dos nosos alumnos e cada unha das nosas alumnas é diferente e de que nas nosas aulas non existe, a día de hoxe, un alumno tipo, senón que cada neno é singular e único. Deste xeito, cada alumno/a debe ser considerado individualmente á hora de planificar e levar a cabo o seu proceso de ensino-aprendizaxe, de forma que *educar na diversidade* conleve ensinar a cada un deles segundo as súas características, establecendo todos os mecanismos e usando todos os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado. Para elo rexirémonos pola seguinte normativa:

- DECRETO 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Ley orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Ley orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

O documento onde se concretan todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro realiza para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do noso alumnado é o Plan Xeral de Atención á Diversidade. Neste apartado da PXA concretamos o desenvolvemento do plan durante o presente curso.

Datos numéricos e casuística do alumnado con necesidade específica de apoio educativo neste ano académico 2024 / 25:

Datos numéricos de alumnado por nivel / Datos numéricos de ANEAE por nivel (mes de setembro).

Nivel/Etapa	Nº total alumnos/as Nivel	NEAE							
		NEE	R M	TL C	TAA	AA CC	DGLA	IT	CP/HE/VS
4º EI	25								
5º EI	23	1	1						3
6º EI	34	1		1					20
1º EP	25	2							11
2º EP	48	1		2		1			16
3º EP	31	2				1			12
4º EP	37	3			3	1			5
5º EP	47	2			3	1			9
6º EP	61	2			6			2	8
TOTAL	325	14	1	3	12	4	0	2	84

7.2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A detección e valoración das necesidades realizámola mediante as seguintes actuacións do **proceso de avaliación:**

Avaliación inicial:

O primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realiza unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación inclúe a análise dos informes persoais anteriores correspondentes ao seu alumnado e complétase coa información obtida das familias.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Avaliación continua:

A avaliación continua ten carácter formativo e permite incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo para todo o alumnado en función das necesidades que deriven da mesma. Estas medidas adoptarámoslas desde o momento en que se identifiquen e en calquera momento do curso, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Sesións de avaliación:

Nas sesións de avaliación valoraremos as aprendizaxes acadadas por cada alumna e cada alumno, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e, se é o caso, o resultado das medidas de atención á diversidade adoptadas ou que se deberían adoptar.

Avaliacións individualizadas:

Realizaranse en función do disposto na derradeira lexislación educativa. Terán carácter informativo e orientador.

Avaliación Psicopedagóxica:

Proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensinanza e aprendizaxe, co fin de identificar as necesidades educativas que poda presentar o alumnado e poder fundamentar as correspondentes propostas e decisións.

Realizaremos avaliación psicopedagóxica cando concorra algunha das situacións seguintes:

- Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte ao desenvolvemento xeral e/ou a aprendizaxe.
- Debamos completar os resultados da avaliación inicial.
- Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade.
- Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios.
- Considérase necesario elaborar un ditame de escolarización.

7.3. OBXECTIVOS DO PXAD DESTE CURSO 24-25

- Posibilitar o acceso ao currículo ordinario de todo o alumnado do centro.
- Desenvolver ao máximo as capacidades individuais dos nosos alumnos e das nosas alumnas.
- Servir de referente no deseño de respostas educativas para aquelas nenas e aqueles nenos con necesidade específica de apoio educativo.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa a todo o alumnado.
- Realizar un seguimento individualizado do alumnado que o precise co fin de introducir as debidas modificacións na resposta educativa en función das necesidades individuais e colectivas que nos atopemos.
- Concienciación e sensibilización, no ámbito da diversidade funcional, das dificultades ás que se enfrentan determinados colectivos.
- Contribuír á realización de accións de mellora da convivencia e das relacións entre os membros da comunidade educativa.

Para a consecución destes obxectivos apoiámonos nos seguintes principios básicos:

- Equidade.
- Inclusión e individualización.
- Normalización.

- Metodoloxías activas.
- Cooperación entre o profesorado e as familias.

7.4. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Son todas aquelas estratexias que o centro pon en funcionamento para ofrecer unha educación de calidade co fin de garantir a todo o noso alumnado un proceso de escolarización en igualdade de oportunidades.

A. Medidas ordinarias de atención á diversidade:

Son todas aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos ou dos criterios de avaliación ao contexto sociocultural do centro e ás características do alumnado.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
 - Adecuar, priorizar ou seleccionar contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe segundo as características e necesidades do alumnado da aula.
 - Ter en conta os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA).
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre igual, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Plan específico de reforzo para o alumnado de EP que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programas de habilidades sociais, elaborados polo DO para o alumnado con condutas disruptivas.



- Aulas de atención educativa e convivencia.

O reforzo educativo

A quen se imparte?

- Alumnado repetidor ou con materias suspensas.
- Alumnado con dificultades no desenvolvemento das técnicas instrumentais.
- Alumnado con ritmo de aprendizaxe lento.
- Outro alumnado que considere a persoa titora.

Quen o imparte?

- Profesorado de área.
- Colaboración doutro profesorado con dispoñibilidade horaria.

Cando se imparte?

- Nas horas das materias instrumentais (linguas, matemáticas).

Onde se imparte?

- Preferentemente na aula.
- Fóra da aula nun desdobre (se divide a clase aleatoriamente en dous grupos temporais).

Que se imparte?

En función das características do alumnado que recibe o reforzo

- Partindo da avaliación inicial, traballaranse aqueles aspectos que o/a alumno/a non teña acadados.
- Desenvolvemento da competencia lingüística: lectoescritura, comprensión lectora, expresión escrita...
- Desenvolvemento da competencia matemática: numeración, cálculo, resolución de problemas...
- Obradoiros de lectoescritura ou resolución de problemas.
- Dinámicas/estruturas de aprendizaxe cooperativa.
- Outras actividades que figuren nas correspondentes programacións.

O departamento de orientación está sempre a disposición das persoas titoras para asesorar na organización do RE.

B. Medidas extraordinarias de atención á diversidade:

Son todas aquelas medidas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario.

Aplicarémolas cando as de carácter ordinario resulten insuficientes.

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en PT / AL.

Recursos persoais específicos de PT / AL propios do centro:

- 1 docente de PT.
- 1 docente de AL.

Tendo solicitado o Programa PROA+, esperamos contar con máis recursos persoais de atención específica á diversidade, onde se contemplarán accións dentro da aula ordinaria e agrupamentos flexibles (grupo reducido de alumnos/as con baixo rendemento nas áreas instrumentais. Non son grupos permanentes, o alumnado que os compón está neles de forma temporal. Para alumnado do 3º ciclo de primaria)

Poderemos utilizar outras medidas extraordinarias que figuran na Orde do 8 de setembro, no caso de escolarización de novo alumnado procedente do estranxeiro, en función da disponibilidad dos recursos persoais do centro nese momento.

7.5. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Criterios para a utilización dos servizos de apoio de PT e AL

Tendo sempre como referente os principios de integración, inclusión e normalización e en función do que dispón o Decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro de 2021, o profesorado de PT e AL xunto coa persoa orientadora e de acordo co titor ou titora, establecerán o horario de atención ao alumnado con NEAE así como as distintas modalidades.

Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

A. Criterios para a utilización dos servizos de apoio de PT



- Alumnado con necesidades educativas derivadas de: Discapacidade, trastornos de conduta, trastornos do desenvolvemento, síndromes acompañados de retraso intelectual, debidamente xustificados.
- Alumnado con AC.
- Atención ao alumnado de EP con dificultades manifestas de aprendizaxe nas áreas instrumentais.
- Atención ao alumnado con AACC apoiando ao enriquecemento horizontal.

Este alumnado terá sido avaliado no DO e no correspondente informe psicopedagóxico constará a necesidade de atención de PT.

B. Criterios para a utilización dos servizos de apoio de AL

- Necesidades de comunicación asociadas ao ensino-aprendizaxe de linguaxes alternativas / aumentativas á linguaxe oral.
- Necesidades de estimulación para a adquisición o desenvolvemento da linguaxe oral.
- Necesidades relacionadas con dificultades específicas da aprendizaxe.
- Rehabilitación de problemas da fala: disfemia, disfonía, dislalias...

C. Criterios para a organización dos horarios dos apoios específicos levados a cabo nas aulas de PT / AL

- O establecemento do número de sesións semanais de apoio de PT ou AL virá determinado polas necesidades individuais de cada nena e cada neno.
- Apoio realizado preferentemente dentro da aula ordinaria, xunto co resto do alumnado do grupo, cando sexa para contribuír a desenvolver habilidades e capacidades necesarias para facilitar a adquisición de aprendizaxes curriculares do nivel.
- En caso de tarefas non relacionadas co traballo da aula pero si previas e necesarias para a realización do mesmo, poderán realizarse ocasionalmente os apoios fóra do grupo común.
- O alumnado con AC, seguindo o regulamentado na lexislación correspondente, poderá recibir o apoio fóra da aula ordinaria ata 1/3 da xornada escolar.



7.6. ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓ N ÁS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade do alumnado é responsabilidade de todo o profesorado do centro. Todos estamos implicados, aportando a nosa visión e capacitación profesional, na planificación, organización e posta en práctica das medidas que se propoñan cada curso.

Profesorado titor

Entre as funcións das persoas titoras recollidas no Decreto 374/1996, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e nos últimos decretos dos currículos, hai algunhas que fan especial referencia á atención á diversidade, destacándose as seguintes:

- Realizar a avaliación inicial do alumnado e coñecer as características persoais dos mesmos.
- Efectuar o seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe para detectar dificultades co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os apoios oportunos.
- Facilitar a integración social de todos os alumnos e alumnas ao grupo.
- Fomentar a participación de todas as alumnas e alumnos nas actividades do centro.
- Establecer unha relación fluída coas familias fomentando a colaboración das mesmas nas actividades de apoio á aprendizaxe.
- Avaliar trimestralmente o progreso escolar en coordinación co resto do profesorado implicado.
- Adoptar as decisións pertinentes sobre a promoción de ciclo.
- Elaborar, levar a cabo o seguimento e avaliar as ACs.
- Informar ao equipo de profesores do grupo das características de los alumnos que presentan necesidades específicas.

Orientación escolar

Segundo a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, as persoas orientadoras deben:

1. Realizar as oportunas avaliacións psicopedagóxicas e os informes correspondentes.
2. Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade
3. Coordinar, en colaboración cos profesores ou profesoras de apoio, a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
4. Participar nas sesións de avaliación para asesoramento e apoio ao profesorado.
5. Representar ao departamento na CCP.
6. Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico.
7. Velar pola confidencialidade dos documentos, cando proceda.

Profesorado especialista en PT e AL

Aínda que, evidentemente, consideramos a cada mestre do noso centro un recurso moi valioso para atender ao alumnado con NEAE contamos, no mesmo, con mestras especialistas no traballo con estes alumnos, coma son, as mestras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que, dende o departamento de orientación, se encargan de que estes alumnos acaden o pleno desenvolvemento das súas capacidades, apoiándoos do xeito que se determine.

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

Para este curso 2024 - 2025 as actuacións neste ámbito de intervención estarán baseadas nas mesmas premisas que en cursos anteriores, mantendo os mesmos obxectivos e as mesmas liñas metodolóxicas.

Obxectivos xerais:

- Detectar, avaliar, apoiar e realizar o seguimento do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Favorecer a inclusión dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo na dinámica do centro e do grupo-aula.



- Proporcionar ao alumnado con necesidades educativas especiais unha resposta educativa axeitada e de calidade que lle permita acadar o maior desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades educativas de cada alumno.
- Desenvolver e afianzar no alumnado as aprendizaxes relacionadas coas áreas instrumentais básicas.
- Favorecer o desenvolvemento no alumno dos coñecementos, actitudes, aptitudes e habilidades sociais básicas para a súa integración activa na sociedade.
- Implicar á familia no proceso de ensino-aprendizaxe do seu fillo/a.

Xunto con estes obxectivos e, a través do traballo realizado, pretenderase desenvolver, ademais, as seguintes **competencias clave**: Competencia en comunicación lingüística (CCL), Competencia plurilingüe (CP), Competencia matemática y competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM), Competencia dixital (CD), Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), Competencia cidadá (CC), Competencia emprendedora (CE) e Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

As **intervencións específicas** por parte da profesora especialista de Pedagogía Terapéutica serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación, do que forma parte, en colaboración co titor do grupo ao que pertence o alumno. A modalidade de apoio elixirase segundo as características dos alumnos, as súas necesidades, o desfase curricular respecto do seu grupo de referencia e as aprendizaxes e intervencións específicas que, en determinados momentos, poidan requirir. En función disto, os apoios realizaranse na aula ordinaria e/ou na aula de apoio, tanto de forma individual como en pequeno grupo e o número de alumnos con intervención específica na aula de PT volverá a rexirse pola normativa vixente poidendo intervir con alumnos de distintas aulas e niveis educativos.

Como **principios metodolóxicos** a ter en conta nos procesos de ensino-aprendizaxe, a atención centrarase, en liñas xerais, nos seguintes: partir sempre do nivel de desenvolvemento do alumno así como das súas aprendizaxes previas, asegurar a construción de aprendizaxes significativos a través da mobilización dos seus coñecementos previos, posibilitar a realización de aprendizaxes por si solos, proporcionar situacións de aprendizaxe

que teñan sentido para os alumnos e que lles resulten máis motivadoras, utilizar unha metodoloxía de carácter lúdico (sobre todo no caso do alumnado dos cursos máis baixos), propiciar ambientes cálidos e acolledores baseados na confianza e no respecto e utilizar as TIC como ferramenta de traballo, aproveitando a motivación e o interese que espertan nos alumnos, sobre todo no alumnado con TEA.

Para a consecución dos obxectivos propostos utilizarase, polo tanto, unha metodoloxía individualizada e activa, baseada na aprendizaxe significativa, partindo sempre dos intereses de cada alumno, tendo en conta as súas capacidades e recompensando os logros conseguidos. Nos casos onde o desfase curricular con respecto ao seu grupo de referencia fose maior, intentarase priorizar a individualización das aprendizaxes, utilizando unha metodoloxía moi adaptada ao alumno con apoios moi manipulativos e visuais. Esta metodoloxía será a que se poida levar a cabo no caso de poder desenvolver unha ensinanza presencial. En caso de ter que realizar, de novo, un tipo de ensinanza on line, a principal canle de comunicación co alumnado e as súas familias será a través da Aula Virtual do centro.

AUDICIÓN E LINGUAXE

Os/as mestres/as especialistas de Audición e Linguaxe constitúen un recurso persoal especializado de resposta á diversidade co obxectivo de que os centros educativos proporcionen unha axeitada intervención educativa preventiva e proactiva, por unha parte, no relacionado coas necesidades e barreiras derivadas das dificultades na comunicación, linguaxe e fala; e, por outra, na promoción da competencia comunicativo-lingüística de todo o alumnado.

Polo tanto son profesionais dedicados á prevención, detección, intervención e colaboración na avaliación das necesidades comunicativo-lingüísticas que poida presentar o conxunto do alumnado tanto de carácter permanente como transitorio, asesorando así mesmo aos mestres, mestras e familias neste ámbito cando sexa necesario.

Funcións:

A nivel de centro educativo

- a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

- b) Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais e necesidades específicas de apoio educativo. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias nas que o alumnado reciba o apoio.
- c) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seguimento e na avaliación delas.
- d) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- e) Promover, xunto ao equipo docente, accións encamiñadas a favorecer a eliminación de barreiras e a participación do alumnado en todos os ámbitos da súa vida, creando para iso culturas, políticas e prácticas inclusivas nos centros educativos.
- f) Fomentar a formación e actualización continua do profesorado en referencia á identificación e tratamento das dificultades comunicativo-lingüísticas.
- g) Participar, no seu caso, no plan de formación do centro na organización de xornadas, seminarios, obradoiros, etc. dirixidos a fomentar ea equidade e inclusión nos centros e/ou tratar cuestións máis específicas sobre como abordar a atención á diversidade naqueles casos máis concretos. Todo, en coordinación coa Unidade, Departamento ou Equipo de Orientación.
- h) Participar no deseño e elaboración dos documentos prescritivos do centro educativo como, por exemplo, o Programa de Atención á Diversidade (PAD); aportando todo o seu coñecemento específico na materia de atención á diversidade, comunicación e linguaxe.
- i) Contribuír no intercambio e transmisión de información do alumnado NEAE no tránsito polos diferentes cursos, ciclos, niveis e/ou etapas educativas.
- j) Elaborar unha síntese do seu programa de actuación a incluír na memoria final correspondente, así como os informes individuais referidos ao traballo, programación e o seu desenvolvemento, e evolución do alumnado ao final de curso a incorporar nos seus respectivos expedientes académicos.

A nivel de Unidade, Departamento ou Equipo de Orientación e profesorado

- a) Colaborar, xunto ó/á orientador/a, na avaliación psicopedagóxica do alumnado con trastornos de fala, linguaxe e comunicación ou dificultades específicas da aprendizaxe;



e determinar, deste xeito, as necesidades educativas do alumnado para a posterior redacción do informe psicopedagóxico e do programa individualizado.

- b) Participar de xeito activo nas diferentes reunións de coordinación que se manteñan co Equipo de Orientación, así como cos Equipos de Atención Temperá, entidades ou axentes externos.
- c) Colaborar co profesorado na prevención e detección das dificultades comunicativo-lingüísticas.
- d) Cooperar co profesorado que traballa co alumnado que presenta dificultades no eido da comunicación e da linguaxe, tanto na busca de estratexias adecuadas a cada caso como no desenvolvemento, seguimento e avaliación dos programas individualizados e/ou adaptacións curriculares.
- e) Asesorar na selección e/ou elaboración de materiais didácticos relacionados coa comunicación e linguaxe, así como de estratexias e orientacións co fin de realizar modificacións no contexto (metodolóxicas, agrupamentos de alumnado, espazos e tempos) que permitan mellorar a competencia lingüística do alumnado.
- f) Colaborar cos titores/as, a orientadora e as familias no asesoramento sobre o futuro persoal, académico e/ou profesional do alumnado que precisa unha atención específica.

A nivel de alumnado

- a) Realizar avaliacións periódicas ao alumnado que permitan obter información acerca da súas dimensións da linguaxe (forma, contido e uso) e os seus procesos de adquisición, maduración e evolución; co fin de desenvolver o propio plan de traballo da mestra de Audición e Linguaxe e proporcionar o adecuado asesoramento ao profesorado e familias para a mellora das súas habilidades lingüísticas.
- b) Intervir co conxunto do alumnado, en especial con aquel que presenta necesidades educativas derivadas ou asociadas a discapacidade e/ou trastornos no ámbito da comunicación, linguaxe oral e escrito, e fala. Esta intervención poderase levar a cabo de xeito individual ou en grupos reducidos, tanto na aula ordinaria como na aula de Audición e Linguaxe, e en coordinación co profesorado das distintas áreas.
- c) Planificar, deseñar e implementar Sistemas de Comunicación Alternativos ou Aumentativos así como axudas técnicas nos centros educativos, que permitan ao



alumnado unha comunicación espontánea, funcional e xeneralizable, asegurando a súa autonomía e inclusión dentro da sociedade.

- d) Valorar a efectividade das diferentes medidas de atención á diversidade adoptadas co alumnado ó que se atende e, se é o caso, realizar as correspondentes propostas de mellora.
- e) Planificar e desenvolver medidas que se poidan levar a cabo con outros alumnos e alumnas que presenten dificultades no campo da comunicación e da linguaxe tanto oral como escrito; e planificar, deseñar e desenvolver medidas de prevención para as mesmas.

A nivel familiar

- a) Proporcionar ás familias, en colaboración coa orientadora, titor/a e profesorado; información, orientacións e pautas de intervención sobre a mellora e estimulación da comunicación e o desenvolvemento da linguaxe do alumnado; promovendo a xeneralización da aprendizaxe fora do contexto educativo.
- b) Promover a colaboración coas familias para que dende o entorno familiar se participe activamente e de forma coordinada coa escola, no proceso de mellora da linguaxe e comunicación dos seus fillos/as.

Os obxectivos traballarase tendo en conta as competencias clave que se encontran relacionadas ca intervención en Audición e Linguaxe da seguinte maneira:

- ✓ Competencia en comunicación lingüística. refírese á utilización da linguaxe como instrumento tanto da comunicación oral e escrita como da aprendizaxe e de regulación de condutas e emocións. Esta competencia é fundamental na intervención en AL xa que o noso obxectivo principal será a mellora da competencia comunicativa-lingüística de todo o alumnado partindo dunha avaliación inicial e fixando uns obxectivos específicos.
- ✓ Competencia plurilingüe: refírese a utilización de distintos idiomas (galego, castelán, inglés...) e sistemas de comunicación como instrumento de comunicación no contexto social e educativo.
- ✓ Competencia en Matemática e competencias básicas en ciencia, tecnoloxía e inxenaría: traballarase de forma transversal en actividades de fomento de vocabulario



e funcións executivas mentres se traballan obxectivos relacionados ca fala, comunicación e linguaxe.

- ✓ Competencia dixital: incorporando metodoloxías e ferramentas tecnolóxicas como poden ser a pantalla dixital, as tabletas con diversas apps, etc.
- ✓ Competencia persoal, social e de aprender a aprender: aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuo de maneira autónoma poñendo en práctica todo o aprendido máis alá do centro. Tamén comprenderán as regras sociais que arrodean o seu medio aprendendo a interactuar segundo as normas sociais mediante xogos e actividades na aula de AL.
- ✓ Competencia emprendedora: fomentándoa dende a autonomía e o crecemento persoal con retos que propoñemos ao alumnado. Por exemplo no traballo de resolución de problemas ou conflitos.
- ✓ Competencia en conciencia e expresións culturais: Partir dos intereses do alumnado e a súa conexión do día a día é fundamental para realizar os plans de intervención.

A **metodoloxía** na que se enmarcan as actuacións en audición e linguaxe terá en conta os seguintes aspectos:

- Globalidade e interdisciplinaridade: susténtase no ámbito significativo das aprendizaxes, onde os coñecementos e competencias que se adquiran na aula poidan ser utilizados en calquera situación da vida cotiá que o requira.
- Aprendizaxe baseada nos intereses do alumnado e os coñecementos previos: buscando que a motivación sexa un dos motores do proceso de ensino-aprendizaxe. E que este estea adaptado ao momento de partida para marcar obxectivos claros e realistas.
- Uso das TIC: Preténdese potenciar a motivación dos nenos de fronte a aprendizaxe, ofrecerlles a posibilidade de acceder á información a través do uso da internet, utilizar múltiples e variadas aplicacións que promoven unha aprendizaxe activa e interdisciplinar.
- Actividades significativas e funcionais: sempre tendo en conta o ritmo do alumno e os seus puntos fortes e débiles. Empregando unha aprendizaxe lúdica e participativa: propoñendo tarefas manipulativas, curtas e motivadoras e multisensoriais.

As intervencións específicas serán propostas e deseñadas en coordinación co/a mestra/e titor/a, orientadora e especialistas que forman o Departamento de Orientación. A modalidade de apoio elixirase segundo as necesidades e características do alumnado. En función disto, os apoios realizaranse na aula ordinaria e/ou na aula de apoio, tanto de forma individual como en pequeno grupo.

PERSOAL NON DOCENTE: AUXILIAR COIDADOR

O centro conta este curso coa presenza de persoal auxiliar coidador para alumnado con NEE: María Méndez (a tempo completo) e Andrés Villaverde (a tempo parcial, compartido co CEIP Randufe).

Funcións do auxiliar coidador.

As súas funcións veñen recollidas no *Artigo 80 da Orde do 8 de setembro 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

- a) Atender o alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión.
- b) Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.
- c) Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- d) Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
- e) Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.
- f) De ser o caso, atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- g) Nos casos excepcionais que resulte necesario, acompañar na ruta escolar o alumnado que requira da súa presenza.
- h) Colaborar nas actividades complementarias nas que participen a alumna ou o alumno.
- i) Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións nas que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación

establecidas polos equipos docentes que corresponda e polo departamento de orientación.

j) Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.

7.7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS E DE ADSCRIPCIÓN

A coordinación interna realizarase mediante as xuntanzas estipuladas nos documentos oficiais do centro:

- Xuntanzas mensuais de Nivel.
- Xuntanzas mensuais do DO.
- Xuntanzas mensuais da CCP.
- Xuntanzas trimestrais de Avaliación.
- Xuntanzas do equipo de orientación coas persoas titoras de alumnado con NEE/TEA (mínimo unha por trimestre).
- Xuntanzas do equipo de orientación coas persoas titoras de alumnado con AACC (mínimo unha por trimestre).

A comezos de cada curso escolar, establécense reunións de coordinación entre profesorado de 6º de educación infantil e 1º de educación primaria co fin de colaborar coa avaliación inicial deste último alumnado. Igualmente realízanse reunións interniveis para a proporción de información relevante no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

O CEIP Nº 2 está adscrito ao IES San Paio. A persoa responsable da orientación asiste ás reunións trimestrais do DO do IES. Nestas xuntanzas organízanse actividades que favorezan a incorporación do alumnado de 6º de primaria á ESO e infórmase das necesidades de apoio educativo que poden presentar eses alumnos e alumnas na nova etapa.

En calquera caso, cando se incorpore ou deixe o centro unha alumna ou un alumno con necesidades específicas de apoio educativo, ben dende o DO ou ben dende a dirección do

centro, procuraranse os mecanismos axeitados para garantir a continuidade das medidas de atención educativa que necesite.

Apoiaremos a nosa labor, nos casos nos que sexa pertinente, coas instrucións proporcionadas polos protocolos de atención educativa da Xunta de Galicia:

- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación Interinstitucional en Atención Temperá.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de prevención detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.



7.8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS/PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

Colaboración cos pais, nais e titores e titoras legais do alumnado.

O modelo educativo actual concédelle un papel fundamental ás familias nos centros educativos e cre na posibilidade de desenvolver unha xestión participativa e un control democrático dos centros, tendo todos os membros da comunidade educativa o desexo de realización de un traballo compartido. De aí que se establezan vías de participación familiar que podemos dividir en dous grandes grupos:

1. *Participación individual.* Mediante os mesmos, pretendemos posibilitar o coñecemento do alumnado e a familia, intercambiar información (o cal resulta moi necesario, especialmente nos niveis inferiores) e facilitar a adaptación ao medio escolar. Mencionar aquí as entrevistas, os encontros informais e formais entre pais e mestres, cadernos bidireccionais, informes escritos, circulares, chamadas telefónicas...

O horario semanal de atención ás familias é os martes de 16:00 a 17:00 h.

2. Coas vías de *participación colectiva* pretendemos posibilitar o intercambio de experiencias entre as distintas familias, facilitar o coñecemento ao grupo ao que pertence o alumno, informar e implicar ás familias nas actividades a realizar (reunións de pais de comezo de curso) ou mesmo participar na xestión do centro educativo, isto último a través do Consello Escolar ou do AMPA.

O procedemento ordinario de información ás familias sobre as aprendizaxes acadadas polo alumnado, son os *informes trimestrais de avaliación*.

Colaboración cos servizos sociais, sanitarios e asociacións da zona.

Colaboraremos co EOE, Inspección educativa, Servizo de Menores, Servizos Sociais, Sanitarios e Asociacións da zona que traballen cos nosos alumnos e alumnas co obxectivo de intercambiar a información necesaria para facilitar a atención do alumnado e das súas familias.

Control e seguimento do absentismo.

Segundo o Decreto 229/2011, enténdese por absentismo a ausencia continuada ao centro escolar e sen causa debidamente xustificada do alumnado, cando menos, *un dez por cento do horario lectivo mensual*.

O control do absentismo realizarase da seguinte maneira:

- As persoas titoras rexistrarán as incidencias na asistencia do alumnado.
- Comunicado á dirección do centro en caso de faltas continuadas.
- A dirección informará ás nais, pais, titores e titoras legais do alumnado da demanda de intervención aos servizos sociais.
- Se procede, traslado da información á inspección educativa por parte da dirección do centro.

7.9. PROTOCOLO PARA A SOLICITUDE E REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

A avaliación psicopedagóxica é o proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, co seu contexto escolar, do contorno familiar e dos distintos elementos que interveñen no proceso de ensinanza e aprendizaxe. Será realizada pola persoa orientadora do centro coa colaboración doutros docentes se é preciso. A súa realización poderá ser solicitada pola persoa titora ou pola familia, pero sempre a través da primeira. O procedemento para a súa realización é o seguinte:

1. Para facer a demanda, as persoas titoras deberán cubrir unha folla de derivación que se entregará á orientadora. Comunicación á Xefatura de Estudos.
2. Autorización dos pais, nais ou titoras e titores legais: a persoa titora informará ás familias das dificultades detectadas e solicitará autorización, para a exploración psicopedagóxica. No caso de non autorizaren a exploración directa se lle dará ao profesorado as pautas de actuación oportunas para ese alumno ou alumna.
3. Entrevista inicial coa titora ou titor, profesorado de apoio e outros profesionais implicados para comentar a folla de derivación e establecer actuacións posteriores.
4. Observación do alumno ou da alumna en distintos contextos escolares.
5. Exploración individual.

6. Asesoramento e concreción cos profesionais implicados, das posibles adaptacións a realizar con ese alumnado, así como do seu seguimento.

7. Entrevista familiar para informar das dificultades detectadas na alumna ou no alumno e das actuacións de atención á diversidade a realizar.

Este proceso é flexible, podendo adaptarse ás características de cada caso. É tamén un proceso conxunto co profesorado partindo da información que se posúa do alumno.

7.10. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Entendemos a avaliación como un medio de mellora do proceso.

O seguimento do Plan Anual de Atención á Diversidade farémolo trimestralmente, despois de coñecer os resultados de cada avaliación, en xuntanzas da CCP e do DO.

Os criterios de avaliación que se terán en conta para determinar a calidade do plan serán:

- ✓ Adecuación do mesmo ás necesidades reais do centro.
- ✓ Logros acadados segundo os obxectivos propostos.
- ✓ Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- ✓ Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Cando o consideremos necesario, utilizaremos para a recollida de datos entrevistas, cuestionarios e rexistros/escalas.

Ao final de cada curso o DO elabora a memoria do plan e establece as propostas de mellora. Estas últimas servirán de partida para a realización do plan anual de atención á diversidade do curso próximo.

Esta memoria incorpórase á memoria do DO e á memoria anual do centro.

CONSIDERACIÓNS

Debemos recordar que a presenza de alumnos con NEAE nunha clase supón que a persoa titora os teña en conta no momento de plantexarse a súa programación de aula, de xeito que estes alumnos estean integrados nas actividades e na metodoloxía da aula coma o resto dos seus compañeiros e compañeiras.

Os grupos en que se atopan escolarizados alumnos e alumnas con TDAH ou con TEA necesitan dunha estruturación espacial e temporal que respecte as súas necesidades educativas. Os protocolos de actuación con este alumnado, editados pola Xunta de Galicia, servirannos de referente para marcar as actuacións.

Co alumnado procedente do estranxeiro, en aumento nestes últimos cursos, seguiremos as actuacións que figuran no Plan de Acollida incluído no PAT.

Correspóndelle ao Equipo Directivo (ED) a recepción do alumnado e dos seus pais e facilitar a información sobre o funcionamento do centro, horarios, actividades complementarias / extraescolares, recursos... e calquera información que poda ser de interese para a familia.

O ED informará desta nova escolarización ao profesor titor correspondente e ao Departamento de Orientación (DO), no caso de tratarse de alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (NEAE).

Actuacións da persoa titora para facilitar a adaptación:

- Informar ao equipo docente da incorporación do/a novo/a alumno/a.
- Presentación dos/as compañeiros/as da aula.
- Explicación do horario, das áreas que dan outros profesores, cales son e onde se dan.
- Explicarlle ben as normas da aula e as rutinas de cada día.
- Planificar actividades grupais que provoquen a integración de todo o grupo.
- No caso de alumnado con poucas habilidades sociais procurarlle un compañeiro/a que o guíe durante eses primeiros días.
- Revisión do expediente académico para consulta de información proporcionada polo anterior centro educativo que poda suxerir a existencia dificultades de aprendizaxe e a necesidade de adoptar medidas de atención á diversidade (conxuntamente co DO).
- Xuntanza coa familia para recibir información relevante.

Segundo o Artigo 67 da Orde do 8 de setembro de 2021, o alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de ANEAE polas súas condicións persoais ou de historia escolar. No momento da súa escolarización realizarase a avaliación inicial e, de estimarse necesario, completarse con avaliación psicopedagóxica. No caso de detectarse un desfacemento curricular de máis de dous cursos poderase escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade.

O profesorado que traballa con alumnado con NEAE debe considerar os seguintes criterios:

- Os contidos básicos son para todos, pero podemos dar máis tempo para que os consigan.
- Diseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Realizar actividades con diversos grados de dificultade.
- Planificar actividades que teñan aplicación na vida cotiá.
- Propoñer actividades que permitan diferentes posibilidades de execución.
- Realizar diferentes tipos de agrupamentos.
- Axeitar a linguaxe segundo o nivel de comprensión do seu alumnado.
- Favorecer o tratamento globalizado ou interdisciplinar dos contidos de aprendizaxe.
- Introducir a avaliación do contexto da aula.
- Proporcionar os materiais necesarios para a realización das actividades de avaliación en función das características do alumno.

8. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA DO CENTRO

8.1. DATOS ESTADÍSTICOS DO ALUMNADO

DATOS ESTADÍSTICOS DO ALUMNADO							
GRUPO	TOTAL	NENAS	NENOS	REPITEN/ Flex.	RELIXIÓN	VALORES	OUTRA LINGUA MATERNA
4ºA EI	13	5	8	0	3	10	0
4ºB EI	12	4	8	0	6	6	0
5ºA EI	23	11	12	0	12	11	3
6ºA EI	18	8	10	0	2	16	1
6ºB EI	16	6	10	0	4	12	1
TOTAL ED I.	82	34	48	0	27	55	5
1º A EP	12	6	6	0	6	6	2
1º B EP	13	9	4	0	9	4	2
TOTAL 1º	25	15	10	0	15	10	4
2º A EP.	24	15	9	0	7	17	2
2º B EP.	24	17	7	0	10	14	4
TOTAL 2º	48	32	16	0	17	31	6
T.1ºCICLO	73	47	26	0	32	41	10
3º A EP	13	7	6	0	3	10	1
3º B EP	18	6	12	0	11	7	2
TOTAL 3º	31	13	18	0	14	17	3
4º A EP	20	10	10	0	12	8	2
4º B EP	17	8	9	0	6	11	2
TOTAL 4º	37	18	19	0	18	19	4
T.2ºCICLO	68	31	37	0	32	36	7
5º A EP	23	11	12	0	10	13	3
5º B EP	24	13	11	0	10	14	5
TOTAL 5º	47	24	23	0	20	27	8
6º A EP	20	9	11	1	11	9	2
6º B EP	19	7	12	0	12	7	2
6º C EP	21	8	13	1	11	10	2
TOTAL 6º	60	24	36	2	34	26	6
T.3ºCICLO	107	48	59	2	54	53	14
TOTAL PRIM.	248	126	122	2	118	130	31
T. CENTRO	330	160	170	2	145	185	36

8.2. ESTRUCTURA ORGÁNICA DO CENTRO

Segundo o *Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria – D.O.G. do 21 de outubro de 1996* a organización do centro queda da seguinte maneira:

ÓRGANOS UNIPERSOAIS	
DIRECCIÓN	Ramiro García Entenza
XEFATURA DE ESTUDOS	Beatriz González Rodríguez
SECRETARÍA	Carmen Rebollo De Vigo

CLAUSTRO DE PROFESORADO

- Rosa M^a Alfaya Vila
- M^a José Alonso Da Silva
- Elizabeth Álvarez Rocha
- María José Carrete Marcos
- Ana María Castillo García
- María Copena Soutelo
- Nerea Corredera Ferreiro
- María Díaz Rodríguez
- Noelia España Casares
- Rosa M^a Ferreira Carrera
- Sara García Camino
- Ramiro García Entenza
- Beatriz González Rodríguez
- María del Carmen López Pereira
- Lucía Martínez González
- Ángel Martínez Rodríguez
- M^a Lorena Pérez Da Silva
- Laura Pérez Sarmiento
- Carmen Rebollo De Vigo
- Mercedes Rodríguez Iglesias
- Laura Santiago Álvarez
- Antía Sapiña González
- Rut Vázquez González
- Lucía Verde Lareu

- Rita Beatriz Gómez Martínez
- M^a Pilar Gomez-Valades Alonso
- M^a Carmen Vilches Saco
- Pablo Villagrasa Marugán
- Manola Antonia Zafra González

CONSELLO ESCOLAR

Presidente	Ramiro García Entenza
Xefatura de estudos	Beatriz González Rodríguez
Secretaría	Carmen Rebollo De Vigo
REPRESENTACIÓN DOCENTE	M ^o Rosa Alfaya Vila María José Carrete Marcos Sara García Camino
REPRESENTACIÓN PAIS/NAIS	Sofía Cadenas Balseiro (ANPA) Alfonso Fontenla Fernández Beatriz Márquez Covelo José Ramón Sánchez-Puga Gago
REPRESENTACIÓN PERSOAL ADMIN./SERV.	José Javier Pérez Estévez
REPRESENTACIÓN CONCELLO	María Sonsoles Vicente Solla



ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

EQUIPOS DE CICLO

Os Equipos de ciclo están integrados polos profesores/as titores/as e varios especialistas que imparten docencia neses cursos. Considérase necesario, nas xuntanzas ou reunións coas familias, que asista todo o profesorado que imparte docencia no nivel. Nestes casos, é imprescindible unha boa coordinación e priorizar a presenza onde sexa máis necesario.

Competencias:

- Formular propostas ao equipo directivo, ao claustro (PEC e PXA), á Comisión de Coordinación Pedagóxica (proxectos curriculares ou modificacións dos mesmos).
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que teñen encomendadas.

Cada un dos equipos estará dirixido por un coordinador/a, que desempeñará o seu cargo durante dous cursos académicos (curso impar e par) e serán designados pola dirección, oído o equipo de ciclo. Serán mestres que imparten docencia preferentemente con horario completo.

Corresponde aos coordinadores/as, entre outras, as seguintes funcións:

- Dirixir e coordinar as actividades académicas do equipo de ciclo.
- Convocar e presidir as xuntanzas do equipo de ciclo.
- Coordinar as funcións de titoría do alumnado de ciclo.
- Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do ciclo.
- Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elabore a memoria de final de curso.
- Coordinar a organización dos espazos e instalacións, velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.
- Colaborar coa secretaria do Centro na elaboración e actualización do inventario, documentación, coidado dos medios audiovisuais, etc. e aqueles outros que lle

encomende o equipo directivo, na área da súa competencia, especialmente, os relativos ao reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.

A programación didáctica por nivel incluirá, necesariamente, os seguintes aspectos:

1. Introducción.
2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
3. Relación de unidades didácticas.
4. Avaliación das unidades didácticas.
5. Concrecións metodolóxicas.
6. Materiais e recursos didácticos.
7. Procedemento para a avaliación inicial.
8. Criterios de cualificación e recuperación.
9. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
10. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.
11. Medidas de atención á diversidade.
12. Concreción dos elementos transversais.
13. Actividades complementarias.
14. Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
15. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora.

O profesorado programará a súa actividade docente (PAT) de acordo coas programacións didácticas do nivel. No caso de que algún profesor/a decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación co respecto á programación conxunta do equipo (Proxecto Curricular de Ciclo), esta variación, e a xustificación correspondente, incluírase na programación deste, sempre que así o acorde o equipo de ciclo, ou, en último caso, a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Os profesores/as especialistas levarán aos alumnos/as cos que teñan clase ás dependencias nas que realicen esas actividades, incluídas a música (aula de música) e a Ed. F. (Ximnasio) e os levarán, ao terminar, á súa aula ordinaria, salvo que acorde o profesorado implicado algo diferente entre eles.

Ao longo deste curso, os equipos docentes serán os seguintes:

EQUIPO DOCENTE DE ED. INFANTIL	
Mercedes Rodríguez Iglesias	Rita Beatriz Gómez Martínez
Lucía Martínez González	Noelia España Casares
Elizabeth Álvarez Rocha	María Díaz Rodríguez (Apoio)
Manola Antonia Zafra González	Sara García Camino (Inglés)
Coordinadora: María Díaz Rodríguez	
EQUIPO DOCENTE DO 1º CICLO DE ED. PRIMARIA	
Nerea Corredera Ferreiro	Laura Pérez Sarmiento
Antía Sapiña González	Carmen Rebollo De Vigo
Ramiro García Entenza	Pablo Villagrasa Marugán
Rut Vázquez González	
Coordinadora: Antía Sapiña González	
EQUIPO DOCENTE DO 2º CICLO DE ED. PRIMARIA	
Mª del Carmen Vilches Saco	Mª José Alonso Da Silva
Mª Lorena Pérez Da Silva	Rosa Mª Alfaya Vila (Relixión)
Mª José Carrete Marcos (PT)	Rosa Mª Ferreira Carrera
Coordinadora: Mª Lorena Pérez Da Silva	
EQUIPO DOCENTE DO 3º CICLO DE ED. PRIMARIA	
Ana Mª Castillo García	María Copena Soutelo
Mª Carmen López Pereira	Ángel Martínez Rodríguez

Laura Santiago Álvarez	M ^a Pilar Gómez-Valadés Alonso (Inglés)
Beatriz González Rodríguez (EF)	Persoa funcións de PROA+
Coordinadora: M ^a Carmen López Pereira	

As profesoras de PT, AL, orientadora e as profesoras/es especialistas, pese a pertencer a un nivel, poderán asistir a calquera das reunións dos equipos cando o consideren oportuno e priorizando as necesidades máis perentorias.

Os Equipos de ciclo teñen reservado, no Calendario de reunións dos martes, o segundo martes de cada mes de 17:45 a 18:30 horas e o cuarto martes de 17:00 a 17:45 h. para as súas xuntanzas, aínda que por necesidades de organización, estas datas poderán mudar.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Estará integrada polo director, como presidente, a xefa de estudos, a xefa do D. Orientación, os coordinadores/as de ciclo, de Dinamización da Lingua Galega, de Actividades Complementarias e Extraescolares, da Biblioteca Escolar, o profesorado de PT e AL, o profesorado coordinador das TIC, de Plurilingüismo, Voz Natura, E-Dixgal, Plan Dixital do Centro, Polos Creativos, Proxecta e Deporte Escolar. Actúa a profesora M^a del Carmen López Pereira coma secretaria da CCP e, no seu defecto, o membro da Comisión designado pola dirección, oídos os restantes membros.

Competencias:

- Propoñer os profesores/as que formarán parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Propoñer ao xefe de estudos o/a responsable de Actividades Complementarias e Extraescolares.
- Velar para que a elaboración e revisión dos proxectos curriculares, plan de acción tutorial, plan lector, proxecto lingüístico, plan tic, plan de convivencia... e se realicen segundo os criterios establecidos.
- Asegurar a coherencia entre o PEC, os proxectos curriculares e a PXA.

- Propoñer ao claustro os proxectos curriculares para a súa elaboración.

Compoñentes deste equipo para o presente curso:

- Ramiro García Entenza (Director).
- Beatriz González Rodríguez (Xefa de Estudos e coord. Deporte Escolar, Proxecta).
- Carmen Rebollo De Vigo (Secretaria e coord. TIC, Plan Dixital e Faro da Escola).
- Manola Antonia Zafra González (Orientadora).
- María J. Carrete Marcos (PT).
- Rut Vázquez González (AL).
- María Díaz Rodríguez (EI).
- Antía Sapiña González (1º ciclo EP e coord. Activ. Compl. e Extraesc)
- M^a Lorena Pérez Da Silva (2º ciclo EP).
- M^a Carmen López Pereira (3º ciclo EP)
- Laura Santiago Álvarez (coord. Dinamización Lingua Galega).
- Sara García Camino (coord. Plurilingüismo)
- M^a Rosa Alfaya Vila (coor. Biblioteca E.).
- María Copena Soutelo (coord. Voz Natura).
- Laura Pérez Sarmiento (coord. Polos Creativos).
- Coordinadora: Beatriz González Rodríguez
- Presidente: Ramiro García Entenza.

Ten reservados o primeiro martes de cada mes ás 17:00 horas para as súas xuntanzas, no calendario de reunións dos martes.

EQUIPO DE BIBLIOTECA

Servizos: A biblioteca ofrece actualmente os seguintes servizos:

- Préstamo.
- Lectura informal e informativa.
- Acceso a Internet.
- Actividades de formación de usuarios.
- Actividades de dinamización.

- Centro de recursos.

Para o bo funcionamento da biblioteca é imprescindible o traballo dun equipo estable coordinado pola profesora dinamizadora da biblioteca.

As funcións da dinamizadora son:

- Elaborar o proxecto da biblioteca así como a memoria de fin de curso.
- Coordinar a elaboración e posta en marcha do Plan de lectura anual baseado no Proxecto Lector.
- Organizar a documentación e os recursos dispoñibles.
- Informar ao Claustro das actividades da biblioteca e recoller as súas suxestións.
- Difundir os fondos da biblioteca e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade educativa.
- Definir os criterios de préstamo.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación a lectura, estratexias de dinamización
- Coordinar ao equipo de apoio á biblioteca formado por varios mestres que dedicarán unha hora semanal de permanencia no centro para colaborar nas tarefas da biblioteca.
- Planificar accións de dinamización bibliotecaria entre os profesores, alumnos/as e familias.

Composición do Equipo de Biblioteca	
Elizabeth Álvarez Rocha.	M ^a Carmen López Pereira
María Carrete Marcos.	Rut Vázquez González.
Manola Antonia Zafra González	Ángel Martínez González.
Dinamizadora: Rosa M ^a Alfaya Vila	

Obxectivos:

- Atender as demandas do alumnado e profesorado nos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Dinamizar e apoiar os proxectos documentais integrados (PDI) que se realicen no centro.



- Apoiar os demais proxectos de centro (Proxecto Lector, Plan TIC, Plan de Convivencia...)
- Seleccionar e colocar os materiais de forma efectiva para facilitar o aprendizaxe nas distintas áreas e materias do currículo.
- Orientar na súa utilización.
- Dinamizar culturalmente o centro (exposicións, presentación de libros, conferencias, proxección de películas, audicións musicais, encontros con autores...)

As actividades levadas a cabo para conseguilos, son as seguintes:

- Centralizar os recursos e informatizar a xestión.
- Confeccionar guías de uso.
- Sinalizar claramente os espazos.
- Impulsar o servizo de préstamo con participación do alumnado de quinto e sexto de primaria como axudantes voluntarios na xestión.
- Adquirir fondos en diferentes soportes.
- Seleccionar recursos existentes na rede e difundilos entre o profesorado.
- Editar traballos de produción propia.
- Orientar periodicamente aos pais e nais sobre literatura infantil ou calquera tipo de material tanto impreso como audiovisual.
- Recomendar libros ou outros materiais.
- Realizar exposicións de libros e documentos sobre temas concretos.
- Diseñar e coordinar actividades de animación lectora.
- Celebrar efemérides literarias: Día da Biblioteca escolar, Día do Libro, centenarios de autores, etc. utilizando o blogue da biblioteca, o Instagram do cole ou a aula virtual do centro.
- Aportar documentación para os proxectos de aula e de centro.
- Aportar documentación para a realización de tódalas actividades complementarias conxuntas do centro.
- Organizar talleres de escritura.
- Recompilar literatura de tradición oral.
- Proxectar películas baseadas en libros de literatura infantil ou documentais de apoio aos proxectos que se estean desenvolvendo nos niveis.

- Dentro do horario debemos diferenciar:
 - a. Horario da biblioteca en horario escolar: Cada grupo pode utilizar a biblioteca apuntándose nun cadro de rexistro. Nesas sesións, pódese dedicar un tempo á lectura, á investigación e ao servizo de préstamo.
 - b. Horario de apertura nos recreos: Establécese un horario semanal por niveis (por motivos de capacidade) de maneira que poidan usala de forma voluntaria no tempo de lecer. Serán os axudantes de biblioteca (alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria) que supervisen o bo funcionamento co apoio dun profesor/a de garda de recreo, membro do equipo da biblioteca.
 - c. Horario de apertura polas tardes: O horario será dende as 16:00 ata as 17.00 horas, permanecendo pechadas nas horas da comida. Durante esas horas tanto o profesorado como os nenos/as e as súas familias poden utilizar a biblioteca, sempre baixo a supervisión do profesor/a de garda.

Solicitouse entrar en Bibliotecas Creativas, pendentas de resolución.

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Estará composto por un profesor/a de cada ciclo, por proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica e todos os membros serán nomeados pola dirección, aínda que poden incorporarse ao equipo outros membros da comunidade educativa para temas puntuais.

As competencias deste equipo son as marcadas polo *Decreto 374 / 96*, no seu artigo 64.1, 2 (a, b, c), 3, 4, 5, 6. Tamén se cumpre o *Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario* realizando a modificación pertinente no Proxecto Lingüístico para establecer a equiparación das dúas linguas oficiais quedando como segue:

EN GALEGO	EN CASTELÁN
Galego	Castelán
CCNN	Matemáticas
CCSS	Relixión C. / Proxecto Competencial
Ed. Física	Ed. Artística: Música
A Plástica en 1º, 2º, 3º 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria terá como referente lingüístico a lingua	

inglesa xa que somos centro Plurilingüe.

A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor do mesmo, nomeado/a pola dirección para dous anos académicos, a proposta dos compoñentes do equipo.

As competencias da coordinadora do equipo son, entre outras:

- Convocar e presidir as xuntanzas do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así coma da memoria final de curso.
- As demais marcadas no *Decreto 374 / 96, artigo 68*.

Forman parte deste equipo de normalización e dinamización lingüística para o curso 2024-2025 as seguintes persoas:

Composición do Equipo de Dinamización da Lingua Galega	
Mercedes Rodríguez Iglesias	Nerea Corredera Ferreira
M ^a José Alonso da Silva	Pilar Gómez- Valades Alonso
Dinamizadora: Laura Santiago Álvarez	

Ten reservados os primeiros martes de cada mes ás 17:45 horas para as súas xuntanzas, no calendario de reunións :

Actuación

Referidas a aspectos visuais e documentos do centro.

- A documentación administrativa, cartas, avisos e notificacións que saen do centro estarán redactadas en galego agás as que vaian para outras comunidades.
- As actas de claustro, consello escolar, ciclos, etc estarán recollidas en galego; tamén en galego os boletíns, informes, libros de rexistro, etc.

Emprego do galego nos usos cotiás.

- Usarase en tódolos actos que organice o centro.

- Emprego do galego por parte do profesorado nas conversas que se manteñan con toda a comunidade educativa.
- Uso do galego en tódalas actividades extraescolares.
- Axudar a evitar a asignaturización do galego.
- Familiarización co galego dende o comezo da escolarización.

Obxectivos.

Os obxectivos xerais que propoñemos desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega para o curso académico 2024-2025 en relación coas actividades que posteriormente se especificarán, son os seguintes:

- Valorar a importancia da lingua galega na configuración dunha identidade como pobo.
- Potenciar o uso do galego como medio da expresión oral, escrita, plástica, auditiva e visual, fomentando especialmente a lectura e a escritura en lingua galega dun xeito lúdico.
- Realizar periodicamente unha avaliación do estado de galeguización do centro, con especial atención á competencia das linguas oficiais.
- Evitar calquera situación de discriminación de ningún membro da comunidade educativa por mor da súa lingua e prestar especial atención ao alumnado que non ten coñecemento da lingua galega para que vaia adquirindo competencia nela pouco a pouco.
- Diseñar actividades que faciliten o uso do galego para o coñecemento do propio contorno en todos os seus aspectos, e como patrimonio cultural da nosa comunidade.
- Priorizar, dentro das actividades complementarias, aquelas que fomenten a cultura galega.
- Dar a coñecer as tradicións da cultura galega e valoralas (lendas, cantigas, danzas, contos, gastronomía, instrumentos musicais...).
- Empregar as novas tecnoloxías da comunicación na realización de actividades en galego, dinamizando especialmente o blogue da lingua galega presente na web do colexio.
- Fomentar a colaboración coas entidades asociativas, culturais e deportivas do contorno do centro para a organización de actividades.

- Dar a coñecer a toda a comunidade educativa os resultados dos traballos feitos ao longo do curso, dentro das actividades programadas en lingua galega, a través do blogue da lingua na web do colexio e, se é posible, nos espazos físicos máis axeitados.

ACTIVIDADES CURSO 2024-2025

As actividades programadas para realizar, na medida do posible, durante o presente curso, 2024-25, por parte do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro en colaboración con tódolos membros da comunidade educativa e mais outros organismos externos ao centro, son as seguintes:

- Saídas e visitas culturais, lúdicas, educativas, deportivas, musicais, xornadas de xogos populares, á natureza propia do contorno: deporte escolar, festas populares, relacionadas co coñecemento da nosa comunidade autónoma e a súa riqueza cultural, natural e patrimonial.
- Celebración de diferentes conmemoracións: Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz e da Non Violencia, Día de Rosalía, Día da Poesía, Entroido, Semana Cultural no mes de maio con motivo do día das Letras Galegas...
- Realización de talleres sobre a lingua galega, construción de instrumentos musicais, cantigas, panxoliñas, poesías, pintadas, debuxos, felicitacións, contos, creación do Meco, montaxes musicais ...
- Exposicións no blogue da lingua ou nos espazos físicos do cole máis axeitados daquelas actividades nas que participe o alumnado.
- Colaboraremos nos diferentes proxectos do centro, dándolle aos mesmos a perspectiva da nosa lingua e cultura.

Do mesmo xeito, colaboraremos co equipo de **Biblioteca** nas súas propostas que teñan que ver coa lingua galega.

Ao longo de todo o curso traballaremos de xeito máis profundo a **animación ao emprego do galego no día a día**. Para iso propoñemos a actividade “Venres en galego” de duración anual. Adicaremos os venres a fomentar o uso do galego na oralidade, motivando ao

alumnado a empregar a lingua galega co fin de conservala. Realizando como tarefa final unha promoción da actividade levada a cabo en soporte dixital para a súa difusión posterior no blogue da lingua. Deste xeito contribuirase á dinamización do blogue da lingua, de recente creación, e que consideramos neste momento un gran instrumento de traballo no noso equipo.

Nas Letras Galegas organizaremos unha semana con diversos actos e actividades relacionadas tanto coa cultura da nosa terra como coa autora ao que está adicado este día.

Ao longo do curso, e, sempre tendo en conta os centros de interese dos alumnos/as, o presuposto do centro, imprevistos, (...) iremos desenvolvendo ou modificando actividades que terán, como obxectivo, a adquisición de novos coñecementos e o fomento e uso da nosa Lingua como vehículo de comunicación diaria.

EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares estará composto por un/unha mestre/a por ciclo, como mínimo, a proposta dos seus compoñentes. No presente curso escolar, 2024/25, forman parte deste equipo as seguintes persoas:

Composición do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares	
Lucía Martínez González	Rosa M ^a Ferreira Carrera
Laura Pérez Sarmiento	Ana M ^a Castillo García
Coordinadora: Antía Sapiña González	

Este equipo realizará, normalmente, as xuntanzas o primeiro martes do mes das 17:00 ás 17:45 horas.

Tendo en conta os obxectivos deste equipo é importante destacar que son complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que forman parte da programación (visitas, traballos de campo, conmemoracións, etc.) Son extraescolares as que, figurando na PXA e aprobadas polo Consello Escolar, se



realizan fóra do horario escolar. A participación nestas últimas é voluntaria para alumnos/as e profesores /as.

Estas actividades serán programadas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, e para certas actividades concretas colaboraran con outros equipos ou co claustro de profesorado completo.

Organízase o plan anual de actividades complementarias e extraescolares en base ás conmemoracións que se establecen *Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Neste curso escolar as actividades previstas son:

- Benvinda ao alumnado nos primeiros días de curso.
- Colaboración co equipo de Proxecto na inauguración do Proxecto de centro “Ao son do dous”. O proxecto de centro vai permitir afondar nos diferentes estilos musicais e con eles coñecer a instrumentos, cultura, vestimentas, gastronomía e lugares de todo o mundo.
- Festividade do Magosto e xogos populares.
- Celebración das Badaladas no dous.
- Colaboración na celebración do Entroido.
- Festividade de fin de curso O son do dous.

Ademais da colaboración co resto de equipos do centro nas conmemoracións, festividade e datas importantes como por exemplo: as organizadas dende o equipo de deporte, as relacionadas co Proxecto do centro e todas as saídas culturais e pedagóxicas.

Dito plan queda aberto a modificacións en base as saídas e actividade que poidan xurdir durante o curso escolar en función das necesidades do centro e de cada curso, e as cales se recollerán na memoria.



VOZ NATURA

Este ano Voz Natura centrarase e apoiará o proxecto de centro “Ao Son do 2”, un proxecto co que se tentará, a través da música, crear conciencia na comunidade educativa sobre o desenvolvemento sostible e o coidado do planeta. O proxecto dará continuidades ás liñas de acción iniciadas en cursos anteriores dando resposta aos ODS da Axenda 2030.

Centraremos a nosa acción en levar a cabo os obxectivos anteriores, na nosa horta e nas actividades do noso entorno natural próximo: Camiño de Santiago, parque natural Monte Aloia, a Serra do Galiñeiro e a cunca hidrográfica do Baixo Miño.

Este proxecto vai dirixido a toda a comunidade educativa, fomentando a participación dos diferentes sectores da mesma nas actividades relacionadas co programa.

Dando continuidade ao traballo de cursos anteriores algunhas das actividades propostas para este ano son as seguintes, aínda que estamos abertos a calquera outras que poidan ir xurdindo o longo do curso escolar:

- Continuaremos co acondicionamento da horta, peche, sinalización, reconstrución de bancais deteriorados, rechea con terra dos bancais, plantacións...
- Naturalización das zonas comúns con plantas de interior e exterior.
- Plantar frondosas para reforestar a nosa contorna (castiñeiros, nogueiras, abeleiras...), así como o propio patio do centro.
- Investigar sobre a agricultura de precisión e poñela en práctica na propia horta do centro.
- Poñer en funcionamento un sistema de recollida de augas pluviais para o seu uso na horta.
- Investigar sobre os avances científicos e tecnolóxicos relacionados coa agricultura e a súa posible aplicación no centro.
- Recollida, selección e secado de sementes ecolóxicas. A través de obradoiros, extreranse dos froitos de tempada as sementes e faranse semilleiros.
- Creación dun banco de sementes coa participación das familias.
- Recollida selectiva de orgánicos por aulas, para elaborar o compost ecolóxicos e fomento das merendas residuos 0.
- Mantemento do composteiro para facer abono ecolóxico, reciclando os restos orgánicos que se xeneren das merendas.

- Empregar os bancais por niveis para cultivos de tempada.
- Manter a figura de eco-patrulla formada por un grupo de alumnos/as do cole.
- Fomentar o uso da horta interior do cole cos bancais que se mercaron en cursos pasados.
- Preparar o terreo de non cultivo e acondicionar o patio con árbores que poidan dar sombra.

A función do equipo de Voz Natura na horta será o mantemento da mesma e axudar nas actividades que se realicen a petición dos titores na medida do posible (adquisición de materiais e sementes necesarias, preparación do espazo de cultivo...), así como coa proposta de diferentes actividades e retos relacionados co proxecto.

Os mestres e mestras planificarán e coordinarán as visitas á horta para a realización de actividades.

Pregamos coma sempre que todas as actividades realizadas que teñan que ver coa horta sexan documentadas a través de imaxes que logo podamos axuntar á memoria do proxecto e aos blogues de Voz Natura.

Crearase un cartafol para imaxes, vídeos, etc, no correspondente cartafol de fotos deste ano baixo o nome A NOSA HORTA (Ordenadores sala profes-servidor de Red- Voz Natura).

E finalmente, lembramos que **o comedor** queda a disposición dos titores, sendo unha boa opción para degustar as colleitas recollidas ó final da tempada con deliciosas e orixinais receitas, continuando coa proposta **“Da horta ao prato”**.

A coordinadora do equipo Voz Natura durante o ano académico 2024-2025 é María Copena Soutelo. Dende o equipo da horta animámosvos a que sigades traballando con este recurso que temos no centro, e agradecemos como sempre o voso esforzo e implicación.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES

A lexislación educativa actual dota á función orientadora un papel relevante, sendo considerada un dos factores fundamentais que inciden na calidade de todos os procesos que se desenvolven no eido educativo.

No CEIP Plurilingüe Nº 2 entendemos a orientación educativa como o proceso continuo de apoio e asesoramento aportados polo sistema educativo ao alumnado sobre aspectos escolares, persoais, académicos e profesionais.

O Plan Anual do Departamento de Orientación é o documento onde se recolle a planificación do conxunto de actuacións a realizar no noso centro no presente curso académico 2024/25 relacionadas coa orientación, a atención á diversidade e a acción tutorial. A súa elaboración ven recollida na *Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998, do 23 de abril.*

Este Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación partirá dunha planificación firme, pero tamén dotarémolo dun carácter moi flexible, xa que o proceso de ensinanza-aprendizaxe non é unha constante que poida calcularse ao comezo de cada curso, senón que precisa dunha retroalimentación continua, tratando sempre de adaptalo ás necesidades que se manifesten no profesorado, alumnado e familias.

MARCO LEGAL

A nivel legal teremos en conta os seguintes documentos:

- Decreto 120/1.998 (DOG do 27) polo que se regula a Orientación Educativa e Profesional en Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1.998 (DOG do 31) pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

- Circular 10/2010 das Direccións Xerais de Orientación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto anterior.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

As características de poboación, recursos da zona e do centro e datos numéricos pertencentes ao alumnado están recollidos noutros apartados da PXA.

Neste ano académico 2024 / 25, a nosa comunidade educativa está formada por 330 alumnas/os e as súas familias, 28 docentes a tempo completo, 1 docente a tempo parcial, un administrativo, unha auxiliar coidadora e outra a media xornada.

Entre as causas que orixinan a presenza de necesidades de apoio educativo no alumnado, sinalamos as seguintes.

- ✓ Trastornos do desenvolvemento.
- ✓ Necesidades educativas asociadas a TDAH.
- ✓ Trastornos específicos da aprendizaxe.
- ✓ Alumnado de incorporación tardía con descoñecemento das linguas vehiculares do ensino.
- ✓ Existencia de talentos e/ou altas capacidades.
- ✓ Dificultades na linguaxe oral.
- ✓ Circunstancias sociais e familiares que repercuten na motivación, nas actitudes, na conduta e no nivel de rendemento do alumnado.
- ✓ Outras causas.

ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

Xefa do Departamento	Manola Antonia Zafra González
Mestra de apoio especialista en PT	María José Carrete Marcos
Mestra de Apoio especialista en AL	Rut Vázquez González
Coordinadora de Educación Infantil	María Díaz Rodríguez
Coordinadora do 1º ciclo de EP	Antía Sapiña González
Coordinadora do 2º ciclo de EP	Mª Lorena Pérez Da Silva
Coordinadora do 3º ciclo de EP	María del Carmen López Pereira

O departamento de orientación constituíuse nunha xuntanza realizada o día 4 de setembro de 2024.

Segundo a lexislación vixente, o **departamento de orientación** exercerá as seguintes **funcións**:

- ✓ Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- ✓ Elaborar, de acordo coas directrices establecidas no plan de orientación e da comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento deste plan.
- ✓ Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- ✓ Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas



tanto de condicións desfavorables como de talentos que presenten os alumnos e alumnas.

- ✓ Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto, e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- ✓ Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- ✓ Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos, ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- ✓ Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- ✓ Co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas, promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos: estimulación da motivación e intereses; adquisición de hábitos de hixiene e autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- ✓ Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- ✓ Aqueloutras que a Administración Educativa lle poida encomendar no ámbito das súas funcións.

O Departamento de Orientación conta cun espazo físico propio, dotado de mobiliario, equipo informático e material específico para poder desenvolver as tarefas propias do mesmo.

O noso traballo non é un traballo illado senón que estará en conexión con outros departamentos docentes ou sectores. Teremos unha dobre coordinación:



- Interna (con membros do propio centro educativo, a través dos órganos de coordinación docente).
- Externa (IES San Paio, Inspección Educativa, Equipo de Orientación Específico, familias, Servizos dependentes do SERGAS e Servizos Sociais do Concello).

OBXECTIVOS

Atendendo ás demandas da comunidade educativa, e de acordo coas disposicións legais existentes, trataremos de acadar os seguintes **obxectivos**:

a) Obxectivos referidos ao Centro:

- Colaborar co equipo directivo na revisión dos documentos dos centro que o precisen.
- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Cooperar coa comunidade educativa, favorecendo canles de comunicación e colaboración conxuntas.
- Participar nas avaliacións e colaborar no ámbito das competencias da orientación.
- Participar e representar o DO nas xuntanzas mensuais da CCP.
- Convocar e presidir as xuntanzas do DO levantando a correspondente acta de reunión.
- Velar pola confidencialidade dos documentos.
- Asesorar na posta en práctica do plan de acción tutorial.

b) Obxectivos referidos ao alumnado:

- Contribuír á personalización do proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Apoio aos problemas de aprendizaxe individual ou grupal, incidindo no ámbito da prevención.
- Axuda no desenvolvemento persoal, na toma de decisións e nos diferentes problemas de axuste no proceso de aprendizaxe.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con necesidades educativas especiais, concretando as pautas de actuación e as medidas de atención.



- Desenvolver programas de adquisición de habilidades sociais, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe cooperativa cando se considere necesario.
- Deseño, seguimento e avaliación das actuacións ou programas propostos polo departamento para desenvolver nas aulas.

c) Obxectivos referidos ao profesorado:

- Asesorar ao profesorado nas actuacións educativas a realizar segundo as diferentes necesidades que poda presentar o alumnado.
- Participar no deseño, desenvolvemento e avaliación das diferentes medidas de atención á diversidade: actividades de reforzo, adaptacións curriculares e outras medidas curriculares ou organizativas.
- Asesorar e colaborar na incorporación de contidos relacionados coa aprendizaxe emocional, a dinámica de grupos e a igualdade real entre mulleres e homes.
- Asesorar no desenvolvemento do PAT.
- Colaborar cos titores na avaliación inicial individual e grupal, en especial no caso do alumnado de novo ingreso e nos cursos que supoñan un cambio de ciclo.
- Proporcionar as persoas titoras materiais e asesorarlles sobre os seu emprego (técnicas de estudo, autoconcepto, aprender a aprender, aprendizaxe cooperativa, resolución de conflitos...)
- Facilitar a relación con outros servizos da comunidade educativa: equipos de orientación específicos, centro de recursos, IES San Paio...

d) Obxectivos referidos ás familias:

- Entrevistas coas familias do alumnado que presente algún tipo de problema ou particularidade específica.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Colaborar nas relacións familia-centro educativo, no ámbito das competencias da orientación.

- Potenciar e colaborar coas actuacións que promovan unha maior implicación das familias na educación das súas fillas e fillos.

PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

► PROGRAMAS DE ACTIVIDADES

A consecución dos obxectivos expresados anteriormente levarase a cabo a través dos seguintes bloques de actividades adecuadas a niveis e cursos, concibidas en xeral a modo de programas impulsados desde o departamento, tendo en conta tanto as necesidades detectadas como as posibilidades de intervención (organización das aulas, recursos persoais dispoñibles, etc.).

As actividades que se propoñan promoveranse a través das reunións do Departamento de Orientación e das reunións de nivel, desenvolvendo en colaboración os materiais de apoio ós titores.

✓ **Actividades de atención á diversidade e apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e desenvolvemento persoal.**

- No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, impulsar a adopción de medidas, tanto ordinarias como extraordinarias (preferentemente as primeiras), que faciliten o máximo desenvolvemento das súas competencias. Estas actuacións son as que constan no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Impulsar a realización de actividades de enriquecemento horizontal.
- Colaboración na realización de obradoiros de desenvolvemento de competencias clave.
- Programa de incorporación á ESO para alumnado de 6º de Educación Primaria, en colaboración co Departamento de Orientación do IES San Paio.
- Asesoramento e apoio no desenvolvemento do plan de benestar emocional.

✓ **Actividades relacionadas coa detección temperá de necesidades educativas.**

- Realización grupal de probas de aptitudes escolares.

✓ **Actividades relacionadas co PAT.**

- Impulsar e reforzar a realización de actividades e tarefas relacionadas coa acción tutorial en relación a:
 - Aprender a ser.
 - Aprender a convivir.
 - Aprender a aprender.
- Obradoiros e programas ofertados polo Concello de Tui sobre autoestima, empatía, coeducación...
- Colaborar na implementación metodoloxías activas.
- ✓ **Actividades relacionadas co ámbito da convivencia no centro.**
- Impulsar dinámicas que promovan a resolución pacífica de conflitos. Retomar a formación de alumnado mediador.
- Iniciación á realización de prácticas restaurativas.
- Desenvolver accións que incrementen a inclusión nos patios no tempo de lecer.
- Levar a cabo programas de habilidades sociais con alumnado con problemas de conduta.
- ✓ **Actividades de sensibilización e concienciación ante a diversidade funcional.**
- Colaboración nas conmemoracións.**
- Proposta de actividades que dean a coñecer as dificultades ás que se enfrontan ás persoas con diversidade funcional e promovan o respecto á diferenza. Colaboración co Equipo da Biblioteca na organización de actividades para as conmemoracións.

► **PLAN DE TRABAJO. TEMPORALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO**

ACTUACIÓNS	RESPONSABLE	DESTINATARIO	TEMPORALIZ.
Asesoramento á Comunidade Educativa	Orientadora	Comunidade Educativa	Curso escolar
Proposta de organización dos apoios PT / AL	Orientadora e profesorado de apoio PT e AL	Xefe de estudos	Curso escolar
Proposta de adquisición de			

material do Departamento	DO	Dirección	Curso escolar
Elaboración de informes de ANEAE solicitante de bolsa	Orientadora	Inspección educativa	Setembro
Elaboración de horarios de orientación, PT e AL (flexibles)	Orientadora, PT e AL	Xefe de estudos	Setembro
Elaboración do PAADO 24-25	Orientadora	DO, Claustro	Setem-Outubro
Elaboración da proposta anual do PXAD	Orientadora	DO Equipo docente	Setem-Outubro
Elaborar as propostas do PAT	DO	Equipo docente, alumnado, familias	Setem-outubro
Ofrecer materiais para o desenvolvemento do PAT	DO	Equipo docente, alumnado, familias	Todo o curso
Apoio ndo plan de benestar emocional	DO	Equipo docente, alumnado, familias	Todo o curso
Realización de probas grupais	Orientadora	Equipo docente, familias	1º- 2º trimestre
Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas e dos informes psicopedagóxicos	Orientadora	Equipo docente, PT e AL alumnado e familias	Todo o curso
Revisión de avaliacións psicopedagóxicas e dos informes de seguimento	Orientadora	Equipo docente, PT e AL, alumnado e familias	Todo o curso
Realización de informes de evolución escolar demandados polos servizos do SERGAS	Orientadora	SERGAS	Todo o curso

Asesoramento na elaboración ou revisión das ACs.	Orientadora	Equipo docente, PT e AL, alumnado e familias	Todo o curso
Reunións DO e CCP	Orientadora, PT, AL, coordinadores de ciclo	Profesorado do Claustro	CCP : 1º martes DO : 2º martes
Asistir ás xuntanzas de avaliación	Orientadora, PT, AL	Equipo docente	Decembro, marzo e xuño
Asistir ás xuntanzas DO, IES San Paio	Orientadora	DO, IES San Paio	Trimestrais
Deseñar accións de prevención de dificultades	Orientadora	Alumnado	Todo o curso
Deseño de programas de intervención	DO	Alumnado Profesorado	Todo o curso
Realización da avaliación dos plans e programas do departamento	DO	Equipos docentes	Maio-xuño
Elaboración dos informes do ANEAE que remata Ed. Primaria	Orientadora	IES San Paio Outros IES	Xuño
Redacción da memoria final DO	Orientadora	Claustro, Consello escolar	Xuño
Elaboración do DRDorienta	Orientadora	Inspección educativa	Xuño-xullo

Calquera outra tarefa que pareza conveniente realizar para acadar unha maior calidade na orientación do Centro.

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

Sendo o obxectivo principal do DO contribuír á mellora da calidade do ensino en todos os seus aspectos, a estratexia fundamental consistirá na interacción constante coas titoras, titores e demais profesorado, para axudar a que a oferta educativa sexa a mais axeitada a cada situación e para cada alumno e alumna. O consenso co profesorado permitirá que se poidan introducir nas aulas actividades propostas dende o DO.

O Departamento de Orientación reunirse os 2º martes de cada mes de 17:00 a 18:00 para desenvolver o traballo a realizar segundo este Plan. As profesoras especialistas de PT e AL e a orientadora reuniranse os martes, en horario de 16:00 a 17:00, para coordinar e facer seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais xuntamente coas persoas titoras correspondentes. Sendo a atención ás familias neste horario, acudiremos tamén ás xuntanzas en que se demande a nosa asistencia, o tempo que consideremos necesario. O equipo de orientación (orientadora, PT e AL) xuntarase os xoves de 12:10 a 12:35 para coordinar as actuacións do departamento.

Con esta predisposición mutua para axudar en cada situación concreta, tenderemos a un modelo de intervención indirecto, para todo o alumnado, **proactivo** e **preventivo**. Procuraremos, na medida do posible, non só atender dificultades educativas, senón tamén axudar e apoiar para conseguir situacións nas que estas non cheguen a presentarse.

AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

A avaliación do presente Plan de Actividades do Departamento de Orientación realizarase ao longo de todo o curso:

1º Con reunións periódicas dos titores coa Xefatura de Estudos e a Orientadora

2º Ao longo do curso, a Xefatura de Estudos e a Orientadora irán facendo un seguimento do desenvolvemento dos plans para introducir os axustes necesarios.

Ademais empregaremos os datos aportados por:

- Persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento: departamento, titores, profesores.
- Destinatarios: profesores, alumnos, pais.

Para a recollida de datos empregaremos os seguintes instrumentos:

- Intercambios orais
- Escalas e cuestionarios
- Entrevistas
- Reunións de coordinación.
- Análise dos resultados escolares.

Como **criterios de avaliación** consideraremos os seguintes aspectos:

- Adecuación do Plan ás necesidades do Centro
- Logro dos obxectivos previstos
- Adecuación da temporalización
- Nº de demandas recibidas e atendidas.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento

A final de curso realizaremos unha memoria final, onde reflectiremos os datos da avaliación e as propostas de mellora cara a elaboración do PAADO do curso seguinte.

EQUIPO DE PROXECTO DE CENTRO

Este curso escolar, continuamos cunha comisión formada por un membro do equipo directivo e os coordinadores dos equipos docentes (Act. Complementarias, Voz Natura, Plurilingüismo, Normalización, Biblioteca, TIC, Polos Creativos, E-dixgal e Deporte E.) para propor actuacións do proxecto de centro, “Ao son do 2”, relacionado cos diferentes estilos musicais e o ODS 4 “Educación de Calidade” e ODS 5 “Igualdade de xénero”. dentro da Axenda 2030.

Tamén continuamos cunha liña de traballo para todo o curso co fin de, potenciar actuacións de alimentación saudable, relaxación, concienciación dun planeta sostible... para que sirvan de formación ao alumnado.

Esta comisión anunciará as reunións para permitir que calquera membro do claustro poida incorporarse e facer aportacións. As propostas irán á CCP onde serán aprobadas.

Trataremos de dar coherencia ás actividades integrando a todos e coordinando a participación en obradoiros, exposicións... con temas tan importantes e variados coma os seguintes:

- Inauguración da Biblioteca e inicio do proxecto.
- Continuación con: Horta escolar, reciclaxe, compostaxe, acompañamento emocional, patios inclusivos...
- Continuidade da actividade panca 305 "Miradas emocionais".
- Establecemento de obradoiros e traballo de conmemoracións.
- Continuamos co proxecto deportivo de centro, coa finalidade de dar resposta ao plan de vida activa e saudable.
- A espera da chegada de diversos materiais de Polos Creativos para a introdución e uso en prol do Proxecto (robótica, plotter, impresión 3D...)
- Integración do Proxecto a través do Equipo de Plurilingüismo traballando as músicas e a súa relación co ámbito pictórico-artístico.
- Edixgal e TIC, empregando os ordenadores como fontes de aprendizaxe e creación de produtos como pode ser a elaboración de Podcast, montaxe audiovisual e o uso de Scribus para facer o xornal da escola, dando visibilidade ao Proxecto. Ademáis disto, actualización dos blogs e da web, así como o uso de Instagram para a maior celeridade e achega de información.

Esperamos que poidamos coas nosas actividades recuperar a interacción entre os distintos niveis e favorecer a integración dos nenos e nenas de distintas idades, como viña sendo a nosa tradición, así como co noso modelo de actuacións, favorecer á participación dos distintos



sectores da comunidade educativa, que polas razóns que todos coñecemos no puideron implicarse na vida escolar.

Ao Son do 2
CEIP Plurilingüe Nº 2

CEIP Nº 2
de Tui

NATURALIZA-T	EMOCIONA-T	ACTIVA-T	INCLÚE-T	DIXITALIZA-T	COMUNICA-T
NATURALIZA-T Coidado do medio ambiente, biodiversidade e ecohorta.	EMOCIONA-T Acompañamento emocional, saúde mental e vida en sociedade.	ACTIVA-T Vida activa, deportiva e saudable.	INCLÚE-T Atención á diversidade	DIXITALIZA-T CON RESPONSABILIDADE Uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación	COMUNICA-T Plurilingüismo, Comunicación artística e musical
PROXECTO: Voz Natura Residuos Cero	PROXECTO Contratos-Programa Emocionate. PFPF	PROXECTO Plan deportivo de centro e alimentátese ben	PROXECTO Programa Inclúe PROA + PLAMBE	PROXECTO Programa EDIXGAL Polos creativos Faro na escola.	PROXECTO: Rede de centros plurilingües de Galicia
ODS 4, 11, 12, 13, 15	ODS 3, 4, 5, 16	ODS 3, 4, 5, 10	ODS 4, 5, 10, 16	ODS 4, 9, 10	ODS 4, 10

O obxectivo final deste proxecto é o traballo das ODS

de Tui

Comemoración / Actividade	Equipo Impulsor+ Axuda	Proposta	Datas
Benvida ao Cole	Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias	Decoración portas de entrada, colocación de globos e listaxes de alumnado nos atrás e taboleiros. Proposta de actividade: Playlist de músicas.	11/09/24
Xornadas Promoción	Equipo Deporte no 2 Club Judo Tui	Xornada Promoción Judo	12/09/24
	Equipo Deporte no 2 Club Bádminton Tui	Xornada Promoción Bádminton	16/09/24
	Equipo Deporte no 2 A Quinta Futsal Tui Club Remo Tui	Xornada Promoción Fútbol Sala e Remo	17/09/24
	Equipo Deporte no 2 Disom Tui Club Balonmán Tui	Xornada Promoción Kung Fu e Balonmán	18/09/24
	Equipo Deporte no 2 Club Baloncesto Tui	Xornada Promoción Baloncesto	19/09/24
Apertura da Biblioteca. Presentación Proxecto "Ao Son do 2"	Equipo Proxecto Equipo Biblioteca	Apertura da Biblioteca. Explicación do uso. Vídeo de presentación do Proxecto e estilos musicais de cada nivel.	30/09/24

Campeonex	DO e Concello de Tui	Proxección de Campeonex no Teatro da Área Panorámica de Tui	23/10/24
Xornada de Xogos Populares Infantil Inauguración Milla	Equipo de Deporte no 2	<p>9:15h Preparación dos xogos alumnado de 6º.</p> <p>10:00h Xornada de Xogos para alumnado de Educación Infantil.</p> <p>11:45h Fin Xornada. Recollida dos xogos alumnado de 6º.</p> <p>12:10h Inauguración da Milla.</p>	24/10/24
Xornada de Xogos Populares Baixada de Carrilanas Magosto	Equipo de Deporte no 2 Equipo Actividades Extraescolares	<p>9:15h Preparación dos xogos alumnado de 6º</p> <p>10:00h Xornada de Xogos para alumnado de EP.</p> <p>10:00h Xogos coas carrilanas para alumnado de EI</p> <p>11:45h Fin Xornada. Recollida dos xogos alumnado de 6º.</p> <p>12:00h Preparación de fogueira e Baixada de carrilanas.</p> <p>12:45h Degustación de castañas</p>	25/10/24
Proba de Campo a Través	Equipo de Deporte no 2 Agrudebam	Proba de Campo a Través de 2º a 5º EP nas Instalacións deportivas do Campo da Canosa no Rosal	29/10/24
Proba de Campo a Través	Equipo de Deporte no 2 Agrudebam	Proba de Campo a Través para 6º EP nas Instalacións deportivas do Campo da Canosa no Rosal	30/10/24

Samaín	EDLG	Elaboración da Apócema do 2. O alumnado que o desexe poderá vir disfrazado e traer merenda típica de esta data para facer a cuchipanda.	30/10/24
Día universal da Infancia	D.O	Proposta de actividades para as aulas	20/11/24
Excursión Naturnova	2º EP	Excursión a Naturnova (Vigo)	22/11/24
Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller	D.O	Proposta xeral a determinar	25/11/24
Proxecto 4º EP	4º EP	Bailes de Salón: Vals, Pasodobre, Salsa	Novembro 24
Día Internacional das Persoas con Discapacidade	D.O	Actividade conxunta para todo o centro. Pendente de concretar.	03/12/23
Preparación do Nadal	Voz Natura	Proposta a determinar	2-13/12/24
Badaladas no 2	Equipo de Profesorado de Educación Musical e Equipo de actividades complementarias	Actividades musicais (Mestres de música + titorías) Badaladas.	20/12/24
Proxecto 6º EP	6ºEP	Rock	Decembro 24

Formación Profesorado	Equipo docente	Polos creativos Innovación ámbitos	Datas a concretas polo CFR
Día Escolar da non Violencia e da Paz	Equipo proxecto	Proposta a determinar	30/01/25
Proxecto 2º EP	2º EP	Músicas do mundo. Etnomúsica: orixe, instrumentos...	Xaneiro 25
Día de Rosalía de Castro	EDLG	Proposta a determinar	23/02/25
Entroido Ordes do Meco e desfile	Biblioteca AECE EDLG	Realización dunha semana coas ordes do meo e finalización cun desfile	24-28/02/25
Proxecto 1º EP	Voz Natura	Músicas do mundo. Latino: tango, samba e vallenato	Febreiro 25
Día Internacional da Muller	DO	Proposta a determinar	8/3/25
Semana da Prensa	Biblioteca TIC (Faro da Escola)	Elaboración do xornal do 2	Segunda semana de marzo
Proxecto EI	EI	Musicais	Marzo 25
Día das Artes Galegas	Plurilingüismo	Proposta a Determinar	1 de abril
Día Mundial da Saúde	Equipo Deporte no 2	Proposta a determinar	7/4/25

Semana do libro	Biblioteca	Proposta a determinar	Semana do 23 de abril
Proxecto 3º EP	3º EP	Músicas tradicionais españolas. Tradicións andaluzas	Abril 25
Día Internacional contra o Acoso Escolar	DO	Proposta a determinar	2 de maio
Semana das Letras Galegas	EDLG Biblioteca	Proposta a determinar	Semana do 17 de maio
Proxecto 5º EP	5º EP	Músicas tradicionais españolas. Música tradicional galega	Maio 25
Excursión “Onde viven os contos”	2º EP	Excursión a Nigrán “Onde viven os contos”	3/6/25
Día Mundial do Medio Ambiente	Voz Natura	Proposta a determinar	5/6/25
Aloiada 2025	Equipo Deporte no 2 Centros educativos de Tui	Aloiada 2025 (6º EP)	12-13/6/25
Tui en Ruta 25	Equipo Deporte no 2	Tui en Ruta 25 (5º EP)	17-18/6/25

Ao Son do 2. O musical	Equipo Proxecto	Representación final do proxecto Ao Son do 2 no Teatro Área Panorámica	19/6/25
-----------------------------------	-----------------	--	---------

Quedan pendentes outras actividades e excursións, aínda por concretar, e aquelas que xurdan durante o curso académico 2024-2025.

8.3. PLANS, PROGRAMAS: PROA+ /PROX. LECTOR / TIC - PLAN DIXITAL – EDIXGAL - POLOS CREATIVOS /VOZ NATURA / PROXECTA

Moi ao noso pesar, neste curso 24/25 tiñamos previsto solicitar programas de éxito educativo nas seguintes modalidades de Contratos-programa, para darlles continuidade como en anos anteriores:

- “Recupéra-t”: PROA + para 3º-4º-5º-6º Ed. Primaria.
- Programa Acompaña, para Ed. Infantil e 1º-2º de Ed. Primaria.
- “Inclúe” no apartado 2 IGUÁLA-T, 3 CONVIVE-T e 5 EMOCIONA-T para o alumnado de infantil e primaria.

Este ano debido á supresión destes programas, o noso centro a día de hoxe conta cun mestre de apoio en Educación Primaria e un mestre de Acompaña menos (un total de dous mestres menos).

PROA +

Razóns que xustifican a participación no programa PROA+

O CEIP Plurilingüe Nº 2 é un centro educativo que ten escolarizados actualmente a 330 alumnas/os. Este número de alumnado implica unha gran diversidade de formas de aprender. Alén diso, na comunidade educativa, temos numerosas familias que viven situacións difíciles con repercusión directa nos resultados académicos dos cativos e precisamos paliar este déficit para fomentar a calidade, a equidade a inclusión e o éxito nestes discentes.

Para compensar as desigualdades producidas pola situación xeral na que vivimos e pola específica de cada familia precisamos aumentar os recursos docentes na atención educativa dun número considerable de alumnado proporcionando o reforzo, apoio e acompañamento

na aprendizaxe de contidos esenciais procurando a participación no grupo-clase. Resumindo, garantir a inclusión e a equidade que aseguren o éxito escolar de todo o alumnado. O curso pasado o noso centro contou cun mestre a media xornada para 2º e 3º ciclo de EP. Este ano, pregramos da concesión de persoal para este programa non só aumentando a tempo completo nestes ciclos, e dado que este ano exténdese a toda EI e EP (un total de 330 alumnos e 18 unidades), só contaremos, no caso de ser concedido, cos recursos que a Consellería nos envíe.

Obxectivos que se propoñen

- Apoiar o alumnado vulnerable para a mellora do seu rendemento académico e desenvolvemento do éxito educativo.
- Reducir as barreiras de aprendizaxe que dificultan alcanzar e superar os obxectivos e competencias de cada nivel educativo.
- Facilitar a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para favorecer a súa formación e previr o risco de fracaso e abandono escolar.
- Reducir o número de alumnos/as que presentan dificultades para a aprendizaxe.
- En definitiva: mellorar os resultados académicos do noso alumnado facilitando o desenvolvemento da súa personalidade e formarse como persoa, procurando a autorregulación da aprendizaxe e o saber facer.

Medidas que se pretenden desenvolver

Apoiar ao alumnado dentro e fóra da aula ordinaria, buscando o máximo aproveitamento dos recursos humanos para proporcionar un ensino personalizado.

Procuraremos a mellora dos seguintes aspectos:

- Desenvolvemento da expresión oral e escrita, aumentando o vocabulario.
- Cálculo matemático, razoamento e resolución de problemas e pensamento lóxico.
- Mellora da participación na aula.
- Autorregulación da aprendizaxe.
- Mellora dos procesos cognitivos básicos.
- Aumento da interacción positiva e de modelos de resolución pacífica de conflitos contribuíndo á mellora da convivencia.

- Incremento da autoestima do alumnado facéndolles sentirse capaces de enfrontarse a novos retos de aprendizaxe.
- Hábitos e técnicas de estudo.

Segundo o exposto, tanto de modo individual coma en pequeno grupo, realizaremos:

- ✓ Exercicios de vocabulario, comprensión e expresión oral e escrita, xogos de palabras...
- ✓ Actividades de numeración, cálculo mental, razoamento, resolución de problemas, pensamento lóxico..., adaptadas a situacións da vida real.
- ✓ Posta en práctica de hábitos par mellorar o rendemento escolar: organización de horarios, anotación de tarefas, elaboración de resumos, esquemas e mapas conceptuais...
- ✓ Creación de situacións para a resolución pacífica de conflitos, co fin de mellorar a convivencia e potenciando o respecto e as boas relacións.
- ✓ Realización de exercicios de habilidades sociais para aumentar a autoestima do alumnado e fomentar a inclusión.

Recursos necesarios para o desenvolvemento do programa

Recursos persoais: profesorado de PT.

Recursos materiais:

- Material funxible variado.
- Ferramentas e recursos dixitais.
- Materiais educativos diversos elaborados polas editoriais, contos.

Proceso de seguimento e avaliación interna do programa

Para asegurar a calidade do plan de mellora faise precisa unha avaliación interna ou autoavaliación que nos leve a unha reflexión conxunta sobre a idoneidade tanto do proceso como dos resultados.

As persoas implicadas nesta avaliación serán os equipos educativos de 3º-4º-5º-6º, a xefatura de estudos, a persoa orientadora e as familias.

Realizaremos unha avaliación inicial para concretar o punto de partida das actuacións; xuntanzas trimestrais que nos permitan facer o seu seguimento e unha avaliación final que nos permita coñecer os logros de éxito acadados e a necesidade de continuación do plan de mellora para o seguinte curso.

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

A lectura é un instrumento fundamental na formación integral da persoa. Os nenos e nenas desenvolven, a través dela, potencialidades cognitivas, afectivas, sociais, morais, emocionais e creativas que axudan a convertelos en persoas máis libres e preparadas para a vida. Na sociedade actual, a lectura cobra aínda maior dimensión, ao incorporarse o texto escrito a outros usos, a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Ademais o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora constitúen a base para o conxunto das aprendizaxes curriculares. O éxito escolar virá condicionado, en moitos casos, polo dominio instrumental destas técnicas e habilidades. Neste contexto, o que pretendemos é sistematizar todas aquelas accións encamiñadas a promover a lectura, a escritura e as habilidades informativas do noso alumnado.

OBXECTIVOS XERAIS

- Utilizar a biblioteca escolar, integrándoa na practica docente, transformándoa nun centro xerador de actividades que desenvolvan hábitos lectores, competencias escritoras e habilidades de aprendizaxe.
- Impulsar e dinamizar os proxectos documentais integrados (PDI) do centro.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Fomentar nos nenos/as, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica no seu contorno.
- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de ocio e como recurso para o desenvolvemento intelectual e cultural.
- Potenciar actividades de escritura de diferentes textos, en diferentes soportes así como a procura documental para a elaboración de proxectos de traballo.
- Establecer un programa de formación de usuarios de bibliotecas para que aprendan a desenvolverse autonomamente na busca de información.
- Realizar actividades de animación lectora, de interrelación entre niveis e coa participación das familias.
- Informar ás familias da necesidade da lectura e implicalas no proxecto de lectura que se estableza no centro o na aula.

- Favorecer o uso dos recursos informáticos e internet para a obtención de información.
- Manter unha relación fluída coas diversas bibliotecas escolares e municipais da localidade.
- Implementar o pensamento computacional.
- Crear recunchos STEM a través de espazos Maker.
- Fomentar o desenvolvemento das alfabetizacións múltiples.
- Apoiar o desenvolvemento do currículo integrado das linguas (AICLE).
- Fomentar o desenvolvemento da lingua estranxeira.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO

- Espertar e aumentar o interese pola lectura.
- Mellorar a expresión oral.
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación adecuadas.
- Utilizar a lectura como medio para ampliar vocabulario e fixar a ortografía correcta.
- Aumentar a comprensión lectora en todas as áreas do currículo.
- Conseguir, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do entorno.
- Utilizar a biblioteca como centro de recursos para a búsqueda e tratamento da información de maneira efectiva.
- Incorporar as tecnoloxías da información e a comunicación ao día e día do traballo escolar, de forma que aprendan a utilizalas e a analizar a información que se obtén delas de forma crítica.
- Converterse en lectores capaces de desenvolverse con éxito tanto dentro coma fóra do ámbito escolar.
- Apoiar a aprendizaxe da lingua estranxeira.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CENTRO E O EQUIPO DOCENTE

- Participar de forma activa na aplicación deste proxecto.
- Lograr, a través da formación e da colaboración, unha mellora no coñecemento das habilidades lectoras e das estratexias de ensino máis adecuadas para levar á práctica.



- Potenciar novas metodoloxías ofrecendo recursos alternativos ao libro de texto e ampliando as vías de acceso á información e o coñecemento introducindo a robótica e a programación.
- Crear un espazo que fomente unha actitude positiva cara á lectura.
- Participar nas tarefas da biblioteca como colaborador/a e dinamizador/a.
- Incorporar ás áreas curriculares contidos e actividades para desenvolver a comprensión lectora.
- Fomentar o hábito da lectura a cotío e a afección á lectura como un ben cultural en si mesmo e no tempo de lecer.
- Diseñar actividades lectoras axeitadas a cada materia.
- Diseñar estratexias comúns para o apoio ao alumnado con dificultades.
- Facilitar o deseño de actividades dentro do marco do currículo integrado das linguas.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA AS FAMILIAS

- Converterse en modelos de bos lectores e contribuían a estimular a lectura dos seus fillos/as na casa ou no seu tempo de ocio.
- Apreciar a Biblioteca coma centro de documentación e lugar de formación.
- Participar nas actividades que lles propoña o centro.
- Proporcionar materiais de lectura ás familias.

ACTIVIDADES POR NIVEL

EDUCACIÓN INFANTIL

(Contará cunha biblioteca na súa zona, específica para esta etapa)

- Recoñecer en carteis o propio nome e o dos demais.
- Recoñecer outras palabras significativas (días, conmemoracións...).
- Lectura global de palabras sinxelas e moi utilizadas nas diferentes unidades didácticas ou proxectos.
- Lectura de mensaxes de personaxes ou seres máxicos que anuncian a chegada dun libro.
- Lectura de imaxes e interpretación de pictogramas (lectura de carteis, láminas,...).

- Lectura de contos con apoio visual e gráfico.
- Busca de información sobre diferentes temas.
- Creación de libros escritos e ilustrados polos nenos/as sobre distintos temas.
- Lectura comprensiva de textos sinxelos relacionados con cada unidade didáctica ou proxectos que se están desenvolvendo.
- Traballos arredor das maletas viaxeiras
- Audición de contos.
- Representacións teatrais.
- Proxeccións de cine baseadas en textos literarios e documentais relacionados cos seus proxectos.
- Préstamos de libros.
- Campaña de sensibilización ás familias sobre a importancia da lecto-escritura nas reunións de nivel.

EDUCACIÓN PRIMARIA

PRIMEIRO E SEGUNDO NIVEL :

(En tódalas clases haberá un recuncho de lectura)

Lectura libre (25 minutos diarios).

- Diariamente, os nenos e nenas realizarán na clase unha actividade de lectura compartida (lectura entre todos/as dun texto seleccionado con traballo de fluidez e entoación adecuadas), ou de lectura comprensiva (texto curto con actividades relacionadas).
- Lectura e resolución de adiviñas.
- Lectura, e memorización de trabalinguas.
- Lectura e recitado de textos poéticos.
- Audición de contos
- Cine fórum baseado en películas sobre textos literarios.
- Proxección de documentais.
- Lectura e representación (dramatización) de contos
- Creación e ilustración de historias.



- Busca e selección de información sobre diferentes temas relacionados cos proxectos que van desenvolver.
- Manexo do xornal. Elaboración dun xornal da clase.
- Uso do ordenador como consulta, lectura ou creación de textos.
- Lectura semanal dun libro elixido libremente (con elaboración de ficha na casa).
- Lectura diaria na casa. Implicación das familias
- Campaña de sensibilización ás familias sobre a importancia da lectoescritura nas reunión de nivel.

TERCEIRO E CUARTO NIVEL:

Lectura libre diaria (25 minutos diarios)

1 sesión de traballo (como mínimo) na Biblioteca do Centro cada semana.

- Continuación e fortalecemento dos aspectos traballados no nivel anterior, ampliando a dificultade.
- Traballo de fluidez e entoación adecuadas, a partir de textos adaptados ao seu nivel.
- Lectura e comentario de textos, (lendas, poesías, refráns, adiviñas, rimas, acrósticos, xeroglíficos, sopas de letras, anagramas, lecturas dramatizadas...).
- Facer exposicións orais das lecturas realizadas.
- Actividades de "lectura activa": invención de contos, diálogos, textos incompletos,...
- Actividades de ilustración das lecturas (personaxes, escenas determinadas, secuencias,...)
- Actividades de comprensión e constatación do grado de retención de datos.
- Actividades de vocabulario: campos semánticos, sinónimos e antónimos, crucigramas, etc.
- Utilización do dicionario como instrumento de localización do vocabulario descoñecido
- Actividades que exerciten a memoria.
- Actividades gramaticais e de coherencia textual.
- Actividades de ortografía.
- Actividades de resume ou sínteses.
- Actividades de exposición dos propios traballos.



- Actividades de reflexión tras a lectura dos textos
- Fichas de lectura.
- Actividades de escritura: taller de prensa, taller de contos ...
- Busca de información sobre temas que teñan relación co currículo.
- Actividades Tic: manexo das novas tecnoloxías par buscar documentación sobre contidos de tódalas áreas, e para empezar a presentar traballos escritos.
- Campaña de sensibilización ás familias sobre a importancia da lectoescritura nas reunión de nivel.

QUINTO E SEXTO NIVEL:

Lectura libre diaria (25 minutos diarios)

1 sesión de traballo (como mínimo) na Biblioteca do Centro cada semana.

- Continuación e fortalecemento dos aspectos traballados no nivel anterior, ampliando a dificultade.
- Traballo específico de técnicas de estudio partindo da lectura comprensiva de textos: ideas principais e secundarias, resúmenes,...
- Traballo de fluidez e entoación adecuadas, a partir de textos adaptados ao seu nivel.
- Utilización dos dicionarios das diferentes linguas para mellorar a comprensión do significado das palabras nalgúns textos.
- Realización de exposicións orais das lecturas ou as investigacións realizadas polos alumnos/as.
- Participación en debates.
- Colaboración activa no bo funcionamento da biblioteca do centro no recreo.
- Actividades de escritura: taller de prensa, taller de contos ...
- Actividades de “libro fórum” (libro lido por todos e establecemento de debate posterior).
- Busca de información sobre temas que teñan relación co currículo.
- Actividades Tic: manexo das novas tecnoloxías par buscar documentación sobre contidos de tódalas áreas, e para empezar a presentar traballos escritos.

- Establecer frecuentes utilizacións dos recursos bibliotecarios para o traballo cotiá de aula nas áreas impartidas.
- Campaña de sensibilización ás familias sobre a importancia da lectoescritura na reunión de nivel.
- Lectura e comentario de prensa e xornais.

ACTIVIDADES ADAPTADAS PARA ALUMNOS/AS CON NEE

Iniciarase canto antes o tratamento das dificultades lectoras con sesións de apoio ou reforzo.

Os/as titores/as, en colaboración co Departamento de Orientación do Centro, decidirán a periodicidade, a duración e o/a responsable de impartir as sesións de apoio, e poñerán en marcha os seguintes tipos de actividades, acorde coas necesidades de cada neno/a:

- Actividades dirixidas a fomentar o interese pola lectura.
- Actividades dirixidas a desenvolver a comprensión lectora.
- Actividades dirixidas a supervisar a lectura.
- Actividades dirixidas a avaliar a comprensión do texto.
- Actividades dirixidas a orientar as producións escritas posteriores á lectura.

Ademais contarán, se é preciso con materiais e axuda adaptada as súas necesidades.

ACTIVIDADES ADAPTADAS PARA ALUMNOS/AS ESTRANXEIROS/AS

En xeral participarán nas mesmas actividades que os seus compañeiros/as e recibirán a axuda que necesiten en cada caso:

- Actividades dirixidas a fomentar a participación na aula adaptando textos en canto a léxico..., para axudar a unha mellor comprensión.
- Actividades dirixidas á selección de textos sinxelos a nivel sintáctico pero adaptados ao seu nivel e intereses.
- Actividades dirixidas a compartir textos que traballen valores como a non discriminación ou temas multiculturais que faciliten o coñecemento do país de orixe a todos os/as compañeiros/ as.



Ademais contarán, se é preciso con materiais e axuda adaptada as súas necesidades.

ACTIVIDADES PROPOSTAS NO ÁMBITO COMPLEMENTARIO AO CURRICULAR

- Actividades de “contacontos”.
- Contos interniveis (Os maiores len aos máis pequenos).
- Apadriñamento de pequenos lectores: Os maiores son padriños e madriñas dos pequenos/as e fanlles agasallos relacionados cos libros.
- Actividades de rexistro de lectura, onde cada alumno plasmará os libros que foi lendo o longo do curso.
- Elaboración de traballos colectivos no que participarán tódolos alumnos do Colexio realizando os textos e a ilustracións dunha páxina por aula e dándolle finalmente formato de libro (portada, contraportada ...).
- Investigacións nas que colabora todo o colexio.
- Conferencias interniveis.
- Actividades propostas pola Biblioteca.
- Actividades propostas polos equipos de Actividades Complementarias e Dinamización da Lingua Galega.

ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS

Nas reunións cos pais e nais trataremos de ...

- Concienciarlos da importancia de establecer un bo clima de lectura na casa.
- Suxerir pautas para que axuden na animación á lectura fora do centro. Por exemplo:
 - Falar moito cos nenos/as para potenciar a linguaxe oral.
 - Ler contos aos nenos/as máis pequenos.
 - Compartir lecturas: comentar libros, noticias dos xornais...
 - Ser socios e visitar a Biblioteca Pública.
 - Visitar librerías acompañados dos seus fillos/as.
 - Agasallar con libros en datas determinadas: aniversarios, Nadal, etc.
 - Pedir colaboración no desenvolvemento das actividades propostas no centro.
 - Facilitar lecturas que propicien a educación en valores dos seus fillos e fillas.

COLABORACIÓNS CON OUTRAS BIBLIOTECAS

- Participar en actividades propostas pola Biblioteca Municipal, dentro do horario escolar.
- Dar publicidade entre o noso alumnado das actividades que organiza fóra do horario escolar.
- Relacionarnos cos equipos de biblioteca doutros colexios e compartir experiencias.

ACTIVIDADES SISTEMATIZADAS

HORA DE LER: a hora de ler (25 minutos diarios) dentro do horario curricular de cada un dos cursos ubicarase nunha determinada banda horaria prioritaria (á entrada do recreo), deixando certa flexibilidade en función dos horarios de cada un dos cursos. Como norma xeral a hora de ler será impartida por tódolos titores de educación infantil e de educación primaria e realizarase na aula incorporando de forma equilibrada distintos contidos.

ACTIVIDADES DIARIAS DE LECTURA NAS DIFERENTES ÁREAS

As programacións didácticas incluirán en tódalas áreas obxectivos e actividades relacionadas coa lectura.

Traballarase os seguintes aspectos:

- Localizar información específica.
- Utilizar diferentes formatos de textos: continuos (descrições, narracións, exposicións, argumentacións) e discontinuos (formularios, anuncios gráficos, mapas, táboas ...)
- Distinguir as ideas principais.
- Comprender os contidos.
- Aplicar de forma practica o lido.
- Valorar a lectura coma unha actividade imprescindible para o desenvolvemento persoal facéndose consciente de que con ela pódense ter máis argumentos sobre temas, entender mellor os sentimentos propios e os dos demais, mellorar na capacidade de crítica e evitar a manipulación en ideas e comportamentos.
- Potenciar a comunicación e a expresión: ler e conversar.

ACTIVIDADES XENERADAS POLA BIBLIOTECA

A biblioteca constituirá o motor fundamental para o desenvolvemento das actividades de lectura e a súa dinamización terá un papel destacado para o logro dos obxectivos previstos. O alumnado de tódolos niveis coa guía dos seus profesores participará en tódalas actividades propostas desde a biblioteca.

As principais actividades serán:

- Préstamo de materiais
- Actividades de lectura compartida
- Actividades de busca de información
- Concursos
- Conferencias
- Obradoiros de escritura creativa
- Recuncho Maker para fomentar o traballo STEM.
- Recitais de poesía
- Representacións de contos ou obras teatrais
- Exposicións temáticas
- Recomendacións literarias
- Proxección de películas ou documentais
- Organización de eventos.
- Patios inclusivos

ACTIVIDADES NOS NIVEIS EDUCATIVOS

- Elaboración dunha programación de actividades e materiais para o tempo dedicado á lectura, coordinándose todo o nivel.
- Realización das actividades propostas por parte tanto dos titores coma dos profesores especialistas.
- Información ás familias tanto nas reunións xerais coma nas entrevistas persoais dos ...
- Obxectivos do proxecto lector
- Procedemento para o seu desenvolvemento
- A responsabilidade que teñen coma pais e nais.



- Consellos sobre o control da lectura dos seus fillos/as: expresión, comprensión...
- Orientación e suxestións sobre posibles lecturas según a idade e gustos.

ACTIVIDADES PARA AS FAMILIAS

- Participación en actividades e tarefas relacionadas co PDI e o fomento da lectura.
- Participación dos pais e nais ou outros familiares en tódalas actividades complementarias e extracurriculares que se lles solicite.
- Valoración desas mesmas actividades.
- Colaboración para o desenvolvemento de actividades puntuais.
- Axuda na casa, complementando o traballo desenvolto no horario lectivo.
- Proposta de lecturas que propicien a educación en valores dos seus fillos e fillas.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Respecto aos espazos usarase calquera espazo do colexio que se considere adecuado nese momento para actividade a desenvolver, creando un ambiente que favoreza a motivación, a atención e a concentración. Nas aulas crearase un recuncho para a biblioteca de aula. A biblioteca será un lugar de visita para tódolos niveis. Respecto aos tempos , a biblioteca funcionará de forma ininterrompida durante toda a xornada lectiva, nos recreos estará aberta para tódolos alumnos/as que queiran usar o servizo de préstamo. Os tempos de lectura nas aulas serán organizados polos diferentes equipos de profesores.

PLAN DE FORMACIÓN

O profesorado formarase a través da participación en cursos ou en grupos de traballo.

O intercambio de ideas e experiencias e o traballo colaborativo favorecerá tamén a formación dos mestres/as.

O profesorado asistirá a tódalas reunións que se consideren convenientes para o desenvolvemento do proxecto e buscará informacións e recursos que axuden a poñelo en práctica.

O profesorado se formará no uso da nova aplicación para o uso das bibliotecas escolares KOHA.

AVALIACIÓN

A avaliación será un proceso continuo e actualizado.

Interesa analizar as situacións de partida do alumnado, do profesorado e dos sectores implicados no contexto do proxecto.

Tamén é necesario coñecer o desenvolvemento do traballo e a súa incidencia, a través da dinámica de traballo dos equipos, uso dos servizos creados e dos medios dispoñibles.

Os criterios para avaliar o desenvolvemento do proxecto e o logro dos obxectivos propostos son:

Respecto ao alumnado

-O índice de lectura e o hábito creado a través das fichas de lectura persoais e dos controis de préstamo e uso das bibliotecas de aula e de centro

-O grao de autonomía e participación dos equipos do alumnado.

-Valoración dos textos propios creados e do dominio de lecturas diversas.

Respecto ao profesorado

-A inclusión do uso da biblioteca escolar nas programacións de aula.

-O cambio de actitude respecto a metodoloxías, contidos, actuacións, no campo do fomento da lectura e escritura no centro

-A integración dun horario específico dedicado a promoción lectora no seu traballo diario e a organización e uso da biblioteca de aula

-Grao de colaboración e participación nas actividades escolares e extraescolares organizadas desde a biblioteca escolar



Respecto aos pais e nais

-Os recursos humanos e materiais que aporten

-Os seus papeis de axentes dinamizadores e animadores dos seus fillos/as.

Na avaliación final teranse en conta os seguintes aspectos:

- O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- O grao de satisfacción dos/as profesores/as implicados/as na posta en práctica do proxecto.
- As actitudes e motivacións do alumnado e a súa incidencia nos resultados académicos.
- O funcionamento da biblioteca
- O desenvolvemento das medidas de coordinación.
- A idoneidade das propostas desenvoltas e as estratexias metodolóxicas aplicadas.
- A idoneidade dos materiais empregados
- A temporalización das diferentes actuacións.

TIC/ PLAN DIXITAL/E-DIXGAL/POLOS CREATIVOS

Un dos grandes retos que debemos abordar dende a escola é o de integrar as aportacións de todas as canles formativas que na actualidade nos rodean no proceso de ensinanza aprendizaxe.

As finalidades que pretendemos son:

- Incorporar as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe como un recurso máis.
- Adquirir coñecementos para o seu uso nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.
- Desenvolver a competencia dixital.

Obxectivos xerais

- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino/aprendizaxe.
- Familiarizar o alumnado no uso das TIC.

- Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper con desigualdades sociais.
- Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte dos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo nas tarefas de apoio e reforzo.
- Coñecer e poñer en práctica as normas básicas de funcionamento dos equipos informáticos e dispositivos móbiles.
- Incorporar o uso de Internet como recurso metodolóxico do proceso de ensino/aprendizaxe, conseguindo que o alumno/a acceda con capacidade de procura de información e de tratamento crítica da mesma.
- Descubrir as características e posibilidades comunicativas e informativas da rede.
- Integrar as TIC ao servizo de todas as actividades dos alumnos e mestres.
- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Favorecer o perfeccionamento do profesorado na utilización das TIC nas súas tarefas habituais do centro (programacións, memorias...)

Obxectivos para os docentes

- Mellorar o plantexamento pedagóxico a través das TIC.
- Proporcionar o acceso inmediato a recursos relacionados coas TICs.
- Facilitar o uso e almacenamento de información.
- Elaborar espazos e recursos didácticos personalizados e adaptados aos alumnos/as.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, etc.
- Introducir ao alumnado no pensamento computacional de xeito lúdico.

Obxectivos para o alumnado

- Espertar o interese por coñecer cousas diversas logrando que utilicen as pautas adecuadas para chegar a información precisa a través das TIC xa que resultan moi atractivas e motivadoras.
- Permitir a interactividade, a ensinanza personalizada.

- Utilizar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe nas diferentes áreas do currículo, así como favorecer o desenvolvemento das competencias, xa que as TIC constitúen unha fonte inesgotable de experiencias.
- Permitir intercambio de información e experiencias con outros centros da zona a través do correo electrónico, redes sociais educativas (Agueiro, Edmodo,...).
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumno e o seu afán de coñecemento.
- Adquirir conceptos tecnolóxicos básicos da linguaxe de programación.

Páxina web e Redes sociais

A páxina web do centro continuará sendo unha ferramenta fundamental para conectar o centro coas familias. Nela poderase atopar a información básica e fundamental para o desenvolvemento do día a día no centro. Tamén dinamizarase con tódalas actividades que se realicen neste curso escolar. Buscaremos que sexa unha fonte de recursos e información para a comunidade docente. Nela poderase atopar a aula virtual do centro que terá acceso privado para familias, alumnado e profesorado.

O centro conta tamén coa rede social Instagram para que as familias poidan ver as novidades do centro e o día a día nas aulas.

Aula de informática

Queremos manter a aula de informática activa e accesible para que o alumnado poida acceder aos recursos dixitais que empregue o profesorado. Para este fin organizarase da seguinte forma o uso dos equipos informáticos:

- Sexto e Quinto de Educación Primaria disporá dos equipos do Proxecto EVA E-Dixgal na súa aula.
- Cuarto, terceiro, segundo e primeiro de Educación Primaria empregarán os ordenadores da aula de informática por quendas ou ben dispoñen de ultraportátiles que poden coller durante a xornada seguindo tamén unha orde de quenda.

Faremos fincapé nos bos usos da aula, polo que colocamos un cartel coas normas básicas na aula de informática para o alumnado.

Plan dixital

Este curso seguiremos abordando o Plan dixital do centro seguindo as indicacións aportadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2024/25.

E-dixgal

Este curso é o cuarto que participamos no proxecto EDIXGAL. O alumnado de 5º e 6º de primaria contará con equipos informáticos onde terán os diferentes contidos educativos que se complementarán co material habitual.

Tamén o profesorado destes niveis que o precisou, solicitou un equipo para o seu traballo.

Polos Creativos

No curso 23-24 entramos en Polos Creativos mediante a realización dun seminario presencial dentro dos PFPP por parte do Equipo TIC e outros mestres interesados. Durante o curso 24/25 queremos levalo á práctica no centro.

PLAN PROXECTA

Este curso, en relación co proxecto do centro que estamos a desenvolver, solicitamos a participación en varios programas dentro do Plan Proxecta:

- 01 Aliméntate ben.
- 02 Proxectos de vida activa e deportiva.
- 17 Recíclate con SOGAMA.

Os proxectos de participación aparecen na plataforma correspondente e contan coa participación de todo o alumnado e de gran parte do profesorado.

As persoas coordinadoras destes plans son Beatriz González e María Díaz Rodríguez.

8.4. ORGANIZACIÓN, AGRUPAMENTO DO ALUMNADO, TITORÍAS, CALENDARIO DE XUNTANZAS

ORGANIZACIÓN, AGRUPAMENTO, CURSOS, Nº DE ALUMNOS/AS. Criterios de agrupamento do alumnado

- O agrupamento do alumnado está contemplado no PAT (Plan de Acción Titorial). Ao inicio da Ed. Infantil elabórase unha lista alfabética de nenos e outra de nenas,



procurando crear grupos heteroxéneos e con paridade de sexo para adxudicar a cada grupo-clase. En Ed. Primaria, cada curso impar, realizarase un novo agrupamento, para dar oportunidades ao alumnado de aumentar as habilidades sociais, que se manterá por dous cursos académicos.

- Durante a escolaridade na mesma etapa educativa, de darse o caso, e pasar de dous grupos a tres ou viceversa, agruparase:
 - Pasar de dous a tres grupos: O grupo A manterá os primeiros alumnos e alumnas do grupo A, os últimos alumnos do grupo B pasarán a ser o grupo C; e o grupo B estará formado polo alumnado restante.
 - Pasar de tres a dous grupos realizarase o proceso inverso ao anterior.

En ambos casos o agrupamento pasaría a ter unha duración de tres cursos académicos en lugar de dous.

Criterios a ter en conta e que poden prevalecer sobre o anterior son:

- Reparto do alumnado con necesidades educativas permanentes.
- O reparto de alumnado inmigrante.
- A situación de alumnado con problemas emocionais e/ou de conduta, xemelgos, repetidores ...
- Respéctase a permanencia do alumno/a no grupo durante o ciclo, sen embargo, por circunstancias extraordinarias, pódese cambiar algún neno ou nena de grupo.
- Se ao rematar o nivel, o titor/a, de acordo co equipo docente do curso, recomenda o cambio de grupo e ratifica a decisión o equipo directivo. Debe recollese tal proposta na Memoria de fin de curso.
- Se a dirección, así o decide, como medida disciplinaria, segundo o NOFC ou motivado por razóns de peso que conleven mellorar a convivencia escolar e a integración do alumnado.

Polo tanto, o agrupamento realizarase con criterios flexibles aínda que en ningún caso discriminatorios, evitando as agrupacións por coñecementos, rendemento, nivel intelectual, etc.

Dado que a recuperación é tarefa específica de cada profesor/a, evitarase a formación de grupos estables de recuperación, procurando en todo momento, a integración daqueles alumnos/as que teñan dificultades de aprendizaxe.

No caso de novas altas ao longo do curso, integraranse no curso do seu nivel correspondente de menor número de alumnos/as, e, de prevalecer a igualdade, onde lle adxudique o equipo directivo.

Tendo en conta a problemática crecente coa chegada de alumnos/as estranxeiros, previa a escolarización do alumno/a pola súa idade cronolóxica, a orientadora do centro realizará unha avaliación inicial para valorar a competencia curricular do rapaz. Tras ser informado o equipo directivo, procederá á escolarización no nivel máis axeitado.

En cada clase elixirase un delegado/a e subdelegado/a, segundo marcan as NOFC.

A distribución dos cursos por aula terá en conta criterios de cercanía por niveis e adaptación das mesmas aulas á idade do alumnado.

Tamén realizamos un reparto do patio en Ed. Primaria para organizar mellor os deportes que practican os alumnos/as de Ed. Primaria no recreo. O reparto dos campos queda do seguinte modo: fútbol, balonmán, brilé/baloncesto, minibaloncesto e voley. Cada nivel ten un campo para cada día segundo recolle a plantilla de horario de patios para este curso (1º e 2º comparten campo).

TITORÍAS CURSO 2024-2025

CICLO	GRUPO	TITOR / A	Nº ALUMNOS/AS
ED INFANTIL	4ºEI A	Lucía Martínez González	13
	4ºEI B	Rita Beatriz Gómez Martinez	12
	5ºEI	Noelia España Casares	23
	6ºEI A	Elizabeth Álvarez Rocha	18
	6ºEI B	Mercedes Rodríguez Iglesias	16
1º CICLO EP.	1º A	Laura Pérez Sarmiento	12
	1º B	Carmen Rebollo De Vigo	13

	2º A	Antía Sapiña González	24
	2º B	Nerea Corredera Ferreiro	24
2º CICLO EP.	3º A	María Lorena Pérez da Silvia	13
	3º B	Rosa Mª Ferreira Carrera	18
	4º A	María Carmen Vilches Saco	20
	4º B	María José Alonso da Silva	17
3º CICLO EP.	5º A	Ana Mª Castillo	23
	5º B	María Copena Soutelo	24
	6º A	Laura Santiago Álvarez	20
	6º B	Ángel Martínez Rodríguez	19
	6º C	Mª del Carmen López Pereira	21

OUTRO PROFESORADO		MATERIAS QUE IMPARTE
PROFESORADO ESPECIALISTA	Mª Pilar Gómez-Valadés Alonso	INGLÉS
	Sara García Camino	INGLÉS
	Manola Antonia Zafra González	ORIENTADORA
	Mª José Carrete Marcos	P. TERAPÉUTICA
	Rut Vázquez González	A. LINGUAXE
	Ramiro García Entenza	MÚSICA
	Lucía Verde Lareu	MÚSICA (MEDIA XORNADA)
	Beatriz González Rodríguez	ED. FÍSICA
	Pablo Villagrasa Marugán	ED. FÍSICA
	María Díaz Rodríguez	APOIO INFANTIL
	Rosa Mª Alfaya Vila	RELIXIÓN C.

Dada a importancia da colaboración cos pais e nais do centro na educación do alumnado, facilitarase ao máximo a súa relación cos titores/as.

Cada profesor/a terá en conta o Plan de Acción Titorial e realizará, polo menos, as seguintes funcións:

- Coñecer as características persoais de cada alumno/a, aspectos da súa situación familiar que repercuten ou poden repercutir no seu rendemento académico. A través da análise do seu expediente persoal e outros instrumentos válidos, intercambiando información cos pais/nais ou titores legais, para levar a cabo unha actuación coordinada entre o centro e mailas familias no proceso educativo e fomentando a colaboración destas nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.
- Orientalos de maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar aos pais/nais sobre a súa evolución persoal, rendemento académico e integración no centro.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais, coa finalidade de busca-las respostas educativas axeitadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para os alumnos/as do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Informar ao equipo de profesores/as do grupo de alumnos/as das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.
- Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos/as do seu grupo e adopta-la decisión que proceda referente á promoción dos alumnos/as dun ciclo a outro, logo da audiencia das familias respectivas, e segundo os acordos en vigor.
- Colaborar co equipo de orientación educativa nos termos que estableza o mesmo e o equipo directivo.
- Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular.

- Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos/as e mediar perante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores/as do grupo.
- Cumprimentar os documentos oficiais de avaliación referidos ao seu grupo de alumnos/as, así como manter ordenadas alfabeticamente as carpetas da documentación dos alumnos/as, sempre en secretaría.
- Controlar as saídas do centro dos seus alumnos/as, previa autorización asinada pola familia ou a presenza dos familiares para recollelos.
- Rexistrar diariamente as faltas de asistencia dos alumnos/as da súa clase (titoría), esixindo a xustificación inmediata e por escrito. Nos boletíns de cualificación/información familiar farase constar o número de faltas por sesión, xustificadas en azul ou negro e sen xustificar en vermello. Nas actas das sesións de avaliación quedará constancia da relación de alumnos/as que teñan, polo menos, cinco días de ausencia. Nestes casos avisarase ás familias e máis ó equipo directivo. De persistir a anómala situación poñerase en coñecemento dos Servizos Sociais do Concello e Inspección, se procede.
- Dedicar un tempo semanal na titoría a traballar aspectos específicos relacionados coas habilidades sociais, autoestima, resolución pacífica de conflitos, ed. En valores, dinámica de grupos e igualdade entre homes e mulleres.

Calendario de reunións

As reunións preferentemente se realizarán os martes pola tarde. Todos os equipos teñen reservado un martes de cada mes procurando non interferir unhas en outras. De ser preciso, tamén poderán facerse os luns e mércores en horario de 14:15 a 14:40 h.

Nos *apartados 13 e 14* desta PXA aparece máis pormenorizado o calendario de xuntanzas dos órganos de goberno e de coordinación docente.

8.5. HORARIOS

Os horarios, tanto dos grupos de alumnos/as como do profesorado estarán recollidos no DOC e remitirémolos ao servizo de Inspección Educativa

9. PLAN DE ACTUACIÓN ÓRGANOS COLEXIADOS E EQUIPO DIRECTIVO

Este ano, mantemos, na medida do posible, os reforzos educativos, as gardas de tarde, a organización dos martes pola tarde...

Continuamos con dúas horas e media de permanencia no centro os martes pola tarde e, como novidade, dúas horas de libre disposición para o profesorado.

Fomentamos cumprir coas nosas funcións coordinadamente.

Pensamos que debemos reflexar, neste punto, novas propostas que este equipo quere levar a cabo:

10.1 ESTRUTURACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

A organización das tardes dos martes non presenta cambios con respecto a de anos anteriores: atención ás familias, reunións de equipos, comisións...

En apartado posterior, recolleemos a plantilla de organización dos martes pola tarde coa planificación tipo para todos os meses e a concreta deste mes de outubro.

10.2 SISTEMA DE TRABALLO APOIANDO PROGRAMAS DE INNOVACIÓN

O noso é un centro con moito alumnado e profesorado. Nos distintos grupos de traballo e dinamizacións, xorden multitude de ideas que desembocaban en numerosas actividades que nos fan traballar a toda a comunidade educativa a un gran ritmo.

AO SON DO 2

Tras a dinámica e resultados obtidos nos cursos pasado propoñémonos, desde a inclusión do centro en programas de innovación educativa e os equipos docentes, vertebrar o traballo do presente curso escolar continuando o proxecto de sostenibilidade “Naturaliza-T” e “DiverXente”. Pretendemos utilizar metodoloxías cooperativas, colaborativas e construcionistas que potencien liñas innovadoras, emprendedoras e solidarias no noso centro permitindo a intracción de todo o alumnado. Cada titor/a traballará cos seu alumnado nas aulas e fóra delas diferentes temáticas relacionadas co proxecto Ao Son do 2, así como a realización de diferentes obradoiros relacionados co mesmo.

O centro traballará na liña marcada polo proxecto de centro. Consiste en desenvolver diferentes actividades durante os tres trimestres. As actuacións por trimestres serán aprobadas na CCP e/ou Claustro.

10.3 COORDINACIÓN E PRESENZA NAS DISTINTAS XUNTANZAS E DINAMIZACIÓNS

O equipo directivo pretende ter unha marcada presenza nas distintas xuntanzas e grupos de traballo, dinamizacións etc.

O primeiro eslavón da cadea será a CCP onde se farán as propostas de traballo para os diferentes equipos e departamentos: Orientación, Biblioteca, Actividades Complementarias, TIC, Deporte Escolar, Dinamización da Lingua Galega, Voz Natura... Dende alí organizaremos todo o traballo, pasará polos distintos niveis e aprobarase na CCP.

Logo, segundo a planificación dos martes pola tarde, o equipo directivo, cos grupos formados asistiremos, sempre que sexa posible, ás distintas xuntanzas de equipos didácticos.

10.4 RELACIÓNS COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Para o óptimo funcionamento dun centro é imprescindible a perfecta conexión de toda a comunidade educativa e ese é o noso pensar.

O equipo intenta que estas relacións funcionen o mellor posible, por nós mesmos e porque todos os membros da comunidade educativa se sintan cómodos traballando.

O profesorado, como un dos principios puntais, pensamos que traballa nun clima positivo a pesar de ser un centro moi numeroso en canto a compañeiros/as e con gran diversidade do alumnado.

A nosa ANPA é moi colaboradora e ten boas iniciativas, cousa que sempre agradecemos. Participa na posta en marcha de moitos servizos e actividades complementarias.

En canto ao Concello, agradecemos as melloras, pero precisamos dunha maior colaboración nas necesidades de arranxos no centro (limpeza, mantemento e vixilancia). Por outra banda, nós tamén estamos sempre dispostos a colaborar con eles facilitando a utilización de espazos do centro sempre que o necesitan: campamentos urbanos, actividades deportivas...

En canto ás familias, xa coñecen a dinámica do centro e colaboran moitísimo nas numerosas actividades.

Pensamos que as relacións entre os membros da nosa comunidade educativa son bastante positivas e esperamos seguir mellorándoas.

Para manter a comunicación coas familias empregamos como vía de comunicación oficial o Abalar móbil, por onde tamén enviamos circulares e notas informativas, optando cada vez máis por suprimir na medida do posible, o papel impreso. O profesorado de Educación Infantil emprega tamén, con autorización das familias, a plataforma “Class Dojo”.

10.5 MELLORAS NO CENTRO

No noso centro está diminuíndo o alumnado e o nº de unidades como consecuencia da baixada da natalidade. Sen embargo, moitos cursos son numerosos e precísase, cada vez máis, de reforzos educativos en momentos puntuais. Resulta difícil compaxinar coordinacións e dinamizacións de proxectos nos que participamos, gardas para aulas e estes reforzos educativos ao ir reducíndose, en número, o profesorado. Coa participación en programas de éxito escolar pretendemos mellorar o rendemento académico do alumnado contando con máis docentes, pois son moi necesarios.

Pese aos arranxos realizados, salientamos a urxencia dos seguintes:

- Mellora dos servizos de EP do edificio principal. Xa foron modernizándose algúns deles como os aseos da planta baixa, pero quedan outros pendentes como os aseos do 3º ciclo de EP.
- Ampliación (2ª fase) do patio cuberto construído polo Concello de Tui para os días de choiva que serva para o desprazamento entre o edificio principal e o ximnasio.
- Zona cuberta entre secretaría e o comedor escolar novo.
- Reparación do valado que nos separa das fincas limítrofes.
- Valado de separación da zona de Educación Infantil co aparcadoiro.
- Arranxo da casiña de barro (paredes, luminarias, calefacción, pintado...)



- Continuar coa substitución da totalidade das fiestras do centro. Aínda que en cursos pasados foron substituídas varias aulas, aínda quedan outras máis e varias dependencias para facer.
- Pintado do colexio, sobre todo as fachadas exteriores do edificio principal e corredores.
- Mellora da limpeza do colexio, tanto a de diario como limpeza profundas en períodos estivais.
- Limpeza da parte exterior do ximnasio, sobre todo despois da fin de semana e períodos estivais.
- Restituir a figura de conxerxe e empregado municipal de mantemento como tiñamos e que, trala xubilación deste, non foi substituído por outro/a.

10. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

10.1. CALENDARIO ESCOLAR

Regulado pola *Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, abranguerá dende o día 1 de setembro de 2024 ata o 31 de agosto de 2025. As actividades lectivas van dende o 11 de setembro de 2024 ata ao 20 de xuño de 2025, ambos inclusive.

Períodos de vacacións

- Día do Ensino: 31 de outubro de 2024 (non é lectivo).
- Nadal: dende o día 23 de decembro 2024 ata o día 07 de xaneiro 2025 (ambos inclusive).
- Por razóns de tradición, costume ou conveniencia pedagóxica, pode solicitarse un día non lectivo: o luns, 19 de maio de 2025.
- Entroido: 3,4 e 5 de marzo de 2025.

- Semana Santa: dende 14 ao 21 de abril de 2025, ambos inclusive. Este ano, por quinta vez, os colexios do concello de Tui teremos as mesmas vacacións que o resto de Galicia ao considerarse polas persoas con competencia que non hai interferencia coas Festas patronais de Tui.
- O luns de San Telmo é festivo local (28 de abril de 2025).

10.2. CUADRO HORARIO LECTIVO EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Gardas bus	08:55 a 09:15 (20´)
1ª sesión	09:15 a 10:05 (50´)
2ª sesión	10:05 a 10:55 (50´)
3ª sesión	10:55 a 11:45 (50´)
RECRO	11:45 a 12:10 (25´)
4ª LECTURA	12:10 a 12:35 (25´)
5ª sesión	12:35 a 13:25 (50´)
6ª sesión	13:25 a 14:15 (50´)
Garda bus	14:15 a 14:35 (20´)

10.3. HORARIO ACADÉMICO POR ÁREAS

Os horarios académicos serán elaborados pola xefatura de estudos. Damos cumprimento á seguinte normativa vixente:

- *Resolución de 23 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2024/25.*
- *Decreto 150/2022 de 08 de setembro que establece a ordenación e o currículo da Ed. Infantil.*
- *Decreto 155/2022 de 15 de setembro que establece a ordenación e o currículo da Ed. Primaria.*
- *Decreto 374/96 no seu artigo 34 e tendo en conta a normativa indicada anteriormente.*

A xefatura de estudos procurará conxugar aquelas materias nas que interveñen especialistas ou espazos do centro que temos que compartir (ximnasio, Biblioteca, aula de informática...). O horario será completado polo titor/a coas demais materias, facendo entrega do mesmo á xefatura de estudos. Terase respectar, ao máximo posible, o tempo que a lei vixente adxudica a cada área. En todo caso, a distribución horaria das áreas en cada xornada e durante a semana, realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas, e segundo o recolle a normativa vixente.

Para a distribución das sesións de EF teranse en conta, na medida do posible, que todos os cursos teñan polo menos unha sesión no ximnasio e que aos pavillóns municipais vaian unha soa vez á semana.

10.4. HORARIO DE ACTIVIDADES LECTIVAS DO ALUMNADO

Os tempos de actividades lectivas distribúense en sesións de 50 minutos, agás as sesións de lectura que son de 25 minutos e un recreo tamén de 25 minutos. En Ed. Infantil os recreos, pola súa especificidade serán máis flexibles, especialmente no período de adaptación recollido no calendario escolar para este curso.

Nos primeiros días de curso, o alumnado de 3 anos entrará en dous quendas pola mañá (período de adaptación).

O cadro do horario lectivo recóllese en apartado anterior.

10.5. HORARIO DO PROFESORADO

O profesorado, durante este curso impartirá 23 horas lectivas de docencia directa incluíndo reforzos educativos, gardas, gardas de patio, gardas de custodia ao alumnado de transporte e as de dedicación ao cargo. Ademáis dispón de 2 horas de libre disposición. Ademais das horas de garda, dedicaranse algunhas sesións a coordinacións, dinamizacións varias ou a apoio en aulas moi numerosas.

Ademais das horas dedicadas ao cargo (equipo directivo e coordinadores/as) temos no horario do profesorado con sesións para os encargados de:

- Catro sesións ao coordinador/a da Biblioteca e E-dixgal

- Unha sesión para a coordinación de Ciclo, Plan Dixital e Polos Creativos.
- Dúas sesións para a coordinación de Actividades Complementarias, Dinamización da Lingua Galega, Tic-Informática, Voz Natura.
- Tres sesións para coordinación Plurilingüe e Deporte Escolar.

En caso de faltar varios mestres ou mestras e non ser suficientes os profesores/as de garda, a substitución é prioritaria a outras actividades, coordinacións, dinamizacións, cargo ou apoios.

Criterios de substitución:

1º.- Profesorado con horario lectivo de docencia e libre por estar o alumnado de excursión.

2º.- Profesorado de garda de clase segundo a plantilla de substitucións.

3º.- Profesorado con apoio.

4º.- Profesorado con outras gardas, dinamizacións, coordinacións e equipo directivo.

Os martes de 16:00 a 18:30 h. a totalidade do profesorado permanecerá no centro para dedicalo, entre outras cousas, ás seguintes tarefas educativas:

- Xuntanza dos órganos colexiados, órganos de coordinación docente (equipos de nivel, CCP, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Activ. C. e Extraescolares, Equipo de Biblioteca, Departamento de Orientación, Plurilingüismo...).
- Atención ás familias de 16:00 a 17:00 h.

O profesorado, mentres no estean organizadas actividades pola tarde, non permanecerá polas tardes no centro, agás os martes. A partir de outubro de 2024 comezan as actividades das tardes polo que, por quendas, un profesor/a permanecerá no centro, os días lectivos, de 16:00 a 18:00 h ostentando a representación do centro e atendendo a biblioteca escolar de 16:00 a 17:00 h., segundo o calendario elaborado ao efecto.

Determinadas actividades condicionan o cumprimento dos horarios individuais do profesorado (Entroido, Magosto, Nadal...). Polo tanto, neste tipo de actividades, como norma xeral, cada titor/a farase cargo do seu grupo e os especialistas colaborarán na organización e

apoiarán ditas actividades, polo tanto, non haberá horas de libre disposición e dinamizacións. Esa hora poderá cambiarse por outra sempre que non sexa necesario substituír.

Sempre que sexa posible, non alterando gravemente as tarefas docentes, nas excursións poderán acompañar aos titores/as un profesor/a máis por nivel, de común acordo con este.

10.6. HORARIO DO CENTRO

- SESIÓN LECTIVA DE MAÑÁ de 9:15 a 14:15 h.
- AULA MATINAL de 07:30 a 09:15 h.
- COMEDOR ESCOLAR de 14:15 a 16:00 h.

Horarios de apertura da porta peonil os días lectivos da Avda. Concordia:

- Na entrada de 08:45 a 09:40 h.
- Na saída de 13:50 a 18:15 h.
- Para a aula matinal estará aberta a porta de acceso a partir das 07:20 h.

Horarios de apertura da porta de vehículos -reservado para o transporte escolar e persoas autorizadas- os días lectivos:

- Pola mañá de 07:25 a 9:40 h.
- Pola tarde: de luns a venres de 13:30 a 14:50 h.
- Os martes pola tarde de 15:45 a 19:30 h.

Horarios de apertura da porta peonil os días lectivos do fondo do patio:

- Na entrada de 09:00 a 09:40 h.
- Na saída lectiva de 13:50 a 14:40 h.
- Na saída do comedor escolar: 15:20 a 18:15 h.

Os alumnos/as que cheguen tarde dirixiranse á secretaría desde onde irán as súas respectivas aulas. Os titores ou titoras rexistrarán o atraso e recollerán o correspondente xustificante.

Son constantes as visitas ao centro dos pais/nais para traer pequenas cousas (merendas, mandilóns, tenis...). Coa intención de fomentar a responsabilidade dos nosos alumnos/as só se recollerán os óculos por consideráralos imprescindibles. Intentaremos amañar, cos nosos medios, estas outras carencias para que repercuta o menos posible nos alumnos/as. Estas e outras medidas foron comunicadas as familias en circulares informativas.

Esperamos a colaboración da comunidade educativa para un mellor funcionamento do centro educativo e a seguridade dos alumnos/a.

11.7 AVALIACIÓNS

O curso está dividido en tres avaliacións:

Primeira, corresponde ao trimestre setembro-décembro

Segunda, rematará a mediados do mes de marzo..

Terceira, rematará ao final de curso.

Pese a que as datas da avaliación están fixadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica, a data proposta para a entrega de boletíns informativos ás familias elaborados no modelo do XADE é:

1ª avaliación mércores, 18 de decembro de 2024

2ª Avaliación mércores, 26 de marzo de 2025

3ª Avaliación mércores, 25 de xuño de 2025

Para cada avaliación elabórase na CCP un calendario para as reunións dos equipos docentes (2º ciclo Ed. Infantil e 1º, 2º e 3º ciclos de Ed. Primaria). Cada ciclo disporá dun día, sendo

posible que o mesmo día sexan as de dous niveis evitando a coincidencia no horario (martes ou xoves preferentemente) para realizar as reunións de 16:00 a 20:00 h.

11. QUENDAS DE VIXIANCIA DOS RECREOS

Temos dúas zonas de recreo para o alumnado:

- Zona de Ed. Infantil: parque infantil, areeiro, zona próxima... O profesorado de garda controlará ao alumnado e vixiará tamén o acceso aos servizos no edificio principal, ás beirarrúas que dan saída do patio á Avda. Concordia e controlará a entrada ás aulas tralo remate deste.
- Zona de Ed. Primaria: campo de herba, pistas deportivas, laterais do ximnasio, espazo entre edificio principal e ximnasio... O profesorado de primaria que teña garda de recreo, controlará as entradas do alumnado de EP ás 09:15 e ás 12:10 h (algúns cursos teñen a aula a unha distancia significativa desde as filas e incluso en plantas diferentes), é importante que o alumnado acceda ás aulas acompañado polos corredores cos docentes que teñan clase nesa sesión (1ª ou lectura). Tamén vixiará as zonas de xogo tendo en conta que para cada día da semana están distribuídas, por quendas, os campos de xogo para cada nivel segundo a plantilla elaborada ao efecto (1º e 2º comparten día). Especial atención haberá que ter co alumnado de NEE (estando baixo supervisión dun docente -quendas para cada día da semana entre o profesorado que lle da clase- durante todo o período de lecer e dunha coidadora, de ser o caso). Zonas que poden dar lugar a conflitos son os servizos do ximnasio, a porta de acceso ao pavillón novo, a randeeira, recunchos e zonas máis afastadas...

Arredor do cuberto do ximnasio temos colocadas unhas mesas para realizar actividades de patio incluso durante o recreo, comezará a funcionar durante este primeiro trimestre.

No ximnasio, durante o recreo, o alumnado de 6º EP será o encargado de repartir, por quendas, material para os xogos.

Pese a que están delimitados zonas de xogos, espazos e quendas, é preciso definir as seguintes situacións particulares ante as inclemencias meteorolóxicas:

- Un día de chuvia, se un titor/a non ten garda de recreo, pode quedar na aula co seu grupo sen saír ao patio. O alumnado queda a cargo do docente tomado a merenda e realizando xogos apropiados para o espazo que ocupa.
- Os días de choiva lixeira e humidade poderanse utilizar os seguintes espazos:
 - En Ed. Infantil: aulas, corredores e zona común vixiado polas docentes con garda de recreo.
 - En Ed. Primaria:
 - Zona nova (entre edificio principal e ximnasio) para o alumnado de 1º e 2º EP.
 - Zona cuberta diante do ximnasio 3º e 4º EP.
 - Zona cuberta detrás do ximnasio para o alumnado de 5º e 6º EP.
 - Os días de moita choiva e/ou con alerta meteorolóxica os alumnos/as quedarán nas súas aulas a cargo do profesor/a correspondente.
- 1º e 2º EP: aulas e corredores ata os aseos. Estarán vixiados polo docente que teña a garda de recreo e o coidador/a, se é o caso. Cada 2 grupos ten que haber un docente, polo que, de non cumprirse a proporción, docentes sen garda de recreo terán que turnarse para non deixar desatendido ao alumnado.
- 3º e 4º EP: aulas e corredores ata os aseos. Estarán vixiados polos docentes que teñan garda de recreo. Cada 2 grupos ten que haber un docente polo que, de non cumprirse a proporción, docentes sen garda de recreo terán que turnarse para non deixar desatendido ao alumnado.
- 5º e 6º EP: aulas e corredores ata os aseos. Estarán vixiados polos docentes que teñan garda de recreo. Cada 2 grupos ten que haber un docente polo que, de non cumprirse a proporción, docentes sen garda de recreo terán que turnarse para non deixar desatendido ao alumnado.
- Algún membro do equipo directivo estará durante o recreo percorrendo os corredores e prestando colaboración na vixilancia.

QUENDAS DE VIXIANCIA E ATENCIÓN PREFERENTE NOS RECREO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
INFANTIL 83	PABLO	R. BEA	RUT	MANOLI	SARA
	R.BEA	SARA	MERCE	MARÍA D.	MARÍA D.
	MERCE	NOELIA	MANOLI	NOELIA	ELI
	ELI	LUCÍA	PABLO	LUCÍA	MANOLI
PRIMARIA 249	ROSA F.	LAURA P.	ROSA F.	LAURA P.	ANTÍA
	LORENA	ANA	LORENA	ANTÍA	NEREA
	M.C.VILCHES	MARÍA C.	PILI	NEREA	LAURA S.
	M ^a JOSÉ	LAURA S.	M ^a JOSÉ	ANA	M.C.LÓPEZ
	ÁNGEL	M.C. LÓPEZ	MARÍA C.	PILI	ÁNGEL
	ROSI*	MARÍA C*	MARÍA C*	ROSI*	RUT*

12. CALENDARIO DE XUNTANZAS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO: CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR

Hai reunións ordinarias que soen ser:

- Inicio de curso (Programación Xeral Anual).
- Final de curso (Memoria Anual).
- Trimestralmente (Avaliacións trimestrais).

Tamén pode haber reunión extraordinarias cando as convoque o seu presidente ou a petición dun terzo dos seus membros.

Horario das xuntanzas: Consello Escolar: preferentemente polas tardes, a partir das 18:00 h. para posibilitar a asistencia do maior número de membros, agás a última reunión que soe ser pola mañá.

Claustro de profesores/as: preferentemente os martes das 17:00 ás 19:00 horas. En casos especiais, que precisen dunha atención inmediata, os luns e mércores de 14:15 a 14:40 horas.

13. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE XUNTANZAS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

13.1. PROFESORADO (DEDICACIÓN POLAS TARDES)

O profesorado pode ser convocado a xuntanza, de non ser posible os martes de 17:00 a 18:30, todos os luns e mércores de 14:15 a 14:40 h.

Os martes, de 17:00 a 18:30 horas, celebraranse as xuntanzas, preferentemente, dos Órganos de Coordinación Docente (Equipos de Nivel, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Departamento de Orientación, Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Equipo de Biblioteca, Equipo TIC, Plurilingüismo...). A tal efecto aparece, máis adiante, un calendario de reunións.

14.2. XUNTANZAS DOS PROFESORES/AS TITORES/AS COS PAIS/NAIS OU TITORES LEGAIS

Como mínimo, a de principio de curso (antes de rematar o mes de outubro) e aquelas outras que se estimen oportunas. En Ed. Infantil e Ed. Primaria son moi interesantes tamén as de final de curso.

Convén que as xuntanzas coas familias sexan por curso ou nivel. Non deben coincidir máis dunha reunión no mesmo día e hora. Na xuntanza obrigatoria de principio de curso deben tratarse coas familias, entre outros temas, os seguintes:

- Liñas xerais do plan de traballo.
- Obxectivos do curso, avaliación e información da mesma.
- Normas de disciplina e convivencia.
- Xustificación das faltas e saídas do recinto escolar.
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Horario de visitas titor/a.
- Outras que se consideren importantes ou específicas do curso ou nivel coma: material escolar, alimentación, saúde, técnicas de estudio, etc.

A hora da reunión debe procurarse que sexa o máis compatible posible co traballo das familias.

CADRO DE ORGANIZACIÓN DOS MARTES

CURSO 2024-2025 ORGANIZACIÓN DOS MARTES					
	1º MARTES DO MES	2º MARTES DO MES	3º MARTES DO MES	4º MARTES DO MES	5º MARTES DO MES
16:00- 17:00	Atención ás familias	Atención ás familias	Atención ás familias	Atención ás familias	Atención ás familias
17:00- 17:45	Xuntanza CCP	Claustro Preparación obradoiros nivel	Xuntanza equipos	D.O. Realización traballos	Preparación obradoiros nivel
17:45- 18:30	Xuntanzas Equipo Proxecto	Consello Escolar Preparación de obradoiros ciclo	Xuntanza ciclos	Plurilingüismo	Preparación de obradoiros ciclo

Este cadro será flexible, podendo ser variado en función das necesidades de coordinación docente, serve de exemplo para o caso o cadro de xuntanzas do mes de Outubro:

ORGANIZACIÓN MARTES OUTUBRO 2024					
16:00- 17:00	Atención ás familias	Atención ás familias	Atención ás familias	Atención ás familias	Atención ás familias
17:00- 17:45	Preparación Obradoiros Niveis	Claustro	CCP	DO	Equipos
17:45- 18:30	Preparación Obradoiros Ciclos		Equipo proxecto	ACIS / Plurilingüismo	Ciclos
18:30		Consello escolar			

14. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN

Centro E-DIXGAL. Desde o curso 2012-2013 o centro participou en ABALAR. O curso 20-21 iniciámonos o programa E-Dixgal para o alumnado de 5º EP e xa dende do curso 21-22 é para o alumnado do 3º ciclo da EP.

PROGRAMA DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES 24-25: Os trece cursos anteriores participamos neste programa para actualizar e mellorar a nosa biblioteca de centro. Continuámolo este ano coa participación cun importante número de mestres/as. Este ano tamén solicitouse “Bibliotecas Creativas”.

COLABORACIÓN CON ONGS como EDUCACIÓN SEN FRONTEIRAS, SOS AFRICA, SOS Tomiño-Baixo Miño.... Continuamos a colaboración en numerosas actividades traballando temas e valores transversais e realizando recollida solidaria. Dende hai varios cursos, Educación Sen Fronteiras brindounos a oportunidade de participar con eles en actividades que potencian sensibilizar aos cativos e cativas: “ Un gol pola educación”, “Mulleres na raia”...

FORMACIÓN DO PROFESORADO: Un grupo numeroso de profesores/as solicita cada ano cursos de formación. Os máis solicitados son os relacionados co acompañamento emocional, novas tecnoloxías, recursos e metodoloxías, e atención á diversidade. Dada a numerosa demanda moitos deles quedan en reserva á espera de ser admitidos no caso de xurdir algunha baixa.

Por outra banda, tamén é moi solicitada a formación on-line que nos permite realizar cursos marcando nós mesmos o tempo que podemos dedicarlle e adáptanse así as nosas prioridades.

Este curso escolar, pretendemos continuar cos PFPP en liñas de actuación referidas a: metodoloxías innovadoras (tarefas integradas, DUA...), polos creativos e acompañamento emocional.

O PLURILINGÜISMO: O CEIP Nº2 de Tui presentou o proxecto porque considerou que a importancia das linguas estranxeiras, e do inglés en particular, é dunha magnitude considerable.

Asemade, entendemos que a implantación desta lingua estranxeira noutras áreas, que non sexa exclusivamente a lingüística, axudará sobre maneira aos nosos alumnos/as na adquisición dunha competencia comunicativa que atenda á realidade que lle agarda ao nosos nenos e nenas ao saír da escola.

O noso colexio non quere quedar atrás na carreira pola europeización dos centros educativos galegos e pretende ofrecer ao seu alumnado unha formación integral fomentando e estimulando a aprendizaxe do inglés, progresivamente, ata conseguir que o alumnado estea capacitado para comunicarse nesta lingua.

Cremos que o noso alumnado ten un nivel alto na expresión escrita pero non tan bo na expresión oral polo que este programa sería idóneo para mellorar a súa competencia lingüística en inglés.

Unha vez aprobado este proxecto, o inglés foi durante o curso académico 2012-13, a lingua de comunicación na área de Educación Plástica no primeiro curso de Ed. Primaria. Xa quedou completada en toda a Ed. Primaria no curso escolar 17-18. Nos próximos cursos, planease estendela á Ed. Infantil e outras materias.

Temos previsto recibir á auxiliar de conversa durante o mes de outubro de 2024 (Nathan Orozco).

15.6 Por décimo ano, continuamos participando en VOZ NATURA coa posta en funcionamento de numerosas actividades.

15.7 Continuamos participando no Plan PROXECTA en varias modalidades: “Aliméntate ben” e “Proxectos de vida activa e deportiva” con unha gran variedade de intervencións: vida activa e deportiva, Milla diaria, Móvete+, Xogade e Nutriexpertos. Ademáis, “Recíclate con SOGAMA”.

15.8 Por segundo ano e trala boa acollida do xornal na escola, participaremos en FARO DA ESCOLA, atendendo tamén á oferta de actividades que poñen en marcha en colaboración co CSIC, a editorial Xerais, etc.

15.9 PROGRAMA ACOMPAÑA: Este programa ten as seguintes metas e obxectivos:

1) Actualizar e axustar as medidas de atención á diversidade (organizativas e de recursos)

que garantan a educación inclusiva nas primeiras etapas educativas:

- Potenciar o rol do profesorado especialista (PT/AL) e o seu papel na transformación das prácticas docentes e as contornas escolares e adecuar o cociente de apoios que colaboren co profesorado na atención/resposta á diversidade.

- Capacitar o profesorado incorporado ao programa na aplicación das medidas necesarias para a educación inclusiva, favorecendo o desenvolvemento profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do profesorado especialista en Audición e Linguaxe mediante o acompañamento na súa formación específica.
- Garantir a accesibilidade universal.
- Promover e desenvolver accións colaborativas entre Centros Ordinarios e Centros de Educación Especial, de ser preciso.

2) Asegurar unha atención especializada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

- Atender o alumnado que require unha resposta educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades específicas de apoio educativo. De maneira especial a aquelas que manteñen un elevado índice de prevalencia, aínda que menor grao de severidade, e que condicionan a adquisición de aprendizaxes posteriores, así: o atraso madurativo, os trastornos da aprendizaxe, da atención e/ou alteracións na adquisición e o desenvolvemento da linguaxe.

3) Establecer procedementos que garantan a detección precoz e a intervención temperá.

15. ADENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO E ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Segundo o Decreto 79/2010 de 20 de maio no seu art. 14.4 anualmente elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na que conste:

- Os resultados das enquisas feitas aos pais/nais ou titores legais para obter información sobre a lingua materna predominante entre o alumnado, así coma as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira, de forma oral e na escrita, o coñecemento das linguas oficiais de Galicia.
- Información sobre os cambios, se os houbera, na impartición de materias en linguas estranxeiras.

No curso 17-18 rematou a implantación do Proxecto Plurilingüe, polo que a materia de plástica impártese en inglés en toda a Ed. Primaria dende entón.

- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro no curso anterior e informar tamén sobre os que se van desenvolver no curso seguinte.

A finalidade desta addenda é expoñer a situación pola que pasa actualmente a aprendizaxe e a aceptación da lingua galega no noso centro:.

1.- Obter información respecto da lingua materna , e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquiera de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais:

Tendo en conta que nos situamos nun entorno maioritariamente castelán falante, no curso académico 2017/2018, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega realizou un novo estudo socio - lingüístico con todas as familias do Centro. Para elo pasáronse enquisas a todas as familias e ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria.

No curso 2020 – 2021, a partires dos datos recollidos nas enquisas actualizouse o estudo co alumnado de 3 anos e o alumnado de nova incorporación a outros niveis, sacando as seguintes conclusións:

O 82% do alumnado é castelán falante, o 6% é galego falante, pero temos que dicir que o 18% do alumnado usa indistintamente as dúas linguas para comunicarse. Temos un 12% de alumnado estranxeiro.

Queda claro que se trata dunha comunidade castelá falante, nunha ampla maioría, e actuaremos en consecuencia.

Fomentarase a adquisición progresiva da lingua galega, fundamentalmente a nivel oral, a través de rutinas, xogos, contos, adiviñas, poesías,... de xeito globalizado ao longo de todo o curso. Especificamente traballaranse tamén en galego diferentes unidades didácticas relacionadas coa cultura e tradición galega (Samaín, Magosto, Día de Rosalía, Entroido e Letras Galegas) .

Os proxectos que se levan a cabo están en castelán para Ed. Infantil, e galego para primaria, xa que se tivo en conta a lingua materna dos nenos/as, aínda que cada proxecto complementábase cunha grande cantidade de material en galego para coidar que o alumnado adquira as competencias lingüísticas en ambas as dúas linguas oficiais de Galicia, tratando sempre de forma individualizada, a aqueles nenos/as que empreguen o galego como lingua habitual.

No caso do alumnado inmigrante, maioritariamente alumnado marroquí, apoiárase a comunicación con xestos e con imaxes visuais, introducindo paulatinamente o galego de forma globalizada, potenciando situacións de comunicación oral para facilitarlle a súa integración no grupo, tanto en galego como en castelán.

2. Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo .

A valoración das actividades realizadas no curso 2023-2024 foi positiva, acadando os obxectivos de fomento e dinamización do noso.

Temos que salientar a estreita colaboración e implicación de tódolos membros do Claustro no desenvolvemento das actividades programadas, ademais da coordinación en moitas das actividades cos demais equipos do centro, como TIC , Biblioteca, Actividades Complementarias Extraescolares...

16. ADENDA DO PROXECTO PLURILINGÜE

Desenvolvemento do Proxecto de Plurilingüismo

Nun mundo onde a globalización e a interconexión entre países son realidades xa máis que asentadas, desenvolver a habilidade de comunicarnos con persoas procedentes doutros contextos, culturas e realidades cobra máis sentido ca nunca.

Deste xeito o Plurilingüismo nos centros educativos nace para fomentar o desenvolvemento desta habilidade comunicativa na lingua inglesa. Así, unha das principais aportacións é o incremento de horas lectivas nas cales a lingua vehicular é a lingua estranxeira, contando as horas destinadas ao ensino desa lingua e as horas de materias AICLE (Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras).

No noso centro educativo rematou no curso 17-18 a implantación do Proxecto Plurilingüe, polo que a materia de plástica impártese en inglés en toda a Ed. Primaria dende entón. Polo tanto, seguindo un enfoque AICLE, en todos os niveis de Educación Primaria o alumnado e o profesorado empregará a lingua inglesa como medio de comunicación e transmisión de contidos.

Como parte da rede de centros plurilingües da comunidade autónoma de Galicia, o noso centro educativo tamén conta co apoio de persoal auxiliar de conversa. Durante o curso 2024-2025, contaremos coa colaboración dun auxiliar de conversa que será parte activa do equipo de plurilingüismo dende o 1 de outubro de 2024 ata o 30 de maio de 2025. Asumindo así un papel fundamental na achega dun exemplo de fala nativa na lingua inglesa, así coma unha aproximación a unha cultura e contexto alleos aos nosos.

Obxectivos

Para o curso 24-25 dende o Proxecto de Plurilingüismo esperamos seguir fomentando o emprego da lingua estranxeira na comunicación co alumnado. Entre os obxectivos do proxecto destacamos.

- O uso da lingua estranxeira como lingua vehicular.
- A integración do auxiliar de conversa como membro activo do equipo de plurilingüismo.
- O acondicionamento dun espazo axeitado para o desenvolvemento das actividades relacionadas coa expresión artística e plástica, que ao tempo favoreza ao desenvolvemento da habilidade lingüística.
- A elaboración dun horario que permita o máximo aproveitamento das horas de incorporación ao centro da persoa auxiliar de conversa.
- A comunicación do profesorado membro do equipo na lingua estranxeira coa persoa auxiliar de conversa.
- A continuidade do Proxecto de centro a través da clase de plástica, neste caso, coa unión da música e a arte a través de diferentes técnicas e autores.

Equipo

O equipo de plurilingüismo estará formado durante o vixente curso polo profesorado que imparte a materia de expresión artística e plástica nos diferentes cursos e niveis de educación Primaria, contando coa colaboración da persoa auxiliar de conversa asignada ao centro.

Composición do Equipo de Plurilingüismo	
Laura Pérez Sarmiento (1ºA e 1ºB)	Ana Mª Castillo García (4ºA,4ºB e 5ºA)
Sara García Camino (2ºA e 2ºB)	Mª del Carmen López Pereira (6ºA,6ºB e 6ºC)
María Copena Soutelo (3ºA,3ºB e 5ºB)	Nathan Orozco (Auxiliar de conversa)
Coordinadora: Sara García Camino	

Auxiliar de conversa

A incorporación dun auxiliar de conversa ao centro permitirá achegar ao alumnado un modelo lingüístico xenuíno e un contexto cultural novidoso. Entre as tarefas que levará a cabo estarán a realización de explicacións na lingua inglesa na materia de plástica para todos os niveis de Educación Primaria, a colaboración na preparación de actividades para levar ao cabo co alumnado, a axuda no acondicionamento do espazo destinado á materia artística, e a posta en marcha de diferentes actividades que se dean na lingua estranxeira.

17. LIBROS DE TEXTO E MATERIAL CURRICULAR

Os libros de texto e material curricular que utilizamos no centro no curso 2024-2025 engádense como Anexo desta PXA.

18. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES: DEPORTE ESCOLAR

Deporte escolar Proxectos de vida activa e deportiva (PVAD) (Xogade):

O Equipo de Deporte no 2 leva a cabo, todas aquelas actividades realizadas dentro dos Proxectos de Vida activa e Deportiva do centro, co obxectivo de constituír unha rede de centros promotores de vida activa e saudable, a través da concreción dos PDC nos centros docentes. O Proxecto deportivo de centro ten varias liñas de acción, que explicaremos a continuación, e que fixo ao noso centro merecedor da distinción de calidade de centros docentes “Sello de Vida Saudable” que concede o Ministerio de Educación, Formación profesional e deportes, como recoñecemento

público aos centros docentes tanto públicos como privados sostidos con fondos públicos e privados que fomenten a aprendizaxe da saúde no ámbito educativo, así como asumir prácticas de vida saudables e unha educación física que permita o axeitado desenvolvemento persoal e social ao longo da escolarización do alumnado.

- Plan Proxecta: Programa Xogade, dende o centro en coordinación con outros centros da zona, coa Agrupación deportiva Baixo Miño, o Servizo de Deportes de Pontevedra, cos Clubes, colexios e Concellos da zona, lévase a cabo a campaña de deporte escolar na escola para o curso 24-25. Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar (XOGADE).
 - Submodalidades:
 - Actividade deportiva escolar.
 - Actividade deportiva federada.
 - Coñece o meu club.
 - Xogos tradicionais e populares.
 - Proxecto Deportivo de centro.
 - Xogando coa auga e co vento
 - Espazo Lúdico.
 - Seguro Deportivo 6-16
- Actividades para promover un estilo saudable no centro. Dende fai varios cursos estanse a levar a cabo, diversas actividades físicas no entorno natural, co obxectivo de que cada nivel teña unha actividade de estas características, completando ao rematar a primaria o total de posibilidades que se propoñen: Alojada para o alumnado de 6º, Tui en Ruta para o alumnado de 5º, Ruta en Patinete para o alumnado de 4º, Ginkana do Camiño de Santiago para o alumnado de 3º, Ruta do Río Lagartón para o alumnado de 2º, Camiño de Santiago Portugués “Pequegrinos” para 1º, Ruta de Dna Urraca para 6º de Ed. Infantil, Bautismo Fluvial para o alumnado de 5º de Ed. Infantil e Ruta por Tui e Paseo en tren para o alumnado de 4º de Ed. Infantil.
- A todo isto temos que sumar que durante os cursos 18-21, o noso centro levou a cabo o proxecto Erasmus+ “Promoting a Healthy, Happy Lifestyle” “Promovendo un estilo de vida saudable e feliz”, xunto a varias escolas europeas. Obxectivos aos que lle queremos dar

continuidade e sumar ao novo proxecto de centro para este curso, **“Ao son do 2”** onde a nosa misión será a vida activa e saudable, a alimentación sana, vida sostible e mente feliz.

Este curso 24-25 o Equipo de Deporte Escolar seguirá, na medida do posible, con esta experiencia positiva, que nos permite tanto a expansión das actividades deportivas escolares, extraescolares como a Dinamización da web de Deporte no 2, a Milla etc... O equipo de Deporte escolar está formado por:

Composición do Equipo de Deporte Escolar	
Pablo Villagrasa Marugán	M ^a Lorena Pérez Da Silva
Rita Beatriz Gómez Martínez	María Copena Soutelo
M ^a Carmen Vilches Saco	Nerea Corredera Ferreiro
Coordinadora: Beatriz González Rodríguez	

O Centro participará na Actividade Deportiva Escolar “Programa Xogade”:

- **Dinamizacións intercentros** en horario lectivo, (balonmán, baloncesto, fútbol sala, bádminton, tenis de mesa, xadrez e voleibol) coas categorías alevín e benxamín conseguindo así a participación total do alumnado de 3^o, 4^o, 5^o e 6^o. Tamén se ten previsto xogar unha xornada de Campo a Través para Educación Primaria en horario lectivo, outra xornada de loita para 4^o EP, unha xornada de atletismo para 5^o EP e unha xornada de xogos populares para 6^o EP.
- **Actividade lúdico-recreativa.** Naquelas actividades de promoción deportiva, propostas dende a consellería e que ao longo do curso escolar lle son concedidas ao noso centro educativo, así como todas as promocións propostas polos clubs deportivos da nosa contorna: Promoción de Balonmán, de Judo, de Natación, de Padel, de Baloncesto, de Fútbol-sala, de Bádminton, Semana Europea do Deporte, Escolas da Milla...
- **Actividade deportiva en idade escolar** fora do horario lectivo (campo a través, volei, fútbol-sala, balonmán, baloncesto, bádminton e tenis de mesa). Esta actividade levase a cabo en horario de tarde (os martes ou mércores) e os fins de semana. Tamén

participaremos en calquera outra actividade que puidera xurdir ao longo do curso como xornadas de promoción....

Desde fai varios cursos, para reforzar a actividade deportiva, establécense adestramentos semanais de bádminton, campo a través, balonmán... en colaboración con outras entidades deportivas sen ánimo de lucro, do noso concello.

Así mesmo, para promover un estilo saudable no centro, o equipo de Deporte no 2 coordina a organización das seguintes actividades:

- **A xornada de Xogos Populares e Tradicional Baixada de Carrilanas elaboradas en familia que se levará a cabo na festa do magosto.**
- **A Milla escolar**, na que participa todo o alumnado, mestres e familias interrelacionado co proxecto anual do centro, e sendo o obxectivo de este ano, reunir as millas suficientes para que Bit faga soar, mensualmente as músicas que máis lles gustan ás tres clases gañadora de cada mes.
- **Os patios inclusivos de Bit:** nos que a proposta será retomar os xogos de mesa, música e diversión durante o recreo e no que participará todo o alumnado interrelacionado co proxecto anual do centro.
- **Xogos no medio natural:**
 - **Aloiada 25.** É unha proposta de Actividades no medio Natural: escalada, Orientación, Primeiros auxilios, acampada, piragüismo e remo, destinada ao alumnado de 6º de Educación Primaria, que ten unha duración de 2 xornadas, desenvolvéndose nas inmediacións do Parque Natural do Monte Aloia e o Río Miño, en colaboración con todos os centros educativos da nosa cidade prevista de ser posible, para os días 12 e 13 de Xuño de 2025.
 - **Tui en Ruta 25.** É unha proposta de Actividades no medio Natural: actividades de ciclismo, piragüismo, visita ao balneario de Caldelas, etc., destinada ao alumnado de 5º de Educación Primaria, que ten unha duración de 2 xornadas,

desenvolvéndose nas inmediacións do Río Miño e o centro educativo prevista para os días 17-18 de Xuño de 2025.

- **Ruta Saudable en Patinete 25.** É unha proposta de Actividades no medio Natural: ruta en patinete, destinada ao alumnado de 4º de Educación Primaria, que ten unha duración de unha xornada, desenvolvéndose polo carril bici da Veiga ata a praia de Guillarei, e o centro educativo.
- **Ginkana do Camiño de Santiago Saudable, Deportivo e Escolar 25.** Para o alumnado de 3º, nas inmediacións da cidade de Tui, cunha duración de unha xornada lectiva, é unha ginkana deportiva con pistas e xogos que achegan o noso alumnado ao Camiño de Santiago.
- **Ruta do río Lagartón.** Para o alumnado de 2º EP propoñemos unha actividade de sendeirismo polas ruta do río Louro e Lagartón, próximo ao colexio, que ten unha duración de 1 xornada.
- **Pequegrinos.** Para o alumnado de 1º EP propoñemos unha actividade de sendeirismo polo Camiño de Santiago Portugués, dende a Catedral ata a igrexa de San Bartolomeu.
- **Rutas por Tui:** Pasadizo de Dna Urraca e o Tui Xudío de Salomón. Para o alumnado de 6º de Educación Infantil unha ruta tipo rastrexo polo Tui antigo. Unha iniciativa que vai permitir que o noso alumnado poida tomar contacto ca nosa cidade.
- **Bautismo fluvial:** Para o alumnado de 5º de Educación Infantil propoñemos unha actividade en barco polo río Miño, en colaboración coa Comandancia Naval do Miño.
- **Visita a Tui e paseo en tren:** Para o alumnado de 4º de Educación Infantil propoñemos unha actividade en tren turístico pola nosa cidade en colaboración co tren turístico de Tui.
- **Equipo de Voluntarios no 2.** Equipo de Voluntarios de Deporte no 2. Será o alumnado de 6º de primaria que participará de apoio ás probas deportivas que

organice a Eurocidade Tui-Valença e que demande a súa colaboración: Gala do deporte tudense, Urban Trail Night, Triatlón Tui-Porriño, etc.

- **Web do Deporte no 2.** Xestión e dinamización da web do Deporte no 2 e do Taboleiro de anuncios de Deporte no 2, onde a máis de ser un lugar informativo, como punto de referencia de calquera información deportiva da escola. (Deporte na Escola) tamén poñemos en valor as sección de: Deporte en familia, Deporte en Tui e Seguimos o deporte:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipnumero2tui/blogdeportescolar>

Con todas estas actividades, permítenos acadar o obxectivo de que todo o alumnado teña contacto co medio Natural e fomentar un estilo de vida saudable, feliz e sostible.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: BIBLIOTECA ESCOLAR

En horario de 16:00 ata 17:00 horas a biblioteca do Centro permanece aberta a toda a comunidade Educativa. Na biblioteca figuran expostas as normas a seguir para poder permanecer nela e que todos e todas deberemos respectar.

PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES:

Programadas pola CCP trala planificación realizada pola Comisión do Proxecto de Centro, dos Equipos (Biblioteca Escolar, Actividades Complementarias e Extraescolares, Dinamización da Lingua Galega, Deporte Escolar, Tic...) e do D.O.:

- Inauguración Biblioteca Escolar e Festa de inicio do Proxecto: 30 de setembro do 2024.
- Samaín: 30 de outubro do 2024.
- Nadal: Semana do 16 ao 20 de decembro do 2024.
- Día da Paz: 30 de xaneiro do 2025.
- Entroido: 28 de febreiro do 2025.
- Semana das Letras Galegas: maio 2024.
- “Aloiada ” e “Tui en Ruta”: xuño 2024.

Programadas pola CCP, tamén realizaremos as seguintes conmemoracións coa colaboración dos titores/as de cada curso:

- Día Universal da Infancia (20 de novembro).
- Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25 de novembro).
- Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia (2 ao 5 de decembro).
- Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 de decembro).
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro).
- 24 de febreiro: Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro).
- Día Internacional da Muller Traballadora (8 de marzo).
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 de marzo).
- Semana da Prensa (Segunda semana de marzo).
- Día Mundial da Saúde (7 de abril).
- Semana do Libro (entre o 21 e 25 de abril).
- Día Internacional contra o Acoso Escolar (2 de maio).
- Día de Europa (9 de maio).
- Semana das Letras Galegas (entre o 12 e 16 de maio)
- Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño).

ACTIVIDADES XERAIS DO CENTRO, VISITAS E SAÍDAS CULTURAIS (ADAPTADAS AO PCC, PAT E INSTITUCIONALIZACIÓN TEMPORAL)

Nos apartados correspondentes aos diferentes equipos enuméranse as actividades xerais que se desenvolven ao longo do curso e a posta en marcha do proxecto de centro deste curso escolar.

Dentro do apartado 9.2 (Estrutura Orgánica do Centro), recóllense actuacións para o desenvolvemento do Proxecto do centro para este cursos 24-25.

VISITAS E SAÍDAS CULTURAIS

Educación Infantil:

- Visitas no termo municipal de Tui: cidade, Monte Aloia. Viveiro forestal, Área Panorámica, correos, tren turístico, Alameda...
- Tui, viaxe en tren e/ou barco.

- Parque ou Centro de xogo da provincia de Pontevedra (A Canuda en Salvaterra, Indiana Bill en A Ramallosa...).
- Vigo: Museo do Mar, Marco, aeroporto, Naturnova, Verbum, Castrelos, actividades culturais Afundación
- Granxa-escola "El Kiriko" para 6º EI.
- Tren turístico para 4º EI.

Primeiro ciclo de Ed. Primaria:

- Granxa escola Corazón de Carballo para 1º EP.
- Visitas a concellos limítrofes, Vigo, e no termo municipal de Tui: cidade, Monte Aloia, Área Panorámica, correos, tren turístico e catamarán, Alameda...
- Pequegrinos: Ruta da Catedral de Tui á Igrexa de San Bartolomeu para 1º EP.
- Ruta do alumnado de 2º ao Río Lagartón.
- Visita a "Onde viven os contos" en Nigrán para 2º EP
- Naturnova para 2º EP.
- Percorrido pola cidade de Tui (Zona vella, Edificios Públicos principais). Incluiría a xestión dunha visita ao concello e unha reunión co Alcalde e/ou concelleiros, de ser posible.
- Valorar as ofertas de diferentes organismos que se nos presenten e que poidan ter relación cos contidos dos niveis 1º e 2º, e co Proxecto "Ao Son do 2".

Segundo ciclo de Ed. Primaria:

Actividades comúns:

- Visitas no termo municipal de Tui: cidade, Monte Aloia...
- Actividades no contorno próximo vinculadas ao Deporte Escolar-Proxecto Centro:
 - Xincana polo casco vello de Tui para 3º
 - Ruta en patinete ata Guillarei (Areeiras) para 4º

Excursións Fin de Curso:

- En 3º viaxe en barco: Illa de San Simón-Museo Meirande (Vigo-Redondela) en maio/xuño 2025.
- 4º viaxe ao Parque Nacional Illas Atlánticas: Illas Cíes, Illas Ons, ...
- En 3º, alternativamente, visita guiada ao Castro de Santa Tegra e A Guarda.

- Concellos do Baixo Miño, Baiona e Vigo.
- Marín: Parque xogos, petroglifos, lago Castiñeiras, Escola Naval.
- Visita a un castelo: Vilasobroso, Soutomaior.
- De ofertarse actividades/saídas diferentes das presentes ao longo do curso, valoraríase a participación en función de accesibilidade (custo-horarios) e interese para o proceso educativo no momento das mesmas.

Terceiro ciclo de Ed. Primaria:

- Visitas no termo municipal de Tui: cidade, Monte Aloia, Arboreto, Ruta dos Muíños, Alto dos Cubos, xornadas de actividades de natureza no Monte Aloia...)
- Visita a galería de arte, museo... ben no concello de Tui, Pontevedra, Vigo ou noutros.
- Excursión fin de etapa a Madrid-Segovia para 6º EP.
- Excursión para o alumnado de 5º a Santiago, A Coruña ou Ourense.
- “Alojada” para os rapaces de 6º.
- “Tui en ruta” para o alumnado de 5º.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DA TARDE

Desde o primeiro día de clase deste curso escolar, comezaron a aula matinal, comedor escolar e aula de tarde xestionadas pola ANPA “As Olivas”.

A partir do mes de outubro de 2024, tras anotarse ás familias, comezaron as actividades que se recollen no apartado 28 desta PXA. Estas actividades están organizadas pola ANPA e ten competencias para velar polo desenvolvemento das mesmas (rapaces, transporte, monitores, etc.). A ANPA, para o desenvolvemento da maior parte das actividades, ten contratada á empresa MATRACALA.

Tamén, a partir de outubro de 2025, comeza a actividade de biblioteca en horario de 16:00 a 17:00 h. controlada por un docente. Este período será adicado polos usuarios a lectura, estudo e traballo individual polo que se require, para o seu uso, unha autonomía. O alumnado de infantil e 1º ciclo de Primaria poderá utilizar a biblioteca acompañado por un proxenitor ou titor legal.

19. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN: CONCRECIÓN DE NORMAS, DISCIPLINAS E SEGURIDADE

Para todo o alumnado, ao principio de curso entrégase ás familias un modelo de autorización que permitirá realizar as saídas ao termo municipal de Tui, e participar nas actividades programadas na PXA para que os rapaces poidan aparecer en periódico escolar, páxina web, redes sociais... Esta autorización conxunta, realizada dende moitos anos, facilita e axiliza o papeleo aos titores, non substitúe á oportuna autorización que si se ten que solicitar individualmente para cada unha das saídas escolares que precisen do uso do bus para saír do concello de Tui e que teñan un custo económico para as familias, alteren ou non o horario habitual de clase.

Aulas de Ed. Infantil:

Entrarán e sairán en filas cada unha co seu titor/a ou profesor/a encargado pola porta lateral do colexio (fronte ao aparcadoiro de autobuses). Nos recreos utilizarán os servizos por esa mesma porta. Coma todos os anos, a entrada é ás 09:15 h e a saída é escalonada: 14:00 para 3 anos, 14:05 para 4 anos e 14:10 h para 5 anos).

Aulas de Ed. Primaria da planta baixa:

Entrarán e sairán pola mesma porta. O alumnado de transporte escolar entra pola porta que lle corresponde polo seu curso. Nos recreos, sairán e entrarán pola porta traseira e utilizarán os servizos do ximnasio. Cada profesor/a entrará e sairá cos seus alumnos/as en fila e de maneira ordenada.

Aulas de Ed. Primaria da planta alta:

Os profesores/as de infantil que teñan clase a 1ª e lectura serán os encargados de controlar ás entradas do alumnado de infantil. Os profesores/as de primaria que vixían nos recreos serán os encargados que controlar as entradas tamén ás 09:15 h.

Entre clase e clase, cando haxa cambio de profesorado no grupo, procurarase a máxima puntualidade para así evitar problemas de indisciplina.

No cambio de espazo (Música, EF...) os profesores/as implicados poñeranse de acordo para o desprazamento dos alumnos/as polos corredores. Como norma xeral, serán os profesores/as

especialistas os encargados de levalos. Rematada a sesión, de regreso á aula ordinaria, utilizarase o mesmo criterio.

Na clase, cada profesor titor/a terá unha folla de control de asistencia dos seus alumnos/as e un parte de incidencias, no que poderán facerse as anotacións correspondentes. Tamén poderá utilizar o modelo de solicitude de entrevista e comunicado da data de entrevista para falar cos pais. Estes modelos e outras informacións importantes figuran na carpeta que foi entregada ao profesorado sobre titoría e normas ao comezo do curso. No boletín informativo de cualificacións da aplicación XADE aparecerán as faltas de asistencia xustificadas e non xustificadas que serán entregados trimestralmente ás familias.

É imprescindible a puntualidade na entrada ás clases, tanto por parte do profesorado coma do alumnado. Controlaranse, anotando no parte de incidencias da titoría, as interrupcións motivadas pola chegada do alumno/a con dez ou máis minutos de atraso sen xustificación, notificándoo por escrito á súa familia ao considerarse a reincidencia como falta leve segundo as NOF.

Non se producirán reunións con profesorado doutros centros durante o recreo ou noutros momentos lectivos.

As reunións dos sindicatos faranse na sala de profesores/as grande e, preferentemente, nas horas do recreo ou os martes pola tarde a partires das 17:30h.

Ante as faltas de asistencia do alumnado por enfermidade, como norma xeral, enviarase traballo para facer na cas segundo o seguinte criterio:

- Se a previsión da ausencia é de 3 ou 4 días, o alumno/a, segundo a súa autonomía, poderá seguir realizando actividades das que figuren nos seus libros (en papel ou dixitais), se o seu estado xeral o permite.
- Se a previsión da ausencia supera os 4 días, o titor/a en contacto coa familia, remitirá tarefas para realizar –dependendo do estado de saúde do neno/a- que poderán ser en formato papel ou dixital segundo criterio do docente.

- Se o período de ausencia prolongábase no tempo será preciso o contacto frecuente por calquera medio (teléfono, abalar móbil, correo electrónico, videoconferencia...) do titor/a co alumnado para realizar traballo semipresencial ou non presencial sendo recomendable a utilización da aula virtual do centro para o mesmo e o envío de traballo en formato papel de ser necesario.

SEGURIDADE E PROTECCIÓN

Todo o profesorado explicará ao seu alumnado, neste inicio de curso, o lugar e uso dos extintores, amais das normas de disciplina e convivencia e outras consideracións fundamentais (puntualidade, aseo, xustificación de faltas, prohibición da saída do recinto escolar sen o permiso correspondente e o coñecemento do titor/a, tratamento do material e instalacións, actividades a realizar no centro, coidado do material escolar e libros (libros gratuítos ou material para EP.); é dicir, normas de organización e funcionamento.

No Plan de Autoprotección figuran actuacións importantes en caso de emerxencia, de todos modos, é necesario observar as seguintes actuacións:

- En caso de que algún alumno/a non poida realizar algúns ou todos os exercicios de Ed. Física, o titor/a solicitaralle o correspondente informe médico, arquivando o orixinal na carpeta do alumno/a e pasando unha fotocopia ao profesorado de Ed. Física.
- Nos casos de accidente seguirase o regulamentado ao respecto (atención inmediata, aviso á dirección e país, en sendo necesario, chamada ao 061). O Centro enviará os informes da familia e médicos daqueles alumnos/as que poidan ser susceptibles de formar parte de “Alerta Escolar”. A fotocopia da tarxeta sanitaria arquivarase na carpeta do alumno/a.
- Mantense en vigor, igualmente, a prohibición da entrada de vehículos no recinto escolar (agás autobuses e automóbiles autorizados identificados) segundo recolle o escrito da Concellería de Tráfico do Concello de Tui do 18/04/97. De todos modos, durante o primeiro trimestre repartiremos modelo de autorización para acceder ao recinto escolar con vehículo.
- Faremos un simulacro de “evacuación” (3 toques de serea). A saída realizarase da seguinte maneira:

- O mestre/a máis achegado ás portas de saída, abriraas. Cada mestre/a acompañará ao seu grupo de alumnos/as impondo a maior orde, silencio e acougo posibles.
- Sairase en filas e seguindo os planos que están nas aulas e o conxunto de normas recollidas no Plan de Autoprotección ata o punto de encontro.
- Está Incorporado ao Plan de Autoprotección o comedor escolar novo: tralos tres toques de serea que informan da evacuación, o persoal desta dependencia sairá polas portas próximas á Secretaría, percorrera a beirarrúa e pasando por diante da entrada de EI, dirixirase ao punto de encontro (campo de herba).

HORARIO APERTURA PORTAS/SEGURIDADE

Na páxina onde figura o horario do centro, recóllense os principais puntos dos acordos do Consello Escolar sobre este tema. É unha demanda do conxunto da comunidade educativa, desde hai moito tempo, ter pechado o colexio e controlar o acceso ao mesmo de vehículos e peóns para evitar situacións de perigo. Este curso, ao seguir co portal automatizado, controlamos o horario con programadores para as portas de acceso. Continuamos co mesmo horario de apertura e peche de portas que o curso pasado, así como coa restrición do acceso ao centro para vehículos non autorizados...

20. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

O centro conta con persoal non docente contratado pola consellería: un administrativo e unha auxiliar coidadora. Ao longo do mes de outubro incorpórase o auxiliar de conversa.

Tamén hai outras persoas relacionadas co centro e contratadas por empresas ou concello:

- Varias persoas ao servizo dunha empresa pagada polo concello encárgase da limpeza.
- O persoal de comedor (cinco monitoras que son nais de alumnos/as ou exalumnos/as e que forman ou formaron parte da ANPA) están contratadas pola empresa de catering ARUME.
- Dous monitores/as da aula matinal xestionada pola ANPA As Olivas.
- O empregado municipal que realiza traballos de vixilancia, mantemento e limpeza no centro educativo. Actualmente está xubilado e é preciso que o Concello de Tui nomee substituto/a

pois non temos persoal que realice a súa función tan importante para a marcha dun centro coma este.

- Tres coidadoras/acompañantes do bus escolar.

21. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

O horario de atención ao público coincide co horario do centro.

En todas as sesións está, na secretaría, a administrativo ou un membro do equipo directivo para atender e informar ás familias de 9:00 a 14:15 h. Sen embargo, tanto as entrevistas co profesorado titor e especialista, coa Orientación e co Equipo directivo, deben ser concertadas con cita previa. De todos modos, os martes de 16:00 a 17:00 h. son de atención á titoría de pais/nais e tamén pódese realizar algúns días da semana de 14:15 a 14:40 h.

A efectos de presentación de documentación o horario é de 09:00 a 14:00 h.

HORARIO DO CENTRO: SESIÓN LECTIVA DE MAÑÁ de 9:15 a 14:15 h.

Porta de acceso aos pavillóns vello e novo para poder acceder o profesorado de EF. cos alumnos/as aos pavillóns municipais. De todos modos, estará aberta provisionalmente no seguinte horario para as entradas e saídas.

Horarios de apertura desta porta peonil os días lectivos:

Pola mañá de:	● 09:00 a 09:40 h.
Medio día de:	● 13:50 a 14:40 h.
Pola tarde de:	● 15:20 a 18:15 h.

Se a porta está pechada, lembramos que o acceso ao colexio é pola porta da Avda. Concordia.

22. POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

“Para educar a un neno precísase a tribu enteira”

Proverbio africano

Obxectivos do noso centro

A lexislación actual recolle a importancia da participación familiar no proceso educativo dos nenos/as. Os centros deben traballar de forma cooperativa e coordinada coas familias do seu alumnado, asegurando que a súa educación sexa plena e satisfactoria en todos os eidos.

O noso centro educativo é moi consciente da importancia desta relación e consideramos que só traballando xuntos e nunha mesma dirección podemos conseguir os seguintes obxectivos:

- Garantir a coherencia de actuación formativa.
- Contribuír ao fomento de hábitos de hixiene e condutas de tolerancia e respecto.
- Involucrar ás familias nos proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Axudar á familia a comprender e potenciar as aptitudes das fillas e fillos, orientándoos nos aspectos básicos para dar resposta ás necesidades que presenten.
- Asesorar aos pais e nais, cando atopen algunha dificultade, na educación dos seus fillos.
- Estabelecer contactos periódicos de forma individual e colectiva para intercambiar información.
- Solicitar a participación das familias nas diversas actividades que se realicen no centro.

Leitos de participación das familias

Establecemos dúas vías de participación familiar:

- Participación individual.

- Participación colectiva.

Mediante os leitos de participación individual o que pretendemos é posibilitar o coñecemento do alumno e a familia, intercambiar información (o cal resulta moi necesario, especialmente nos niveis inferiores) e facilitar a adaptación do neno e da nena ao medio escolar.

O horario de recepción de visitas dos pais e nais polo profesorado queda establecido no noso centro os **martes de 16:00 a 17:00**. É importante que as citas se pidan con antelación para que o mestre ou mestra poida ter recollida a información individual que crea precisa.

Cos cauces de participación colectiva pretendemos posibilitar o intercambio de experiencias entre as distintas familias, facilitar o coñecemento ao grupo ao que pertence o alumno/a ou mesmo participar na xestión do centro educativo. As persoas titoras manterán unha reunión coas familias dos alumnos e das alumnas por titoría a principios de curso (setembro-outubro). Estas reunións faranse dentro dun horario propicio para a súa asistencia, quedando a consideración do mestre do nivel ou ciclo o marcar este horario.

Mediante circulares informativas e notificación ABALAR o equipo directivo dará a coñecer á comunidade educativa diferentes noticias e propostas que se consideren importantes para un mellor funcionamento do centro. Continuamos, durante este curso e coa autorización das familias, en Ed. Infantil, ademais de Abalar, coa aplicación “Class Dojo” para manter comunicacións.

Nos boletíns trimestrais da biblioteca proporciónanse pautas e recomendacións sobre temas educativos.

Relacións co Concello, ANPA e outras asociacións sen ánimo de lucro

Consideramos de suma importancia manter unha boa relación co Concello e a ANPA. Esta interacción asentarámola nun clima de colaboración e respecto mutuo.

O equipo directivo está sempre disposto a reunirse cos representantes municipais para expoñer as necesidades do centro e colaborar en canto se precise. As relacións coa ANPA considerámolas de boa calidade. Contan coa nosa cooperación en todo o que sexa posible, xa que un bo entendemento é moi positivo para o centro.

Desde o centro estaremos en contacto con servizos fundamentais nestes tempos de dificultades económicas: Servizos Sociais, Cruz Vermella...

Estamos abertos ao intercambio de información con outras asociacións sen ánimo de lucro da zona en todo tipo de actividades que supoñan unha mellora na calidade da aprendizaxe do noso alumnado.

23. PLAN DO ALUMNADO DE TRANSPORTE ESCOLAR. GARDAS PROFESORADO

LISTADO DE ALUMNADO TRANSPORTADO POR PARADAS E NIVEL EDUC.

		Educación Infantil	Educación Primaria
XG859			
01	RAFI	2	9
02	ANTA ARRIBA	0	0
03	SOBRADA (VIVEIRO)	0	3
04	CRUCE SOBRADA	0	0
05	SAIDES	0	0
06	SOUTO	0	0
07	FONTESECA	0	3
Suma Total		2	15
99PO0471			
01	PARADOR	0	0
02	ROTONDA	2	13
03	S. MARTIÑO	0	0
04	AREAS	1	6
Suma Total		3	19
TOTAL TODO O ALUMNADO		5	34

Está incluído o alumnado que utiliza transporte escolar. Sinalar que algúns usuarios poderán, ao longo do curso, incorporarse ao servizo por cambios de domicilio tras solicitalo e ser concedido ou darse de baixa.

O alumnado transportado, se chega con pouca antelación, controlado polo profesorado de garda, dirixirase ás súas respectivas filas. De chegar con moita antelación, quedaría no salón de actos ata momentos antes da entrada para incorporarse co resto do alumnado do seu grupo.

GARDAS DE PROFESORADO TRANSPORTE 2024-2025

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
ENTRADAS 08:55-09:15	Rosa F. M ^{ra} José Rita Bea	Laura S. Pablo Sara	Laura P. Ana	Antía Rosi Noelia	M.C. López Merce
SAÍDAS 14:15-14:35	Lorena María Cop. María D.	Lucía Bea	Nerea Pili	M ^{ra} Carmen V. María Carr. Rut	M ^{ra} Carmen V. Eli

24. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

No noso centro hai anos que tiñamos habilitado un espazo para obradoiro de cociña escolar e que é empregado polos alumnos e alumnas en horario lectivo para realizar diferentes actividades como aniversarios, experimentos, eventos especiais e actividades de reforzo ou motivación do currículo.

Máis tarde xurde a necesidade de ampliar o seu uso cara ás familias e é acondicionado para uso de COMEDOR ESCOLAR.

No curso 18-19, tras obras de remodelación e acondicionamento da casa do conserxe, habilitase como novo comedor escolar quedando o primeiro para o fin que tiña na súa orixe.

Ao resultar insuficiente o espazo do novo comedor escolar, seguiremos utilizando o comedor vello para o servizo do alumnado de EI.

Normas de funcionamento do comedor escolar

O comedor escolar leva funcionando desde o curso 2005-06 xestionado pola ANPA do centro e baixo a supervisión do Consello Escolar. Creouse para dar servizo a unha necesidade da comunidade educativa favorecendo a conciliación da vida laboral e familiar.

O custe está soportado polos usuarios do servizo e conta cunha axuda da Xunta de Galicia e Concello de Tui.

O Comedor novo utiliza un edificio próximo á secretaría con unha superficie total de 180 m², inclúe cociña, servizos e comedor. O antigo comedor, espazo na planta baixa do edificio principal con dúas portas de acceso e saída (nº 17 e 26), este curso volverá a utilizarse para permitir un maior número de usuarios e unha mellor atención.

Non se cociña no colexio senón que funciona na modalidade de cátering. A empresa coa que ten contrato a ANPA, na actualidade, é “ARUME”.

Inicialmente comezouse con poucos alumnos e alumnas pero, cada ano, é un servizo moi demandado.

Usuarios do comedor escolar:

- Alumnos/as de Ed. Infantil.
- Alumnos/as de Ed. Primaria.
- Profesorado do centro.
- Auxiliar coidadora.

Número total de prazas

O novo comedor escolar, ten unha ocupación teórica de 130 comensais. Coa incorporación do comedor vello este número aumenta. Pese a non ter as restricións que tivemos o ano anterior pola pandemia, pretendemos deixar espazo entre os usuarios.

Pese a atender toda a demanda, ante a previsión nalgún momento de ser sobrepasada á oferta, necesitamos establecer uns criterios de prioridade:

- 1º Solicitudes presentadas ata o 31/08/2024
- 2º A familia do alumnado usuario ten que ser socia da ANPA.
- 3º Data coa que se fixo a reserva. Comézase a facer en xuño do curso anterior.
- 4º Usuarios de todos os días.
- 5º Irmáns dos usuarios do comedor.
- Resérvanse dous postos do comedor para imprevistos.
- Terase en conta a necesidade (opcional nus casos e imprescindible polo horario laboral noutros) que poden ter as familias para conciliar a vida laboral e familiar.

Número de monitoras do comedor escolar

- Dúas monitoras no comedor vello para o alumnado de EI : Silvia e Carmen. Total comensais en outubro: 41 alumnos/as.
- Catro monitoras no comedor novo para o alumnado de EP: Susana, Vanessa, Sonia e Alicia. Total comensais en outubro: 86 alumnos/as e unha cuidadora.

Procedemento de uso e prezo para as familias segundo os casos:

- Notificar a ARUME e ingresar o seguinte importe por mes segundo o contratado para todo o curso escolar:
 - 5 días á semana: 86,25 €.
 - 4 días á semana: 69,00 €.
 - 3 días á semana: 51,75 €.
 - 2 días á semana: 34,50 €.
 - 1 día á semana: 17,25 €

Día esporádico: 6,60 €.

Normas para os alumnos/as:

- Autonomía para a alimentación adecuada á súa idade.
- Respecten normas e modais básicos na mesa, dado o elevado número de comensais.
- Teñan hábitos de hixiene relacionados coa alimentación.
- Advirtan, con tempo suficiente, eles ou os seus pais de alerxias alimentarias e malestares estomacais transitorios para proporcionar o menú adecuado.

- De contar con auxiliar coidador, este atenderá ao alumnado que lle corresponda tamén durante o horario do comedor.

Horario do comedor escolar:

De 14:10 h. a 16:00 h.

Unhas monitoras do comedor son as encargadas de recoller aos alumnos/as máis pequenos (Ed. Infantil) das súas aulas ao remate das tarefas docentes. Outras ao alumnado de Ed. Primaria, tendo como punto de recollida a porta de entrada do edificio de secretaría.

Ás 16:00 h. remata o horario do comedor polo que as monitoras do comedor escolar encargaranse de que os alumnos/as que participan no mesmo:

- Teñen que ser recollidos nesta hora ou con anterioridade.
- Quedan a cargo do persoal de comedor, pasados uns minutos, avisan ás familias telefonicamente de que rematou o servizo e que teñen que recoller ao seu fillo/a. De producirse algunha incidencia avisarase aos membros do equipo directivo.

Procedemento de privación do servizo do comedor escolar:

O incumprimento das normas leva á privación deste servizo. Os pasos a seguir son os seguintes:

1º Advertencia verbal das encargadas do comedor á familia.

2º Traslado da situación xerada á dirección do centro que recadará información entre as partes afectadas e resolverá:

- Medida inmediata de suspensión e provisional durante cinco días da asistencia ao servizo de comedor.
- Solicitar a reunión da Comisión de Convivencia e ou Departamento de Orientación para buscar unha solución e dar pautas para mellorar a situación xerada.
- De non conseguirse resultados positivos, valorada a situación, a dirección poderá ditaminar a privación do servizo de comedor por un mes. E de continuar a situación, polo que reste do curso escolar.

Outros usos do espazo do Comedor Escolar

É prioritario cumprir os requisitos necesarios para dar un bo servizo tanto hixiénico como alimentario aos usuarios. Pero o espazo pode compaxinarse, fóra do horario propio para tal fin, para outras funcións:

- Aula de mañá de 7:30 a 09:15 h.
- Aula de tarde de 16:00 a 18:00 h.
- Obradoiros e actividades durante a xornada escolar.

De todos modos, todo usuario do espazo ten que deixalo limpo e recollido para non interferir na seguinte actividade a desenvolver nel.

25. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

Terase en conta:

1º.- O regulamentado nos puntos 9.1, 9.2 e 9.3 do Capítulo III da Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 02-09-97).

2º.- Todo tipo de actividades nas instalacións do centro pasará pola aprobación do Consello Escolar, que velará, en todo momento, pola compatibilidade das diferentes actividades e bo uso e mellora das instalacións. Informarase das mesmas tanto ao Xefe Territorial de Educación como ao Inspector de zona.

3º.- En todo caso, o Consello Escolar do centro terá en conta os acordos das sesións extraordinarias do 18 de febreiro de 1997 e 17 de marzo de 1998, que resumen que calquera institución que faga uso das instalacións (Concello, agrupacións deportivas, etc.) queda obrigada a:

- Facerse cargo da reparación inmediata de calquera desperfecto.
- Acondicionamento dos espazos que non reúnan os requisitos mínimos axeitados para a fin que fosen destinados.
- Deixar os espazos e material da mesma maneira que estivesen.

- Compromiso, por escrito, coma en tódolos demais aspectos, de que garanten a súa conservación e que permiten o normal desenvolvemento das actividades do día seguinte; e, compromiso, igualmente, de cumprir as normas en vigor do centro.
- Que o Concello ou institución correspondente aporte os medios para a apertura e peche das institucións e garante a súa limpeza e orde.
- Outras que o Consello Escolar estime convenientes en cada situación.

26. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Debemos ter en conta varios aspectos a avaliar:

- Funcionamento xeral do centro.
- Relacións entre a comunidade educativa.
- Avaliación do funcionamento das coordinacións.
- Avaliar o grao de consecución dos obxectivos.

Pretendemos desde a CCP, cada trimestre, analizar estes puntos para melloralos e poder ofrecer unha dinámica de traballo cada vez mellor.

En Ed. Infantil a avaliación ten como marco de referencia a normativa actual.

O titor/a coordina o proceso de avaliación. A observación directa, o traballo desenvolvido polos nenos/as, as entrevistas coa familia...son importantes fontes de información para a avaliación.

Aspectos importantes son a organización da aula, a coordinación entre os profesores/as, a adecuación da proposta pedagóxica e metodolóxica e a evolución do proceso de aprendizaxe.

Ao comezo da Ed. Infantil, durante o primeiro mes, realízase a avaliación inicial para obter información importante que sirva de punto de partida para a aprendizaxe.

Ao longo do nivel e ciclo a avaliación continua permite analizar os progresos e dificultades do alumno/a para adecuar a intervención educativa e estimular o proceso de aprendizaxe.

Trimestralmente envíarase información puntual por escrito ás familias. Ao final de cada curso escolar o titor/a elabora un informe anual individualizado indicando o grao de consecución dos obxectivos. A final de ciclo, o informe recolle o progreso global do alumno/a.

Documentos da avaliación: Expediente, Informe Persoal, Informe de Avaliación Inicial, Informe Anual Individualizado, Informe Final de Ciclo Individualizado.

Na Ed. Primaria o marco de referencia da avaliación é a Orde do 20-04- 2016 e a posterior Orde do 25 de xaneiro de 2022 (DOG 11-02-22) que actualiza a normativa de avaliación.

A avaliación é continua, formadora e integradora. Os criterios de avaliación son os referentes para valorar a adquisición das competencias básicas.

Un punto importante, ás veces controvertido, ten que ver coa promoción de nivel:

As áreas instrumentais son básicas para as demais aprendizaxes polo que teñen unha consideración especial: Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá.

Un alumno/a poderá promocionar nos seguintes casos:

- Supera todas as materias e ten un desenvolvemento adecuado das competencias básicas.
- Considerase que o alumnado que acade ou supere o 85% dos criterios de promoción en cada materia ten o grao de adquisición das competencias necesario para promocionar.
- A promoción será acordada polo equipo avaliador valorando as perspectivas de éxito no curso seguinte e o benestar emocional do alumno/a. De todos modos, preverase a non promoción con máis de tres materias suspensas procurando que as tres suspensas non sexan Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas.

Documentos da avaliación: Expediente académico, Historial académico, Acta de Avaliación, Informe de avaliación final de nivel e/ou por traslado.

O curso escolar está dividido en tres avaliacións:

- 1ª Avaliación ata final de decembro de cada ano.
- 2ª Avaliación ata mediados/finais de marzo.
- 3ª Avaliación ata final de curso.

27. PLAN DE ACTIVIDADES. PROPOSTAS DA ANPA

Desde o inicio deste ano académico, xestionado pola ANPA, funcionaron aula matinal, comedor escolar e aula de tarde. A partires do mes de outubro, tamén organizados pola ANPA, comezaron o resto que figuran na plantilla que se xunta.

A parte destas actividades, tamén desde outubro, funciona coa supervisión dun docente, a biblioteca escolar de 16:00 a 17:00 h.

Plantilla de actividades extraescolares de tarde curso 2024-2025 a máis da biblioteca.

DÍA	ACTIVIDADE	LUGAR	HORA	IDADE	PROFESOR
LUNS	AULA MATINAL	COMEDOR	07:30-09:15	INF. E PRIM.	CARMEN R
	AU. DE TARDE	COMEDOR	16:00- 18:00	INF. E PRIM.	VANESSA
MARTES	AULA MATINAL	COMEDOR	07:30-09:15	INF. E PRIM.	CARMEN R
	INGLÉS LÚDICO	AULA 37	16:00 - 17:00	1º A 4º EP	NOELIA
	BAILE MODERNO	XIMNASIO	16:00 -17:00	ED. INFANTIL	NOELIA
	AU. DE TARDE	COMEDOR	16:00- 18:00	INF. E PRIM.	VANESSA
MÉRCORES	AULA MATINAL	COMEDOR	07:30-09:15	INF. E PRIM.	CARMEN R
	INGLÉS LÚDICO	AULA 29	16:00 - 17:00	ED. INFANTIL	NOELIA
	DEBUXO	CASIÑA	16:00-17:00	ED. INF E PRIM.	VANESA
	IMPRESIÓN 3D	AULA INF.	16:00-17:00	ED. PRIMARIA	RAMÓN
	AU. DE TARDE	COMEDOR	16:00- 18:00	INF. E PRIM.	VANESSA
XOVES	AULA MATINAL	COMEDOR	07:30-09:15	INF. E PRIM.	CARMEN R
	BAILE	XIMNASIO	16:00 - 17:00	ED. PRIMARIA	NOELIA
	IMPRESIÓN 3D	AULA INF.	16:00 - 17:00	ED. PRIMARIA	RAMÓN

	AU. DE TARDE	COMEDOR	16:00- 18:00	INF E PRIM	VANESSA
VENRES	AULA MATINAL	COMEDOR	07:30-09:15	INF E PRIM	CARMEN R
	MINITENIS	XIMNASIO	16:00 - 17:00	ED. INF. E PRIM.	JORGE
	AU. DE TARDE	COMEDOR	16:00- 18:00	INF E PRIM	VANESSA

28. PLAN ANUAL DE LECTURA

Tomando coa referencia o Proxecto Lector de Centro elaboramos este Plan Anual de Lectura que ten coma finalidade principal a de mellorar a adquisición das competencias básicas, especialmente a competencia en comunicación lingüística, o tratamento da información e competencia dixital, a competencia cultural e artística e aprender a aprender, en todas as áreas do currículo, de maneira que o nosos alumnos e as nosas alumnas logren ser lectores e lectoras competentes, é dicir, que sexan capaces de ler con precisión e rapidez, que desenvolvan as habilidades necesarias para buscar, seleccionar, comprender, valorar e interaccionar cos textos, en diferentes soportes e formatos, e que recoñezan a lectura como un medio insustituíble para a aprendizaxe, ademais de espertar o gusto de ler por pracer.

OBXECTIVOS

- Difundir e facilitar o acceso a todo tipo de recursos de forma que contribúan en tódalas áreas ao desenvolvemento do currículo.
- Continuar co desenvolvemento de todas as actividades iniciadas en cursos anteriores para o fomento da lectura nas tres linguas oficiais do colexio.
- Potenciar o uso da biblioteca escolar como un centro de recursos eficaz para a ensinanza e o aprendizaxe e como o elemento dinamizador da actividade lectora, fomento de valores e compensadora de desigualdades do alumnado atendendo á diversidade.
- Organizar actividades culturais, na súa condición de espazo interdisciplinar.
- Dar a coñecer a figura da autor@ homenaxeado na celebración das Letras Galegas 2025.
- Continuar traballando en proxectos comúns, que permitan afondar a todo o profesorado nunha mesma temática. Neste curso seguimos traballaremos arredor do Proxecto de Centro relacionado coa temática musical. A partir desta temática desenvolveremos dunha forma

colaborativa as habilidades básicas da lectura e da escritura, contribuíndo así a mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

- Potenciar a implicación de toda a comunidade educativa na creación de hábitos lectores como parte da rutina diaria.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

O centro conta cunha Biblioteca Escolar na que cada mestre co seu grupo poderá acceder reservando a sesión que consideren axeitada nunha folla de rexistro.

Tódalas aulas participan na “Hora de Ler” dedicando vintecinco minutos diarios á lectura de forma sistemática nun horario que está contemplado en tódalas aulas á volta do recreo.

Ademais todo o profesorado implícase directamente na creación de rutinas de lectura, asesorando ou dirixindo a escolla de libros de lectura no seu grupo de alumnos e alumnas.

DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A Biblioteca Escolar é o axente dinamizador de todas as actividades relacionadas coa lectura, expresión oral e expresión escrita polo que organiza e propón actividades como:

- Utilización da Biblioteca do Centro para traballos de investigación. Apoio no desenvolvemento de proxectos.
- Solicitud no programa Biblioteca Creativa para este curso 2024/2025
- Posta en marcha do “Recuncho Fedello”
- Realización de obradoiros e fomento de actividades relacionadas co xogo educativo en tempos de lecer.
- Actividades lectoras relacionadas con momentos significativos (Día das Bibliotecas, Semana da Tradición Oral, Día de Rosalía, Día da Poesía, Día do Libro ...), aniversarios relacionados coa lectura, conmemoracións, datas especiais no noso Centro ...
- “Hora de ler”, con recomendacións e préstamo de libros ás aulas.
- Padriños e madriñas lectoras, onde os nenos e nenas maiores contan contos aos pequenos.

- Dramatizacións, recitais poéticos, concursos... que implican directamente ó alumnado.
- Fomento das capacidades, das competencias básicas e do uso das TICS a través de actividades de ALFIN, formación de usuarios e busca de información.
- Ambientación e decoración de espazos con exposición de fondos para as diversas conmemoracións e temáticas traballadas ao longo do curso escolar.
- Proposta e organización de encontros con autores, ilustradores, artistas ...
- Participación no programa Faro da Escola
- Actividades conxuntas coa Biblioteca Municipal e outros colexios e institutos
- Cine na biblioteca con proxeccións de películas.
- Exposición de traballos individuais ou colectivos que xurdan do desenvolvemento dos distintos proxectos.
- Actualización constante do blogue da biblioteca.
- Actuacións conxuntas cos outros equipos do colexio.
- Ademais das actividades propostas para o alumnado, profesorado e familias tamén se levan a cabo outras actividades como: catalogación, expurgo, selección e merca de novos fondos, xestión e organización da biblioteca, elaboración de carnés, formación de usuarios e colaboradores, exposición e difusión de fondos, trípticos información, etc.

RECURSOS

Humanos:

- Alumnado, principal axente que executa e recibe o acto lector e en torno a quen xiran a maioría das propostas. Os que como contacontos e dramatizando textos, achegan os libros aos demais compañeiros e compañeiras. Os alumnos e alumnas colaboradoras en actividades de préstamo, colocación de libros e mantendo ordenada a biblioteca.
- As familias, que teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores e que de forma progresiva se van incorporando e animando a colaborar nas actividades de lectura, en contadores de contos, ,... ou simplemente acompañando aos seus fillos/-as á biblioteca, ou agasallándoos cun libro.
- Profesorado e os diferentes equipos que proporcionan as estratexias necesarias para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motiva para a lectura

e a escritura e propón actividades varias. Ademáis colabora e participa como axente motivador nas diferentes propostas que se fan ao longo do curso.

- Equipo de Biblioteca, formado por profesorado de diferentes Niveis, coordinado por unha persoa responsable da biblioteca escolar, intentando xestionar e dinamizar eficazmente os fondos existentes e dalos a coñecer á comunidade educativa.
- Todos aqueles/as autores/as que nos visitan..
- O responsable da biblioteca municipal, que colabora nas actividades que se organizan de forma conxunta.

Materiais:

- O material curricular do alumnado.
- A biblioteca escolar e os fondos bibliográficos e audiovisuais que hai nela ou en préstamo nas bibliotecas de aula.
- A biblioteca municipal e outros centros cos que colaboramos.
- Materiais propios das TIC (PCs, proxectores, impresoras, rede de internet, na biblioteca e nas aulas).
- Os libros aportados polas familias do alumnado.
- Radio Escolar do centro.
- Páxina web do centro.
- Láminas ilustrativas, marionetas, monicreques e outros materiais adaptados a E.I.
- Soportes textuais ordinarios: prensa, receitas, carteis, folletos ...
- Xogos educativos
- Recursos e materiais didácticos STEM

ACTIVIDADES POR TRIMESTRES

MES	ACTIVIDADE
SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none">- Elaboración do Plan anual de lectura- Constituír o equipo da Biblioteca e o horario dos seus membros.- Planificar as actividades e repartir o traballo en diferentes áreas.

	<ul style="list-style-type: none"> - Formación usuarios cos mestres - O equipo en función das suxestións e necesidades dos distintos niveis elaborará a primeira adquisición de fondos. - Remodelación da biblioteca. Espazo administración. - Elaboración proxecto. - Creación das bibliotecas de aula - Apertura da biblioteca en colaboración co equipo de proxecto.
OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Formación de usuarios. - Exposición de traballos da investigación relacionados co proxecto de centro. - 24 de outubro: “Día das Bibliotecas Escolares”. “Música e tradición”.
NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Adiviñas, cantigas, refráns... relacionados co outono e o co magosto. - Exposicións de fondos relacionadas co Outono. - 2ª semana: Semana da Literatura de Tradición Oral: contos, cantos, lendas, romances, regueifas, refráns...
DECEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> - Contos de Nadal. - Exposición de contos de Nadal - Actividades e obradoiros relacionados co Nadal - Panxoliñas e Cantos de Reis
XANEIRO	<ul style="list-style-type: none"> - Exposicións de fondos relacionados coa Paz - Lecturas de contos e historias de valores
FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none"> - Febreiro mes do amor - Obradoiro plástico de máscaras. - 24 de febreiro: “Día de Rosalía”

	<ul style="list-style-type: none"> - Exposicións de fondos relacionados coas distintas conmemoracións deste mes.
MARZO	<ul style="list-style-type: none"> - Traballar con noticias dos medios de comunicación ou algún tema apropiado de actualidade. - 8 marzo: “Día da Muller Traballadora” - 21 de marzo: “Día da Poesía” - 27 de marzo: “Día Mundial do Teatro”
ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> - Tui le: actividade conxunta con tódalas bibliotecas do concello. - 2 de abril: “Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil” - 23 de abril: “Día Internacional do Libro e dos dereitos de autor” - Exposicións de fondos relacionados coas distintas conmemoracións deste mes.
MAIO	<ul style="list-style-type: none"> - Lecturas e cancións en galego. - 17 de maio: “Día das Letras Galegas”
XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> - 5 de xuño: Día do Medio ambiente - Proxectar documentais sobre o coidado do medio ambiente.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- Valoraranse aspectos como:
 - Melloras ao longo do curso na competencia lingüística do alumnado.
 - Participación nas diferentes actividades e propostas feitas ao longo do curso.
 - Adquisición de hábitos lectores .
 - Traballo cooperativo e organización.
 - Actividades levadas a cabo .
 - Implicación das familias.
 - Grao de utilización dos recursos da biblioteca escolar e de aula.

- Préstamos realizados ao alumnado e ao grupo clase.
- Incremento de fondos e difusión entre os membros da comunidade escolar.
- Satisfacción do alumnado, do profesorado e das familias.
- Cumprimento dos obxectivos do Plan Anual.

Tendo todas as aportacións en conta, elaborárase unha memoria onde se recolla o resultado do traballo e as propostas de mellora.

29. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

Nunha sociedade como na que hoxe en día nos desenvolvemos, temos que ser plenamente conscientes da nova realidade tecnolóxica que rodea todas as nosas actuacións. As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) están irrompendo con gran forza no seo da nosa sociedade, introducíndose a un ritmo vertixinoso en todos os ámbitos de traballo, incluído, evidentemente, o ámbito educativo onde as propias leis que o regulan xa nos indican a necesidade de **integrar nas nosas programacións** o uso destas tecnoloxías.

Os nosos alumnos coñecen perfectamente esta realidade tecnolóxica, son “nativos dixitais” e posúen unha asombrosa facilidade para adaptarse aos continuos cambios que se producen neste campo. Sen embargo, moitas veces non saben facer un uso responsable destas tecnoloxías ou non acertan a sacarles todo o seu partido, pois carecen de coñecementos e recursos máis específicos. A introdución da **competencia dixital** supón precisamente isto, axudar ao noso alumnado a buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento o que, a súa vez, vai supor un gran reto tanto para o profesorado como para o centro ao requirirse dotación de novos recursos, que constantemente están cambiando, así como **formación por parte do profesorado** no uso das TIC para poder asumir esta importante tarefa educativa.

É indubidable, pois, que, tanto alumnos como profesores temos o deber de aprender a manexarnos neste mundo das TIC coñecendo, ademais de utilizar as ferramentas informáticas e multimedia a nosa disposición, **os riscos** que este uso das TIC poden xerar e as formas en que nos podemos manter á marxe, o que fai necesario dispor no propio centro dun **Plan de Integración das TIC** como documento de referencia que recolla e regule todos estes aspectos.

OBXECTIVOS

- Utilizar as TIC como unha ferramenta máis de traballo nas tarefas habituais do centro e empregalas como medio para perfeccionar a propia actividade docente a través da súa utilización, da información que delas poida obter e do plantexamento pedagóxico que para elas se poida prever.
- Aplicar as TIC en todos os procesos de xestión académica do centro.
- Confeccionar horarios de utilización da aula de Informática a fin de facilitar o seu acceso a todo o profesorado e, por conseguinte, tamén a todo o alumnado do centro.
- Capacitar ao profesorado para o uso axeitado das TIC en relación coa comunicación entre membros da comunidade educativa, organización e xestión de documentos.
- Sistematizar o emprego das TIC como ferramenta habitual de traballo no proceso de ensino – aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte do alumnado.
- Apoiar a búsqueda de información na rede e a depuración crítica da mesma como elemento de coñecemento do mundo de internet e das súas posibilidades de acceso á información útil.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación, de potenciación de valores sociais e de expresión das ideas de cada un.
- Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper coas desigualdades sociais, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos con NEE como medio de apoio e reforzo nas súas aprendizaxes.
- Formar ao alumnado no uso axeitado e seguro das TIC facendo especial fincapé no respecto da propiedade intelectual e dos riscos de internet.
- Utilizar a lóxica da programación e a robótica para o desenvolvemento no alumnado do pensamento lóxico-matemático, así como para potenciar a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Dotar ao centro da infraestrutura necesaria para poder desenvolver a competencia dixital de maneira axeitada.
- Adquirir o equipamento TIC necesario para cubrir as necesidades do centro e mantelo organizado e en perfecto funcionamento.
- Desenvolver actitudes de responsabilidade no uso e coidado destes recursos TIC.

- Utilizar as TIC como medio informativo sobre cuestións de interese para toda a comunidade educativa.
- Fomentar a páxina web do centro e a rede social Instagram como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Empregar Quickconnect Synology como servidor con acceso seguro dende calquera ordenador con acceso a Internet, no cal almacenar de xeito ordenado datos persoais do alumnado e da comunidade educativa.
- Favorecer e impulsar a comunicación con outros centros a través destas ferramentas a fin de intercambiar experiencias, coñecementos ou iniciativas propias.
- Realizar de forma eficaz e sistemática o intercambio de documentos institucionais con outros organismos.

ORGANIZACIÓN

Recursos humanos

O centro disporá dun Equipo TIC constituído a comezos de cada ano escolar. Para este curso 2024-2025 dito equipo quedará composto polos seguintes membros:

Composición do Equipo TIC	
Noelia España Casares	María Díaz Rodríguez
M ^ª Lorena Pérez Da Silva	Sara García Camino
Ramiro García Entenza	
Coordinadora: Carmen Rebollo De Vigo	

Queda fixado, asemade, no calendario de xuntanzas, os primeiros martes de cada mes, unha hora de adicación exclusiva ás xuntanzas deste equipo a fin de planificar e organizar o traballo a realizar:

- Elaboración e revisión do Plan de Integración das TIC.
- Programación dos contidos e das actividades a realizar co alumnado.
- Dinamización dos espazos comúns relacionados coas TIC: aula de Informática, web do centro e rede social.

- Dinamización de Faro da Escola: distribución por cursos, manexo do programa Scribus e animación con concursos para seccións concretas, organización das actividades cos colaboradores (Xerais, CSIC, Vegalsa...), ademais daquelas outras que xurdan.
- Creación de follas de empréstitos para a utilización dos recursos a fin de optimizar o seu aproveitamento.
- Formación e apoio ao profesorado para que poida incluír as TIC no seu quefacer diario.
- Velar pola seguridade dos equipos e redes informáticas, así como pola súa correcta utilización por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- Colaborar no proxecto de centro proponendo ideas e actividades que supoñan a utilización das TIC.
- Evaluar as posibles incidencias no material informático ou nas instalacións para solucionarlas ou derivalas ao servizo técnico correspondente.

Recursos materiais

5 aulas de EI e 13 de EP.	Todas as aulas contan con un ou dous ordenadores e PDI. Debido a que o centro pertence á rede EVA E-Dixgal as aulas de 5º e 6º contan, a maiores con ultraportátiles para alumnado e profesorado.
Espazo común de Educación Infantil	Cun portátil, canón e pantalla para o alumnado de 3 anos e para a realización de actividades conxuntas de todo infantil.
Aula de Inglés	Dotada cun ordenador de sobremesa, canón e PDI.
Aulas de AL e PT	Contan con ordenador, proxector e pantalla.
Aula de Arts & Crafts	Dotada de ordenador proxector e pantalla
Aula de música	Conta cun ordenador, proxector, mesa de mezclas dixital.
Un aula de Informática	Dotada con dezoito ordenadores de sobremesa, proxector e pantalla. Este aula está a disposición de todos pero será empregada, preferentemente, polo alumnado de Educación Infantil, de Primaria, de 1º a 4º nivel, posto que en 5º e 6º o alumnado xa dispón do seu propio ordenador. Este aula conta cun horario concreto de uso e normas para a súa

	correcta utilización.
Salón de actos	Cun portátil, canón e pantalla. Neste espazo desenvólvense aquelas actividades de centro que requiren a participación en gran grupo.
Antigo comedor	Dotado con pantalla para proxeccións puntuais. O proxector e o portátil, necesarios para a súa utilización, son transportables desde outros espazos.
Biblioteca	Dotada cun ordenador, para o uso e xestión da Biblioteca. A este ordenador terá acceso o profesorado, ben como administrador ou ben como profesorado usuario. Este ordenador está conectado a unha impresora, a un lector de códigos e a unha impresora de etiquetas.
Dirección, Secretaría, Xefatura de Estudos, Administración e Departamento de Orientación.	Todos estes espazos, algúns deles compartidos, contan con ordenadores para tarefas de xestión propias do seu cargo, ademais dunha impresora para tarefas administrativas.
Sala de mestres	Anexa a esta sala o centro dispón dunha sala de ordenadores onde se ubican sete ordenadores conectados a tres impresoras para uso do profesorado.
Programa Educa en Dixital	O centro dispón de ordenadores portátiles con conexión a internet para reducir a fenda dixital das familias máis desfavorecidas.

O resto dos recursos referentes ás TIC: tablets, iPads, cámaras dixitais, portátiles, equipos de robótica, teléfonos e móbiles están a disposición de todo o profesorado a fin de potenciar e favorecer o uso dos mesmos.

Conexión a internet. Todas as dependencias do centro dispoñen de acceso á mesma, ben a través de conexión wifi ou ben a través de cable.

LIÑAS DE ACTUACIÓN

Referente ao alumnado

Na Etapa de Educación Infantil o traballo estará enfocado ao emprego da PDI e de diferente software educativo e manipulativo de periféricos, co dobre fin de traballar tanto as competencias dixitais coma as básicas.

No primeiro e segundo nivel de EP potenciarase o uso das TICs, mediante software educativo, para favorecer o desenvolvemento das competencias básicas (comprensión lectora, pensamento lóxico- matemático, creación artística...). O emprego de programas como paint ou procesadores de textos formarán parte do traballo directo nestes niveis, así como a utilización de recursos en rede.

Do terceiro ao sexto nivel de EP a proposta estará enfocada ao coñecemento do novo sistema operativo e ao uso de programas baseados no software libre. Traballarase co paquete de Open Office e potenciarase a procura de información e de recursos en rede.

Aulas EVA E-Dixgal: o traballo co alumnado de quinto e sexto estará centrado, ademais, na formación e uso do Gnu- Linux e software libre así como na elaboración de materiais a partir dos mesmos. O traballo na rede estará centrado na creación e participación de espazos interactivos creados no centro e nas diferentes aulas, ou en bancos exteriores: creación de blogs, webquest, foros, wikis, redes sociais educativas (Agueiro, Edmodo)...

Referente ao profesorado

O Plan de Integración das TIC está deseñado como un itinerario formativo no que se recomenda:

- Incluir nas programacións de aula tarefas e actividades ligadas ao traballo que implique investigación, procura de información e produción de materiais empregando as ferramentas informáticas e multimedia a súa disposición.
- Colaborar, dentro das posibilidades de traballo de cada nivel, na realización de actividades comúns para todo o centro seguindo as directrices e indicacións propostas desde o Equipo TIC. Para este curso 2024-2025 estas actividades centraranse na realización das seguintes propostas:

Xornal do CEIP Nº2 : Faro na Escola

Neste curso escolar 2024-2025 e tras incluírnos moi satisfactoriamente no Programa Faro na Escola co que gañamos un 1º Premio á Mellor Portada e un 2º Premio á Mellor Campaña Publicitaria durante a súa IX Edición, para seguir familiarizándonos no uso da prensa e aproveitar as múltiples vantaxes que se nos ofertan, continuamos por segundo ano na elaboración deste xornal. A principios de curso informárase a todos os implicados das liñas a seguir para a súa confección e as seccións correspondentes a cada nivel, así como dos responsables do Equipo TIC encargados do seguimento e recollida de traballos do nivel asignado. A finais de curso procederáse a súa maquetación, impresión e subirase á páxina web do centro, así como a asistencia aos premios por parte do alumnado de 5º ou 6º EP (pendente de determinar por loxísticas no desprazamento).

Propostas Tic e Radio escolar: O 2 na onda

Seguindo a liña de cursos pasados ofreceráanse propostas relacionadas co uso das Tic na aula e entre elas estará o uso da Radio escolar: o 2 na onda. Estas propostas partirán do Equipo Tic tendo en conta as necesidades e intereses de cada aula.

A maiores disto, calquera mestre pode participar na dinamización da nosa radio aportando ideas ou realizando intervencións con traballos de aula cando o estimen oportuno.

Habilitar unha zona para o uso do material de Polos Creativos

En conxunto coa coordinadora de Polos Creativos, facer unha inventariaxe de todo o material outorgado, accesible a toda a comunidade escolar, para poder darlle un bo uso e integralo na nosa metodoloxía.

Potenciar a visibilidade en Instagram

Unha necesidade do centro e unha petición das familias é poder ver algo máis do que facemos no día a día nas aulas, polo que pediremos fotografías tratadas previamente atendendo ao uso de imaxe, cun texto para poder subir á rede e así dar maior repercusión ao que facemos na comunidade escolar.

Pola súa parte, o Equipo TIC, ademais de promover e organizar estas actividades, centrará o seu traballo nas seguintes actuacións:

Actualización e dinamización da páxina web do centro .
Ambientación de espazos comúns do centro utilizando ferramentas e apps diversas para o deseño e creación de distintos contidos, así como para a edición de fotos e creación de collages.
Mantemento da Aula de Informática , revisión de equipos e compra de accesorios e dispositivos para un mellor aproveitamento dos mesmos.
Xestión da APP Instagram na que se publican novas do centro.
Realizar un inventario de todo o equipamento informático do centro con etiquetado. Buscamos optimizar recursos, saber o que temos e desfacernos daquilo que xa está obsoleto ou non funciona.
Integrar as TIC para dar visibilidade ao Proxecto de centro a través das anteditas ferramentas e apps, así como a publicación en prensa e radios locais.

PLAN DIXITAL

Este curso seguiremos abordando o Plan dixital do centro seguindo as indicacións aportadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o curso 2024/25.

AVALIACIÓN, SEGUIMIENTO E REVISIÓN DO PLAN

Periodicidade das revisións

O seguimento do Plan realizarase basicamente nas xuntanzas mensuais do Equipo de traballo TIC. Asemade, a finais de cada trimestre revisaranse os distintos rexistros de utilización do equipamento tic co obxectivo de analizar o acceso do alumnado dos distintos niveis aos recursos tecnolóxicos e extraer datos que permitan valorar a marcha do Plan.

Identificación de aspectos de mellora.

Co obxectivo de avaliar a implementación do Plan, os compoñentes do Equipo TIC recollerán os comentarios, suxestións e demandas do profesorado respecto da implementación do mesmo. Esta información servirá para comprobar a utilidade e efectividade do Plan así como para a súa retroalimentación, identificando aqueles aspectos de mellora e reconducindo aqueles que precisen ser reaxustados ou modificados.

Asemade, recolleranse as suxestións que os distintos membros da Comunidade Educativa acheguen ao centro, especialmente no que á páxina web se refire, a fin de optimizar, dentro do posible, estas canles de comunicación e adecualas ás necesidades reais dos usuarios.

Modificacións e axustes

Unha vez realizado o seguimento do Plan e identificados os aspectos de mellora procederase a introducir as modificacións necesarias no Plan para poder realizar unha avaliación positiva do mesmo.

Respecto ao alumnado. Avaliarase o grao de consecución dos obxectivos do Plan en relación ás vantaxes do uso da tecnoloxía na aprendizaxe do alumno/a:

- Se favorece a construción de coñecemento en lugar da simple reprodución e mellora as súas habilidades de pensamento crítico.
- Se estimula o interese por aprender dos alumnos desmotivados e facilita a creatividade e a imaxinación utilizando as súas posibilidades expresivas.
- Se fomenta o traballo cooperativo entre compañeiros e favorece a comunicación do alumnado co seu entorno.
- Se posibilita a integración social dos alumnos/as con necesidades educativas especiais.

Respecto ao profesorado. Avaliarase o grao de consecución dos obxectivos do Plan en relación á integración da tecnoloxía no ensino que xestiona o profesorado:

- Se o aproveitamento das tecnoloxías no desenvolvemento das programacións resultou o máis adecuado.
- Se se participou activamente na valoración, adaptación e deseño de materiais.
- Se a información e a formación recibida resultou útil e con proxección na práctica diaria.

Respecto á organización dos recursos. Avaliarase o grao de consecución dos obxectivos do Plan en relación á organización dos recursos:

- Se os recursos dos que dispoñemos no centro son adecuados e se utilizan convenientemente para os obxectivos do Plan.
- Se a organización destes recursos é a máis idónea.

- Se existe compromiso e entusiasmo entre toda a Comunidade Educativa: mestres, alumnado e familias.
- Se se observa especial incidencia do Plan na práctica docente así como na contorna familiar do noso alumnado.

Na memoria do Equipo TIC recolleranse todos estes aspectos así como as conclusións derivadas das actuacións levadas a cabo ao longo de todo o curso, a fin de deixar constancia das propostas de mellora e poder elaborar así o Plan de Integración das TIC do próximo curso.

POLOS CREATIVOS

No curso 23-24 entramos en Polos Creativos mediante a realización dun seminario presencial dentro dos PFPP por parte do Equipo TIC e outros mestres interesados. Os obxectivos acadados foron: a capacitación do persoal docente no uso de das máquinas de plóter, así como a súa integración no currículo escolar; o asentamento das bases para crear un grupo de xestión para a incorporación destes recursos; o deseño de traballos coa maquinaria dispoñible no seminario (un deseño inicial e un produto final) e a sensibilización e motivación sobre tecnoloxías creativas.

Durante o curso 24/25 queremos levalo á práctica no centro. A coordinadora de Polos Creativos é Laura Pérez Sarmiento.

Agardando a chegada de diferente equipamento, pretendemos, como obxectivos xerais:

- Organizar e adaptar aos espazos do centro para facer posible o uso dos recursos, baseándonos na investigación, experimentación e manipulación segura dos diferentes utensilios por parte do profesorado e do alumnado.
- Dinamizar e coordinar o traballo en equipo para a resolución de problemas reais.
- Deseñar accións encamiñadas a desenvolver a capacidade do alumnado para regular a súa aprendizaxe, potenciar a súa creatividade e iniciativa persoal, integrando os polos creativos no currículo escolar.
- Establecer formación en manexo técnico, coidado e mantemento do equipamento de Polos, por parte de todo o profesorado e, establecendo cauces de comunicación co coordinador/a para comunicarlle o uso ou dúbidas que poidan xurdir, así como o fomento da participación e visibilización do traballo realizado no centro.

ANEXO I : LISTADO LIBROS DE TEXTO 24-25

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO IMPRESO PARA O CURSO 2024/2025		
Código del centro: 36009895	Denominación do centro: CEIP Plurilingüe Nº2 Tui	
Enderezo: Avda. Concordia s/n	Concello: Tui	Provincia: Pontevedra
Correo electrónico: ceip.numero2.tui@edu.xunta.es	Teléfono: 886120057	Fax: 886120058

CURSO E ETAPA	ÁREA DA MATERIA	TÍTULO, AUTOR, EDITORIAL E ANO DE PUBLICACIÓN	ISBN	LINGUA EDICIÓN
4 ANOS	Matemáticas	Mate+ Matemáticas manipulativas 4 anos. SANTILLANA	978-84-6805-905-1	Castelá

CURSO E ETAPA	ÁREA DA MATERIA	TÍTULO, AUTOR, EDITORIAL E ANO DE PUBLICACIÓN	ISBN	LINGUA EDICIÓN	EDICIÓN
1º EP	LINGUA G.	1PRI LECTOESCRITURA Construíndo mundos (1-1) OBRADOIRO SANTILLANA	978-84-9185-399-2	Galego	2022
1º EP	LINGUA G.	1PRI LINGUA Construíndo mundos (1-2) OBRADOIRO SANTILLANA	978-84-9185-532-3	Galego	2022
1º EP	MATEMÁT.	1PRI Mate + Matemáticas para pensar SANTILLANA	978-84-680-7894-6	Castelán	2022
1º EP	RELIXIÓN	Religión católica 1 Ven y verás. ANAYA	978-84-698-9718-8	Castelán	
1º EP	INGLÉS	All about us now 1. Class Book with digital book. OXFORD	978-0-19-407422-3	Inglés	

CURSO E ETAPA	ÁREA DA MATERIA	TÍTULO, AUTOR, EDITORIAL E ANO DE PUBLICACIÓN	ISBN	LINGUA EDICIÓN	EDICIÓN
2º EP	LINGUA G.	2PRI Lingua Construíndo mundos. OBRADOIRO SANTILLANA	978-84-9185-675-7	Galego	2023
2º EP	MATEMÁT	2PRI Mate + Matemáticas para pensar. SANTILLANA	978-84-144-0885-8	Castelán	2023
2º EP	LENGUA	Lecturas comprensivas 6 (Párrafos). José Martínez Romero. Editorial GEU	978-84-17748-39-5	Castelán	

2º EP	LENGUA	Lecturas comprensivas 7 (Texto 1). José Martínez Romero. Editorial GEU	978-84-17748-40-1	Castelán	
2º EP	RELIXIÓN	Religión católica 2. Ven y verás. ANAYA	978-84-696-9722-5	Castelán	
2º EP	INGLÉS	All about us now 2. OXFORD	978-0-19-407443-8	Inglés	

CURSO E ETAPA	ÁREA DA MATERIA	TÍTULO, AUTOR, EDITORIAL E ANO DE PUBLICACIÓN	ISBN	LINGUA EDICIÓN	EDICIÓN
3º EP	LINGUA	3 PRI LINGUA Construíndo mundos. 2022 OBRADOIRO	978-84-9185-409-8	GAL	2022
3º EP	LENGUA	3PRI LENGUA Construyendo mundos Mochila ligera 2022. Santillana	978-84-680-7201-2	CAS	
3º EP	MATEMÁTICAS	3 PRI MATEMÁTICAS. Construyendo mundos. Mochila ligera. SANTILLANA	978-84-680-7136-7	CAS	2022
3º EP	C. NATURAIS	3 PRI CC DA NATUREZA. Construíndo mundos. 2022	978-84-9185-410-4	GAL	2022
3º EP	C. SOCIAIS	3 PRI CC. SOCIAIS Construíndo mundos. 2022. Obradoiro	978-84-9185-416-6	GAL	2022
3º EP	INGLÉS	All About Us Now 3. Class Book 2022. Oxford with digital book	978-01-9407-465-0	ING.	
3º EP	INGLÉS	All About Us Now 3. Activity Book 2022. Oxford +alk with digital B	978-01-9407-7384-4	ING.	

de Tui 

CURSO E ETAPA	ÁREA DA MATERIA	TÍTULO, AUTOR, EDITORIAL E ANO DE PUBLICACIÓN	ISBN	LINGUA EDICIÓN	EDICIÓN
4º EP	LINGUA G.	4PRI LINGUA Construindo mundos. OBRADOIRO. Santillana	978-84-9185-705-1	Gal.	2023
4º EP	LENGUA	4PRI LENGUA Construyendo mundos Santillana	9788414407387	Cas.	2023
4º EP	MATEMÁT	4PRI Matemáticas. Construyendo mundos. Santillana	978-84-144-0769-1	Cas.	2023
4º EP	C NATURAIS	4PRI CC. DA NATUREZA Construindo mundos. OBRADOIRO. Santillana	978-84-9185-692-4	Gal.	2023
4º EP	CC SOCIAIS	4PRI CC. SOCIAIS. Construindo mundos. Obradoiro Santillan	978-84-9185-698-6	Gal.	2023
4º EP	INGLÉS	4º EP de OXFORD All about us 4 Class Book	978-0-19-407480-3	Ing.	
4º EP	INGLÉS	4º prim. All about us activity book pack. Oxford.	978-0-19-407384-4	Ing.	

CURSO E ETAPA	ÁREA DA MATERIA	TÍTULO, AUTOR, EDITORIAL E ANO DE PUBLICACIÓN	ISBN	LINGUA EDICIÓN	EDICIÓN
5º EP	LINGUA	Caderno Língua 5 PRIM. Saber facer contigo. Obradoiro Santillana	978-84-9185-231-5	GAL	2020
5º EP	INGLÉS	Macmillan steps into English 5 Activity book pack	9781380056016	INGLÉS	

CURSO E ETAPA	ÁREA DA MATERIA	TÍTULO, AUTOR, EDITORIAL E ANO DE PUBLICACIÓN	ISBN	LINGUA EDICIÓN	EDICIÓN
6º EP	INGLÉS	Macmillan steps into English 6 Activity book pack	9781380056108	INGLÉS	

PLAN DE IGUALDADE

CEIP Plurilingüe Nº 2 TUI

Código: 36009895

ÍNDICE

1. Introducción
2. Contextualización normativa e do centro
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGTBIfobia
4. Obxectivos coeducativos
5. Medidas concretas de actuación
 - 5.1. Organización do centro.
 - 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
 - 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
 - 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
6. Seguimento, avaliación e mellora do plan
7. Concreción do Plan de Igualdade para o curso 2024 / 2025

1. INTRODUCCIÓN

Realizamos o noso Plan de Igualdade seguindo as directrices da Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

O Plan de Igualdade no ámbito educativo ten como obxectivo xeral principal que a actividade educativa estea dirixida de xeito transversal a contribuír a construción dunha sociedade na que a igualdade de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

Se queremos formar dunha maneira integral ao noso alumnado, a formación en igualdade cobra especial relevancia. A escola debe transmitir valores, actitudes e normas que favorezan

comportamentos de respecto aos demais, desenvolvendo todas as capacidades individuais nunha convivencia baseada na efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, nunha transmisión de valores baseados na paz e na igualdade e nunha aprendizaxe do respecto á diversidade.

Este Plan busca ofrecer pautas para a promoción da igualdade de xénero, a **coeducación** e a prevención da violencia de xénero, incorporando de forma integrada e transversal a perspectiva de xénero nas actuacións e documentos do centro, materiais, situacións de aprendizaxe... procurando a implicación de toda a comunidade educativa.

O Plan de Igualdade baséase nos **principios de transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades e visibilidade**.

“Ata que non teñamos igualdade en educación
non conseguiremos ser unha sociedade igualitaria”

Sonia Sotomayor (xuíza estadounidense)

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Para elaborar este Plan de Igualdade tivemos en conta a seguinte normativa vixente:

Normativa estatal.

- Constitución Española de 1978.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Normativa autonómica.

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.

O noso centro ten unha visión construtiva e positiva en relación a convivencia, polo que as actuacións no mesmo van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver os conflitos a través da participación, o establecemento de boas canles de comunicación e a prevención de problemas de conduta. No noso Plan de Convivencia atopamos obxectivos orientados a fomentar a igualdade de oportunidades e a previr a violencia de xénero:

- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo ou idade, introducindo actividades inclusivas, tanto na linguaxe (non sexista) como na metodoloxía e nas relacións persoais.
- Cimentar as relacións persoais no respecto mutuo, a comprensión, a solidariedade e a interiorización das normas de convivencia.
- Desenvolver no alumnado habilidades sociais e intelixencia emocional.
- Fomentar a existencia de actividades, espazos e tempos para mellorar as relacións entre compañeiros/as.

Así mesmo, no Plan de Acción Titorial figuran tamén accións encamiñadas a buscar a integración de todo o alumnado favorecendo a participación activa e a mellora do clima escolar nas aulas realizando actividades de educación emocional e de educación en valores, integrando transversalmente no currículo unha educación non sexista.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBifobia

Todo plan debe partir dun diagnóstico do contexto ao que se vai a aplicar con obxecto de coñecer a realidade e, a partir de aí, propoñer unha serie de metas e obxectivos a alcanzar e deseñar as estratexias necesarias para a súa consecución.

Entre os criterios de agrupamento do alumnado que figuran no noso PAT está a procura da paridade de sexos, polo que repartimos aos nenos e nenas nos grupos para que queden o máis equilibrados posible, utilizando a orde alfabética.

Ata o momento actual, ano académico 2024/2025, non temos constatado situacións que impliquen a necesidade de iniciar actuacións ante posibles casos de violencia de xénero ou LGTBIfobia.

Poderemos empregar cuestionarios/enquisas para coñecer a visión do profesorado/alumnado/familias acerca de temas relacionados coa igualdade de xénero.

4. OBXECTIVOS EDUCATIVOS

Obxectivo xeral:

Desenvolver prácticas educativas que promovan a eliminación de estereotipos sexistas e favorezan nas nenas e nos nenos un desenvolvemento persoal satisfactorio e unha convivencia pacífica, con valores encamiñados á igualdade de oportunidades entre ambos sexos facéndoos quen de trasladalos ao resto da sociedade.

Obxectivos específicos:

4.1. Promoción de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Impregnar toda a práctica educativa de valores coeducativos, como un eixe fundamental da convivencia escolar.
- Sensibilizar ao profesorado da necesidade de educar transversalmente o concepto de igualdade.
- Educar na convivencia positiva e na resolución pacífica de conflitos.
- Educar valores persoais de respecto, empatía, xestión do enfado, colaboración...
- Dirixir a escola ata a eliminación de estereotipos tradicionais de xénero.
- Promover a existencia dun patio de recreo inclusivo.
- Fomentar unha linguaxe oral que inclúa a ambos sexos eliminando os estereotipos que permanecen na linguaxe cotiá.

- Consolidar unha linguaxe escrita coeducativa en todos os documentos do centro.
- Colocar e manter en uso un taboleiro sobre igualdade e convivencia.

4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero e de LGMTifobia.

- Difundir do Plan de Convivencia e dos procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia.
- Utilizar do Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, no caso de consideralo necesario.
- Manter unha comunicación fluída cos servizos sociais.

4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Traballar a educación emocional e de valores como base de formación da persoa que constrúe un autoconceito positivo de si mesmo/a e dos demais.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

5.1. Organización do centro:

- Revisión da linguaxe utilizada nos documentos oficiais do centro para asegurar que sexa non discriminatoria e non sexista.
 - Favorecer a representación de mulleres e homes nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
 - Equipo de Igualdade renovado dende o curso 21/22, no seo do Consello Escolar:
 - ✓ Ramiro García Entenza (equipo directivo)
 - ✓ Carmen Rebollo De Vigo (profesorado)
 - ✓ Manola Antonia Zafra González (orientación)
 - ✓ Sofía Cadenas Balseiro (familias)

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente dende unha perspectiva de xénero.
- Revisar o material didáctico empregado na aula.
- Realizar actividades de sensibilización na aula.

- Procurar, contando coa colaboración da AMPA e do Concello, a sensibilización das familias.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:

- Debido á situación sanitaria a colocación dun taboleiro no centro onde se poda difundir información a toda a comunidade educativa queda aplazada. Utilizaremos o blogue do DO.
- Promover lecturas coeducativas e de educación afectivo-sexual a través da biblioteca escolar.
- Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:

- Promover o respecto e o bo trato entre mulleres e homes e cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover a utilización de metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

No noso CEIP entendemos a avaliación como un medio de mellora do proceso.

Os criterios de avaliación que serán tidos en conta para determinar a calidade do plan serán:

- Adecuación do mesmo á situación real do centro.
- Logros acadados segundo os obxectivos propostos.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.
- Análise das actividades propostas.

Cando o consideremos necesario, utilizaremos para a recollida de datos entrevistas, cuestionarios e rexistros/escalas.

A análise e valoración dos datos acadados servirannos para establecer as propostas de mellora e as liñas de actuación do seguinte curso escolar.

7. CONCRECIÓN DO PLAN DE IGUALDADE PARA O CURSO 2024/2025

- Proposta de actividades en datas sinaladas (conxuntamente co Equipo de Biblioteca):

- 25 de novembro. Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 8 de marzo. Día Internacional da Muller.
- Outras conmemoracións que se consideren.
- Proporcionar información sobre a forma da linguaxe non sexista.
- Obradoiros organizados polos servizos sociais do Concello.
- Aplicación dun programa de educación afectivo sexual no terceiro ciclo de primaria.
- Calquera outra actividade coa que se presente a oportunidade de educar na igualdade.

ANEXO III: PLAN DE BENESTAR

PLAN DE BENESTAR
CEIP Plurilingüe Nº 2 TUI
 Código: 36009895

ÍNDICE

1. Introducción
 2. Xustificación
 3. Análise do contexto
 4. Obxectivos e indicadores
 5. Procedemento de seguimento
 6. Avaliación, modificación e difusión do plan
- ANEXO I Desenvolvemento do plan de benestar emocional

1. INTRODUCCIÓN

No compromiso co desenvolvemento integral de cada nena e neno do noso centro, así como o establecemento de relacións sociais adecuadas entre os membros da comunidade, recoñecemos a importancia fundamental do coidado emocional na vida en convivencia e o autocoidado. Este plan redáctase como faro que guía as nosas accións de cara a un entorno educativo enriquecedor, onde o benestar se converte na pedra angular dun crecemento académico e persoal sólido.

Neste programa de centro, destácase a esencia vital da educación emocional e o acompañamento emocional co alumnado. Recoñecemos que o desenvolvemento emocional xoga un papel crucial na formación de cidadáns equilibrados e resilentes. Ao fomentar un ambiente que valora a expresión emocional e brindar ferramentas para coñecer, comprender e xestionar estas emocións, non só cultivamos habilidades sociais, senón que tamén asentamos as bases para un aprendizaxe máis significativo.

A educación emocional, o acompañamento emocional, a mediación escolar e este plan de benestar supoñen estratexias básicas na vida do centro, xa que contribuirán a nutrir non so a mente, senón tamén o corazón de cada estudante, preparándoos para un futuro onde a empatía e a intelixencia emocional son ferramentas fundamentais.

2. XUSTIFICACIÓN

Segundo a Orde do 23 de agosto de 2023, pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros educativos de Galicia, elabórase este Plan de traballo, que se concretará anualmente na PXA a través de acción enfocadas ao logro dos obxectivos fixados no mencionado plan. Este documento asenta as súas bases no establecido na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025, que afirma que o sistema educativo debe contribuir a que as persoas que integran a comunidade educativa adquiran as habilidades interpersoais e intrapersoais necesarias para acadar un bo estado de saúde emocional.

3. ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEIP Plurilingüe N^o2 atópase na localidade de Tui (Pontevedra). É un centro que acolle alumnado da etapa de educación infantil e primaria, que suma un total de 18 unidades no curso 2024-2025. Estas unidades repártense do seguinte modo: 5 unidades en educación infantil e 13 unidades en educación primaria, que contabiliza un total de 330. Alumnado con procedencia diversa, tanto no referido á nacionalidade, cultura, situación socioeconómica....

Este volume de alumnado, fainos como centro, comprobar que a diversidade é unha realidade, polo que debemos dar resposta onde a saúde mental e o benestar son retos no día a día da nosa escola.

O noso centro sempre tivo un claro compromiso de cara este aspecto polo que, ata a data, o CEIP Plurilingüe N^o2 participou en diferentes programas con respecto a estes grandes desafíos.

No curso 2018/2019, o centro participou no programa ERASMUS +, promovendo un estilo de vida saudable e feliz sendo centro promotor do traballo das emocións, mindfulness, o autocontrol e a resiliencia. Este gran traballo realizouse con outros centros educativos europeos participantes no programa e con dedicación horaria a diario. Así mesmo, realizouse unha formación específica do programa con intercambios de docentes, formacións en liña e conferencias no propio centro.

Dende entón, o centro leva cursos participando en programas de formación do profesorado coma: Mindfulness, benestar emocional, mediación escolar e acompañamento emocional. Tamén esta inqueda vese reflectida nos documentos de centro, como é o caso do Plan Estratéxico de Mellora, elaborado no curso 2022-2023. Dentro deste Plan decatámonos pola liña de actuación A305 Miradas emocionais para mellorar a aprendizaxe. Con esta liña de actuación entendemos que o benestar emocional vai ser a pedra angular para o desenvolvemento académico das nenas e nenos do centro.

4. OBXECTIVOS E INDICADORES

Como se recolle na Guía para o desenvolvemento do plan de benestar emocional, cando se fala de benestar faise referencia a un concepto amplo que ten que ver non só coa experiencia subxectiva de se sentir ben, en harmonía e con tranquilidade, senón tamén coa experiencia persoal de satisfacción por ser quen de afrontar dificultades e superar de xeito positivo ou adaptativo as contrariedades que se presentan na vida cotiá. Partindo da realidade do noso centro e dos precedentes de actuación realizados ata a data, elabórase este plan de benestar que ten como finalidade ser un documento flexible adaptado á realidade do noso centro, onde se traballe os aspectos anteriormente detallados.

OBXECTIVO 1: Designar un coordinador/a do plan de benestar.

INDICADOR DE PROCESO

Seleccionarase un docente dentro do claustro para o desempeño da posta en marcha deste plan co asesoramento do DO e o equipo directivo. Este coordinador/a será designado por un período de dous anos no primeiro claustro do curso que corresponda. Priorizarase ao profesorado con destino definitivo, con maior dispoñibilidade horario, cunha formación específica de acompañamento e

benestar emocional e/ou aqueles docentes que mostren certo interese no desempeño desta función. Os coordinadores nomeados o ano pasado foron:

- M^ª Luisa Pérez Saracho (DO)
- Sheila Caride Fernández (mestra)

Este ano, debido a ausencia de ambas, o segundo ano de seguimento deste plan, exercerano:

- Manola Antonia Zafra González (DO)
- Carmen Rebollo De Vigo (mestra)

INDICADOR DO RESULTADO

Ao termo do curso, levarase a cabo unha avaliación das accións emprendidas polo coordinador/a do plan de benestar, co propósito de determinar en que medida a figura de benestar consolidouse coma un elemento esencial no funcionamento do centro. Este análise apoiarase con indicadores concretos, como o nivel de participación nas iniciativas de benestar, a percepción da comunidade educativa respecto a súa utilidade e eficacia, así como a integración efectiva de prácticas de benestar na escola. Este resultado contribuirá a fortalecer e axustar estratexias para potencias aínda máis o impacto positivo do coordinador/a e do plan de benestar na comunidade educativa.

OBXECTIVO 2: Fomentar e incrementar a participación do profesorado no plan de benestar de centro durante os próximos cursos escolares.

INDICADOR DE PROCESO

Realizar ao menos dúas sesións de capacitación, formación e sensibilización dirixidas ao profesorado, abordando temáticas relacionadas coa importancia do benestar no ámbito educativo, estratexias de autorregulación emocional e técnicas de manexo do estrés. O indicador considerarase acadado coa asistencia constante e participación activa dun groso do claustro.

INDICADOR DO RESULTADO

Aumenta significativamente a participación voluntaria do profesorado en actividades e programas específicos de benestar implementados no centro, como talleres de mindfulness, grupos de apoio emocional ou promoción de hábitos saudables.

OBXECTIVO 3: Fomentar a conciencia emocional nos estudantes.

INDICADOR DE PROCESO

Implementar sesións mensuais de educación emocional en todas as aulas, para elo, e seguindo as guías publicadas pola xunta, faise unha recompilación dalgunhas actividades que poden ser desenvoltas nestas sesións.

INDICADOR DO RESULTADO

Incremento significativo na capacidade dos estudantes para recoñecer e expresar de xeito preciso, respectuoso e reflexivo as súas emocións, evidenciado a través da utilización dunha linguaxe emocional articulada, a identificación consciente de estados emocionais propios e alleos, así como a aplicación de estratexias efectivas de regulación emocional en situacións diversas tanto no ámbito académico como na súa vida cotiá. Este progreso medirase mediante observacións directas, análise de mostras de expresión emocional e avaliacións formativas que reflexen un desenvolvemento integral da intelixencia emocional dos estudantes ao longo dun período específico de tempo, por exemplo, un trimestre.

OBXECTIVO 4: Mellorar as habilidades de regulación emocional.

INDICADOR DE PROCESO

Ofrecer talleres trimestrais de técnicas de relaxación e mindfulness. Estes talleres estarán deseñados para proporcionar aos estudantes ferramentas prácticas de autorregulación emocional e fomentar a atención plena, abordarán temáticas clave como a xestión do estrés, a promoción do equilibrio emocional e o desenvolvemento de hábitos saudables. Este enfoque sistemático e continuo procura non só dotar aos estudantes de ferramentas valiosas para a xestión das súas emocións e o manexo do estrés, senón tamén fomentar unha cultura escolar que priorice e celebre o benestar emocional dos alumnos como un elemento fundamental no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento persoal.

INDICADOR DO RESULTADO

Redución nas incidentes de conducta relacionados coa falta de regulación emocional. Este indicador reflicte a eficacia das medidas implementadas para abordar e mitigar os incidentes de conducta vinculados á ausencia de regulación emocional e a xestión do estrés. Para a avaliación do resultado dos talleres teremos en conta os seguintes parámetros: frecuencia das incidencias pre-post talleres, participación e compromiso dos participantes e desenvolvemento de habilidades específicas como a resiliencia e a atención plena e consciente ao seu estado anímico.

OBXECTIVO 5: Fortalecer as relacións interpersonais.

INDICADOR DE PROCESO

Planificar e levar a cabo actividades trimestrais que promovan a colaboración e a empatía entre o alumnado. Implementaranse actividades específicas en cada trimestre académico que fomenten a colaboración como poden ser proxectos en grupo, dinámicas de traballo, apadriñamentos... Ademais, estas actividades serán deseñadas de maneira que involucren a todo o alumnado, propiciando un ambiente inclusivo e solidario. A diversidade de enfoques e temas das actividades pretende abranguer distintas áreas de interese, contribuíndo así á participación activa e ao compromiso de todos os estudantes.

INDICADOR DO RESULTADO

Aumento significativo no número de estudantes que informan ter relacións positivas coas súas compañeiras/os. Esta avaliación será realizada a través de enquisas ou entrevistas periódicas dentro das titorías, onde os estudantes expresarán o seu sentir en relación coas súas interaccións sociais e o ambiente relacional na escola. Os resultados destas avaliacións proporcionarán información valiosa para avaliar a efectividade das actividades planificadas e implementadas, permitindo unha adaptación continua para asegurar que se están a cumprir os obxectivos de fortalecemento das relacións interpersoais na nosa comunidade escolar.

OBXECTIVO 6: Fomentar un ambiente de apoio emocional

INDICADOR DE PROCESO

Implementar un programa de mentores entre estudantes de maior e menor idade. Este programa buscará establecer relacións de apoio entre estudantes de maior experiencia académica e aqueles que están comezando a súa traxectoria escolar. Os mentores, que serán estudantes de cursos superiores, compartirán as súas experiencias, ofrecerán orientación académica e, máis importante aínda, proporcionarán apoio emocional aos estudantes máis novos.

Este programa será deseñado coa participación activa de docentes, departamento de orientación e por suposto, os estudantes que desexen participar como mentores. As actividades e interaccións planificadas buscarán promover unha conexión significativa, establecendo un ambiente propicio para o diálogo aberto e o apoio mutuo entre os membros da comunidade escolar.

INDICADOR DO RESULTADO

Mellora na percepción dos estudantes sobre a existencia dun ambiente de apoio emocional. A través de enquisas e conversas regulares, os estudantes expresarán a súa opinión sobre como perciben o apoio emocional na escola. O obxectivo é alcanzar unha mellora substancial nesa métrica, o que indicaría un cambio positivo na percepción global dos estudantes sobre a existencia dun ambiente onde se fomente o apoio emocional de maneira efectiva.

OBXECTIVO 7: Promover recursos para a xestión do estrés do profesorado.

INDICADOR DE PROCESO

Organizar e impartir charlas sobre o manexo do estrés, lideradas por profesionais especializados. Estas sesións serán conducidas por profesionais cualificados en psicoloxía e saúde mental, con experiencia específica no acompañamento do profesorado. As charlas non só se centrarán en ofrecer ferramentas prácticas para o control do estrés, senón que tamén abordarán aspectos relacionados co equilibrio entre a vida profesional e persoal, a importancia da auto-coidado e outras estratexias para manter unha saúde mental óptima.

A planificación das charlas incluírá a identificación de temas relevantes para o corpo docente, tomando en consideración as súas necesidades específicas e os desafíos que poidan estar afrontando no seu traballo diario. Ademais, promoveranse espazos de diálogo e intercambio de experiencias para fomentar un ambiente de apoio e comprensión mutua entre os profesionais da educación.

INDICADOR DO RESULTADO

Redución significativa das queixas relacionadas co estrés, tanto por parte do alumnado como do persoal docente. Esta redución pode ser tanxible a través de entrevistas ao profesorado así como do seguimento e evolución das situacións estresantes, tras introducir estratexias aprendidas e cambios conductuais.

OBXECTIVO 8: Involucrar as familias no benestar emocional.

INDICADOR DE PROCESO

Planificar obradoiros para as familias sobre como apoiar emocionalmente aos seus fillos/as. Co obxectivo de fortalecer a colaboración entre a escola e as familias, organizaranse talleres destinados ás familias. Nestes eventos, profesionais especializados ofrecerán información práctica sobre estratexias de apoio emocional para os fillos/as, abordando temas como a comunicación efectiva,

regulación emocional, a creación de ambientes de apoio e o recoñecemento de sinais de posible estrés nos estudantes. Serán deseñados para fomentar a participación activa das familias, incorporando actividades prácticas e oportunidades de intercambio de experiencias.

INDICADOR DO RESULTADO

Incremento da participación das familias en eventos e actividades relacionadas co benestar emocional. Levaranse a cabo rexistros de asistencia e realizaranse enquisas para obter feedback directo das familias sobre a súa percepción e satisfacción cos talleres e/ou eventos.

OBXECTIVO 9: Intervir proactivamente en casos de necesidade.

INDICADOR DE PROCESO

Establecer un equipo de intervención emocional para abordar casos identificados. Co obxectivo de garantir unha resposta eficaz ante necesidades emocionais específicas dos estudantes, establecerase un equipo especializado en intervención emocional. Este equipo estará composto polo coordinador de benestar, o xefe/a do departamento de orientación, o titor se procede, e outros docentes que impartan docencia que mostren unhas calidades persoais e formativas óptimas para o acompañamento emocional. A intervención deste equipo estará orientada a traballar en estreita colaboración co persoal docente para identificar e abordar casos de necesidade emocional entre os estudantes, establecerá estratexias personalizadas e fará un seguimento continuo para asegurar un apoio a longo prazo. Ademais, fomentarase a colaboración coas familias para garantir un enfoque integral e coordinado na atención ás necesidades emocionais dos estudantes.

INDICADOR DO RESULTADO

Redución significativo dos casos de absentismos relacionados a problemas emocionais, e a toma de rexistro de incidencias vinculadas a desequilibrios emocionais. Farase un seguimento de casos, por parte do equipo de acompañamento de cada caso.

OBXECTIVO 10: Integrar o benestar emocional no currículo.

INDICADOR DE PROCESO

Elaborar materiais educativos para integrar conceptos de benestar emocional nas clases regulares. Co propósito de asegurar a inclusión do benestar emocional no proceso educativo, desenvolveranse materiais didácticos específicos que incorporen conceptos relacionados coa intelixencia emocional nas clases regulares.

Os materiais educativos serán deseñados para abordar temas como o recoñecemento e xestión de emocións, a empatía, a resiliencia emocional e outras habilidades emocionais relevantes. Ademais, promoveranse enfoques prácticos que poidan ser integrados de maneira efectiva no currículo existente, garantindo unha implementación sinxela nas clases regulares.

INDICADOR DO RESULTADO

Incremento na comprensión e aplicación de habilidades emocionais por parte do alumnado Para medir o éxito da integración do benestar emocional no currículo, utilizarase como indicador principal o aumento na comprensión e aplicación de habilidades emocionais. Realizaranse avaliacións periódicas da evolución das habilidades emocionais, así como a súa aplicabilidade no día a día dos estudantes.

O obxectivo é lograr un incremento substancial, o que indicará unha mellora significativa na preparación dos estudantes para recoñecer, comprender e xestionar as súas emocións. Estes resultados non só reflicten a efectividade do enfoque de benestar emocional integrado no currículo, senón que tamén ofrecen unha base sólida para a adaptación e mellora continua do programa en resposta ás necesidades cambiantes dos estudantes.

OBXECTIVO 11: Avaliar periodicamente o benestar emocional.

INDICADOR DE PROCESO

Realizar un análise do benestar emocional de cada grupo nas sesións de avaliación así como un seguimento dos casos con maior necesidade. Estas sesións serán desenroladas de forma sensible e confidencial, recollendo percepcións e experiencias relacionadas co benestar emocional dos estudantes e do persoal. Estas valoracións do equipo docente deben abordar diversos aspectos do benestar emocional, como o nivel de satisfacción co ambiente escolar, a percepción de apoio emocional, e as estratexias individuais de xestión do estrés. Ademais, buscaranse comentarios cualitativos para obter unha comprensión máis profunda das necesidades específicas de cada participante.

INDICADOR DO RESULTADO

Manter ou mellorar as puntuacións de benestar emocional ao longo dos cursos. Analizaranse as tendencias e variacións nas valoracións ao longo do tempo, identificando áreas específicas de forza e áreas que requiren intervención adicional. En caso de áreas de mellora identificadas, desenvolveranse plans de acción específicos para abordar as necesidades e garantir unha atención

axeitada ao benestar emocional dos estudantes e do persoal. Este enfoque sostible permitirá unha adaptación continua das prácticas e recursos en resposta á evolución das dinámicas emocionais na comunidade escolar.

5. PROCEDEMENTO DO SEGUIMENTO

Farase un seguimento trimestral e anual da posta en marcha das diferentes iniciativas e da situación emocional do alumnado. Algunhas das estratexias que permitirán este seguimento serán:

- Realizar reunións regulares para compartir información sobre o plan de benestar como na Comisión de Coordinación Pedagóxica ou nas reunións do departamento de orientación.
- Establecer canles de comunicación aberta para recibir comentarios e ideas do profesorado co coordinador do plan.
- Implementar dentro da formación permanente do profesorado, formacións específicas sobre o acompañamento e benestar emocional.
- Revisar a documentación de centro tal como PXA, programación e plans de apoio para a promover o traballo emocional en diferentes ámbitos.
- Realizar enquisas anónimas por parte da comunidade educativa.
- Fomentar a participación en actividades extraescolares e complementarias que promovan a interacción social positiva.
- Crear murais ou exhibicións visuais que destaquen mensaxes positivos e de apoio emocional.
- Establecer un sistema de “caixa de suxestións” para que os estudantes e o persoal docente poida proporcionar comentarios anónimos sobre o ambiente emocional.
- Fomentar un sistema de apoio entre compañeiros/as para que o persoal docente poida compartir estratexias efectivas para xestionar o estrés.
- Aumentar a formación do profesorado para que sexa quen de establecer un sistema de alerta temperá que identifique signos de problemas emocionais.
- Incorporar o balance do plan de benestar na memoria final de curso.

6. AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E DIFUSIÓN DO PLAN

A avaliación continua do plan de benestar no ámbito educativo é crucial para asegurar a súa efectividade e relevancia ao longo do tempo. Este proceso vai máis aló dunha simple revisión anual, involucrando a recompilación de datos e retroalimentación de

diversas fontes dentro da comunidade escolar. A avaliación permite medir o progreso cara aos obxectivos establecidos e entender como as estratexias implementadas impactan na comunidade educativa. Establecer indicadores clave de rendemento proporciona unha base cuantificable para avaliar o éxito do plan, desde a participación do profesorado ata o impacto observado no benestar emocional dos estudantes.

A flexibilidade inherente a este plan de benestar é esencial. Ao consideralo como un documento vivo, recoñécese a necesidade de axustes e adaptacións en función dos cambios na dinámica escolar, novas investigacións sobre benestar emocional, ou incidentes e eventualidades imprevistos. A revisión e modificación do plan deben ser procesos continuos e áxiles. A retroalimentación do persoal, os estudantes e as familias desempeña un papel fundamental en identificar áreas de mellora e axustar estratexias para abordar as cambiantes necesidades da comunidade educativa.

Ademais, a difusión do plan de benestar é esencial para o seu éxito. A comunicación transparente e efectiva asegura que todos os membros da comunidade educativa estean informados e comprometidos. Organizar sesións informativas regulares, utilizar diversas canles de comunicación como boletíns, redes sociais e reunións, e proporcionar recursos en liña son mecanismos clave para difundir información sobre o plan.

Eventos especiais, como escolas de familias de benestar emocional e charlas maxistráis, non só destacan a importancia do benestar emocional, senón que tamén ofrecen oportunidades para a participación activa da comunidade. A colaboración con organizacións locais e a participación en eventos provinciais e autonómicos amplían o alcance do plan máis aló das paredes da escola, integrando o benestar emocional no tecido mesmo da comunidade educativa. En resumo, a avaliación constante, a flexibilidade e unha difusión efectiva son elementos cruciais para garantir o impacto duradeiro dun plan de benestar nunha contorna educativa.

ANEXO I DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL

Que é o benestar emocional?	Sentirse en harmonía e con tranquilidade sendo quen de afrontar dificultades e superar de xeito positivo ou adaptativo as contrariedades que se presentan na vida cotiá.
-----------------------------	--

Quen poderá levar a cabo as actuacións?	O profesorado ou profesorado titor, en colaboración co DO.
Cando actuaremos?	Cando se produzan situacións de malestar en relación á convivencia e á aprendizaxe.

Estratexias para utilizar co alumnado

Malestar: desregulación: reacción desmesurada ante situacións complexas, cambiantes ou incertas.
<ol style="list-style-type: none"> 1. Establecer seguridade. 2. Axudarlle a recoñecer e aceptar a emoción. 3. Establecer a calma. 4. Acompañar ao alumno/a, por parte dunha persoa de referencia, para axudarlle a establecer unha conexión entre pensamentos, sentimentos e comportamentos. 5. Aprender alternativas saudables para afrontar novos malestares expresando a emoción de xeito regulado.

Malestar: enfrontamento: confrontación con descortesía (incumprimento das normas de xeito violento ou desafiante).
<ol style="list-style-type: none"> 1. Acougar, protección do alumnado. 2. escoitar de forma activa facilitando a reflexión. 3. Asumir responsabilidades e reparar mediante un diálogo restaurativo.

Malestar: illamento: inhibición no afrontamento.
<ol style="list-style-type: none"> 1. Coidar o proceso de acollemento. 2. Crear sentimentos de pertenza, organizando actividades de coñecemento mutuo e cohesión. 3. Deseñar canles de participación para o alumnado na xestión da convivencia diaria.

Malestar: apatía
<ol style="list-style-type: none"> 1. Analizar o proceso de aprendizaxe. 2. Activar a creatividade.

3. Incorporar ferramentas que permitan conectar as aprendizaxes.

Malestar: desorganización, inseguridade e bloqueos

1. Analizar o proceso de aprendizaxe para identificar posibles dificultades.
2. Examinar os hábitos persoais.
3. Planificar e organizar as tarefas e actividades diarias.
4. Autoavaliar a curto prazo o plan e pedir axuda se se precisa.

Malestar: ineficacia (frustración ante as dificultades para comprender, sentirse competente e alcanzar metas de aprendizaxe).

1. Analizar o proceso de aprendizaxe para identificar posibles dificultades.
2. Pedir e recibir axuda.
3. Avaliar, a medio prazo a autoeficacia ante a aprendizaxe.

Estratexias para utilizar co profesorado

Malestar: desgaste profesional (dificultade para afrontar o cansazo e a tensión emocional)

1. Falarse ben.
2. Definir e delimitar o rol profesional e a tarefa educativa.
3. Buscar apoio entre os compañeiros/as.
4. Reforzar a capacidade de superar situacións adversas e confiar nun/ nunha mesmo/a.

Malestar: crispación (dificultades para construír unha convivencia positiva no centro e na aula).

1. Coñecemento e cohesión entre o profesorado para mellorar o clima do centro.
2. Formar equipos e organizar as tarefas de xeito cooperativo.
3. Mellorar o clima da aula, fortalecer vínculos e reforzando autoridade.
4. Coidar os espazos do centro e da aula.

Malestar: frustración (dificultades para acompañar ao alumnado na súa organización e planificación).

1. Analizar as debilidades e fortalezas do alumnado.
2. Reflexionar sobre as propias debilidades e fortalezas cara a aprendizaxe e o grupo.
3. Planificar estratexias tendo en conta o reflexionado previamente.

4. Realizar seguimento das estratexias establecidas.

Malestar: atafego (inseguridade ante a realización do traballo docente. 1. Manter a calma: reflexionar e relativizar).

1. Priorizar e tomar decisións en equipo.
2. Acordar unha meta común de centro e establecer a formación para a alcanzar.
3. Reforzar a confianza e a seguridade na profesionalidade propia.

Estratexias para utilizar coas familias

Malestar: desencontro (falta de confianza mutua, cuestionamentos, dificultades na coperación e acompañamento).

1. Estar ao tanto das informacións do centro.
2. Preguntar confiando calquera dúbida, preocupación, malestar...
3. Asistir e participar nas reunións, convocatorias, titorías...
4. Colaborar e corresponsabilizarse nas celebracións, actividades...

Malestar: desorientación (dúvidas e preocupacións ante a crianza, ansiedade, inseguridade...).

1. Conectar cos malestares.
2. Reflexionar sobre o rol e a función da familia hoxe.
3. Construír criterios saudables de crianza.

Malestar: estrés (situacións conflitivas na convivencia familiar que fan aparecer falta de autoridade, desacougo, sobreprotección, excesiva dependencia...).

1. Calmar e realizar correulación emocional.
2. Establecer comunicación afectiva.
3. Realizar diálogos restaurativos.
4. Aprender a transformar.

Estas estratexias veñen desenvolvidas na GUÍA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL. Xunta de Galicia.

ANEXO IV: ACTAS: APROBACIÓN DA PXA CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR

Tui, 8 de outubro de 2024

Dona Carmen Rebollo De Vigo, secretaria do CEIP Plurilingüe Nº 2 de Tui, comunícalle que na xuntanza do Claustro de profesores celebrada o día 8 de outubro de 2024, no terceiro punto do día, tratouse a Programación Xeral Anual do curso 2024-2025.

Asistiron 27 mestres/as.

Trala explicación dos principais puntos polo Equipo Directivo e varias intervencións, decídese aprobar por unanimidade dos asistentes.

Vº e Prace

A Secretaria

O Director

Ramiro García Entenza

Carmen Rebollo De Vigo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL.

SERVIZO DE INSPECCIÓN EDUCATIVA DE VIGO.

Praza da Estrela. Vigo.

Tui, 8 de outubro de 2024

Dona Carmen Rebollo De Vigo, secretaria do CEIP Plurilingüe Nº 2 de Tui, comunícalle que na xuntanza do Consello Escolar celebrada o día 8 de outubro de 2024, no terceiro punto do día, tratouse a Programación Xeral Anual do curso 2024-2025.

Asistiron á xuntanza D. Ramiro García Entenza, Dna Carmen Rebollo De Vigo, Beatriz González Rodríguez, Sara García Camino, María José Carrete Marcos e Rosa M^a Alfaya Vila, Alfonso Fontenla Fernández, Sofía Cadenas Balseiro, Beatriz Márquez Covelo, José Ramón Sánchez-Puga Gago e José Javier Pérez Estévez. Tres representantes do profesorado, catro representantes dos pais/nais, o representante do persoal non docente e o Equipo Directivo, agás un representante do concello (Dna Sonsoles Vicente Solla).

Trala explicación dos principais puntos polo Equipo Directivo e algunhas intervencións, decídese aprobar por unanimidade dos asistentes (11 votos a favor).

Vº e Prace

A Secretaria

O Director

Ramiro García Entenza

Carmen Rebollo De Vigo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL.

SERVIZO DE INSPECCIÓN EDUCATIVA DE VIGO.

Praza da Estrela. Vigo.